

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 20

SESION ORDINARIA DO 4 DE NOVEMBRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Punte, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobade Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel

Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Viéitez Alonso, Henrique

NON ASISTE:

Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dez horas e trinta e cinco minutos do día catro de novembro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira (con retraso), Barros Punte, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e máis o interventor xeral, don Juan Ramón González Carnero.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Imos gardar un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero durante este mes.

A Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos postos en pé gardan un minuto de silencio.

1.-(223).- DAR CONTA DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE DE DATA 26.09.05, POLO QUE COMUNICA A DESIGNACIÓN DE VOCEIRA E VOCEIRO ADXUNTO DO DEVANDITO GRUPO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 26 de setembro de 2005 o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE comunica á Secretaría Xeral do Concello que "actuará coma Voceira a Concelleira dona María Xosé Porteiro García e como Voceiro Adxunto o Concelleiro Xulio Calviño Rodríguez".

Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

2.-(224).- DAR CONTA DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE DATA 13.10.05, POLO QUE COMUNICA SUBSTITUCIÓN DA REPRESENTANTE DO DEVANDITO GRUPO NO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de outubro de 2005, o voceiro do Grupo Municipal do BNG notifica a substitución de D^a Carmen Adán Villamarín por D^a María Méndez Piñeiro coma representante do BNG no Consello Municipal da Muller.

Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

3.-(225).- DAR CONTA DO ESCRITO DE DATA 13.10.05 DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, COMUNICANDO NOVA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO DEVANDITO GRUPO NAS DIFERENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de outubro de 2005, o voceiro do Grupo Municipal do BNG comunica o nomeamento de novos representantes do seu Grupo municipal nas Comisións Informativas:

Comisión Informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico

Carlos Cotobade Tombo
Amador Fernández Fernández
María Méndez Piñeiro

Suplentes:

Henrique Viéitez Alonso
Silvia Bermúdez Pérez
Margarida Martíns Vilanova

Comisión Informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local

Henrique Viéitez alonso
Silvia Bermúdez Pérez
María Méndez Piñeiro

Suplentes:

Carlos Cotobade Tombo
Margarida Martíns Vilanova
Amador Fernández Fernández

Comisión Informativa de Servicios Xerais

Amador Fernández Fernández
María Méndez Piñeiro
Henrique Viéitez alonso

Suplentes:

Carlos Cotobade Tombo
Silvia Bermúdez Pérez
Margarida Martíns Vilanova

Comisión Informativa de Xestión Municipal

Henrique Viéitez alonso
María Méndez Piñeiro
Margarida Martíns Vilanova

Suplentes:

Silvia Bermúdez Pérez
Carlos Cotobade Tombo
Amador Fernández Fernández

Comisión Informativa de Asuntos Sociais

Silvia Bermúdez Pérez
María Méndez Piñeiro
Margarida Martíns Vilanova

Suplentes:

Carlos Cotobade Tombo
Henrique Viéitez Alonso
Amador Fernández Fernández

Comisión Informativa de Mobilidade e Seguridade

Henrique Viéitez Alonso
Amador Fernández Fernández
Margarida Martíns Vilanova

Suplentes:

María Méndez Piñeiro
Carlos Cotobade Tombo
Silvia Bermúdez Pérez

Comisión Informativa de Control da Contratación

Henrique Viéitez Alonso
Amador Fernández Fernández
Margarida Martíns Vilanova

Suplentes:

María Méndez Piñeiro
Carlos Cotobade Tombo
Silvia Bermúdez Pérez

Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

Incorpórase á sesión o concelleiro Sr. Arias Moreira.

4.-(226).- NOMEAMENTO POR SUBSTITUCIÓN DE REPRESENTANTE CORPORATIVO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE NO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 11 de outubro de 2005, a voceira do Grupo Municipal Socialista envía á Secretaría Xeral escrito que di o seguinte:

"Como consecuencia da renuncia de Ventura Pérez Mariño á súa acta de concelleiro, queda vacante un posto coma membro do Pleno da Mancomunidade.

Con este escrito comunicámoslle que o novo membro de dito Pleno en representación do GM Socialista será a concelleira María Xosé Porteiro García".

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear a D^a María Xosé Porteiro García membro do Pleno da Mancomunidade de Municipios da Área Intermunicipal de Vigo en substitución de D. Ventura Pérez Mariño

5.-(227).- NOMEAMENTO POR SUBSTITUCIÓN DE REPRESENTANTE CORPORATIVO DO BNG NO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 13 de outubro de 2003, o voceiro do Grupo Municipal do BNG propón o nomeamento de D. Carlos Cotobad Tombo coma representante corporativo do BNG no Pleno da Mancomunidade de Municipios da Área Intermunicipal de Vigo en substitución de D. Santiago Domínguez Olveira

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión de data 24.10.05 dictaminou favorablemente a antedita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear a D. Carlos Cotobad Tombo como representante corporativo do BNG no Pleno da Mancomunidade de Municipios da Área Intermunicipal de Vigo en substitución de D. Santiago Domínguez Olveira.

6.-(228).- NOMEAMENTO POR SUBSTITUCIÓN DE REPRESENTANTE CORPORATIVO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data do Rexistro Xeral do 24 de outubro de 2005, o voceiro do Grupo Municipal do BNG propón a substitución de D. Santiago Domínguez Olveira por D. Carlos Cotobad Tombo coma representante corporativo do BNG no Instituto Municipal dos Deportes.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, na súa sesión de 24.10.05 dictaminou favorablemente a antedita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseís membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear a D. Carlos Cotobad Tombo como representante corporativo do BNG no Instituto Municipal dos Deportes en substitución de D. Santiago Domínguez Olveira.

7.-(229).- NOMEAMENTO POR SUBSTITUCIÓN DE REPRESENTANTE CORPORATIVO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data do Rexistro Xeral do 13 de outubro de 2005, o voceiro do Grupo Municipal do BNG propón a substitución de D. Xabier Toba Girón por D^a María Méndez Mariño coma representante corporativo do BNG na Xerencia Municipal de Urbanismo.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal en sesión do 24.10.05 dictaminou favorablemente a antedita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseís membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear a dona María Méndez Piñeiro coma representante corporativo do BNG na Xerencia Municipal de Urbanismo en substitución de don Xabier Toba Girón.

8.-(230).- NOMEAMENTO POR SUBSTITUCIÓN DE REPRESENTANTE CORPORATIVO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NA XUNTA RECTORA DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- Por medio de escrito, Rexistro de Entrada de data 13 de outubro de 2005, o voceiro do Grupo Municipal do BNG propón a substitución de don Xabier Toba Girón por don Carlos Cotobad Tombo coma representante corporativo do BNG na Xunta Rectora da Escola Municipal de Artes e Oficios.

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión de data 24.10.05, dictaminou favorablemente a antedita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteséis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear a don Carlos Cotobad Tombo como representante corporativo do BNG na Xunta Rectora da Escola Municipal de Artes e Oficios en substitución de don Xabier Toba Girón.

9.-(231).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA MODIFICANDO A ANTERIOR DE DATA 2 XANEIRO 2004 EN CANTO A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de outubro de 2005, a Excm. Alcaldesa do Concello de Vigo dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

"Mediante Resolución de data 2 de xaneiro de 2004 esta Alcaldía procedeu a estruturar en diferentes áreas os servizos e actividades xestionados e desenvolvidos polo Concello delegándose ó mesmo tempo nos Concelleiros de Área distintas atribucións, neste senso delegouse no Concelleiro da Área de Asuntos sociais -apartado Segundo epígrafe V- as atribucións correspondentes ás materias de sanidade e consumo mencionadas no subepígrafe e) do epígrafe citado.

A estreita relación existente entre as materias medioambientais e sanitarias recomenda que a coordinación de ambas se leve a cabo nunha mesma área organizativa, en virtude disto, ó amparo do sinalado no art. 124.4.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co previsto nos arts. 43 e seguintes do RD 1568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a miña Resolución de data 2 de xaneiro de 2004, publicada no BOP de data 30.01.2004, adscribindo ó Concelleiro Delegado da Área de Urbanismo e Medioambiente as atribucións que en materia de Sanidade e consumo corresponden ó Concelleiro Delegado da Área de Asuntos Sociais e en concreto aquelas que figuran mencionadas nos números 1 ó 10 do subepígrafe e) anteriormente citado.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ós Concelleiros afectados.

Terceiro.- Comunicar a presente Resolución ós xefes dos diferentes servizos municipais afectados.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

S.Ordinaria 04.11.05

Do anterior a Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

10.-(232).- ESTUDO DE DETALLE DA UA CEÁN-1. PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXPTE. 7811/411.

ANTECEDENTES: Con data 23.09.05 o técnico de admón. xeral de Planeamento e Xestión informa o que segue:

"O 10.07.02 don Enrique Castaño Valeiras, don Felix Rafael Castaño Valeiras, don Eugenio Alonso González, don Rafael Andón Senra e dona María del Carmen García Mallo, presentan escrito no que se solicitou o seguinte: "(...) a) Acuerde la aprobación inicial, la apertura del trámite de información pública y la aprobación definitiva del estudio de detalle del polígono unidad de actuación Cean 1 redactado por el arquitecto don Teodoro de Francisco Antes y visado por la Delegación en Vigo del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia con fecha 10 de abril de 2002. B) Acuerde la tramitación por el procedimiento abreviado así como la aprobación inicial, la apertura del trámite de información pública y la aprobación definitiva de los proyectos de estatutos, bases de actuación, compensación y urbanización del polígono unidad de actuación Cean 1 (...)"

O 12.02.03 o arquitecto da Oficina de Planeamento informou o seguinte: "(...) O ED presentado refírese ó ámbito da unidade de actuación 1 Ceán, delimitada no PXOU e incluída dentro do ámbito do núcleo 08 01 Carrasqueira D, cunha superficie de 7.136'22 m², segundo se expón no apartado situación e ámbito da memoria do ED. O obxecto deste ED, tal e como se recolle na memoria do mesmo, é a ordenación das diferentes áreas e a sinalización de aliñacións e definición de rasantes. A solución pretende dar cumprimento ó disposto na ficha do PXOU para esta UA. Estas condicións reproduciranse no apartado seguinte deste informe.

CONDICIÓNS URBANÍSTICAS:

De acordo co especificado no Plan Xeral de ordenación urbana de Vigo, vixente por aprobación definitiva do 29/04/93 (DOG 10/05/93), o terreo obxecto desta solicitude ten a seguinte clasificación e cualificación de solo:

Solo urbano, incluído no núcleo rural existente de recente formación 08 01 D Carrasqueira da parroquia de Coruxo.

De acordo coa disposición transitoria 1^a.1.e da LOUG, en plans de ordenación aprobados definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, como é o caso do PXOU vixente en Vigo, ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais delimitados ó amparo da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, ... , aplicaráselle integramente o disposto nesta Lei para o solo de núcleo rural.

S.Ordinaria 04.11.05

A ficha do PXOU fixa as seguintes características para esta UA:

DENOMINACIÓN: D SU UA 1 CEÁN

Superficie:	6.120 m ² .
Iniciativa de Planeamento:	Privada.
Obxectivos:	Completar o viario existente.
Edificabilidade residencial:	0'5 m ² / m ² .
Nº máximo de vivendas:	21
Espazos libres de dominio e uso público:	612 m ² .
Ordenanzas de aplicación:	1.3.D, 1.3.B, 3.1.A.a.

As características fixadas polo PXOU para as ordenanzas 1.3.D e 1.3.B son as seguintes:

1.3.D

- Parcela mínima:	180,00 m ² .
- Edificabilidade máxima:	1'0 m ² /m ² .
- Ocupación máxima:	55 %
- Altura máxima:	3 plantas
- Recuados mínimos:	3 m. ó fronte, 5 m. ó fondo e 0 m.ós laterais.

1.3.B

- Parcela mínima:	500,00 m ² .
- Edificabilidade máxima:	0,5 m ² / m ² .
- Ocupación máxima:	35 %
- Altura máxima:	2 plantas
- Recuados mínimos:	4 m.

* Nos sotos a ocupación máxima non superará o 70 % da superficie da parcela, con recuados mínimos a lindeiros de 1 m.

* No grao D autorízase, mantendo o recuado frontal para o resto da edificación, que con fronte máximo de 3 m. o garaxe se sitúe en fachada. Será preceptivo informe do departamento de tráfico.

Usos Autorizados:

Vivenda, garaxe aparcadoiro, artesanía, aloxamento colectivo, comercial, oficinas, espectáculos, lugares de reunión, relixioso, cultural, deportivo, sanitario, etc.

DESCRINCIÓN DA PROPOSTA:

A proposta presentada establece a formación de dous viais secundarios públicos, non recollidos nos planos do PXOU, no interior do ámbito do ED. Os dous viais son en fondo de saco; un deles parte da estrada do Vao e percorre o ámbito polo medio cun ancho de 8 m., e o outro parte do anterior cun ancho de 6 m.

Tamén se sitúa unha superficie de 755'75 m² destinada a zona verde, en cumprimento da ficha do PXOU que fixa a obriga de consecución dunha superficie de 612 m² para este uso.

O resto do ámbito cualifícase coa ordenanza 1.3.D, con parcela mínima de 180'00 m², e fíxanse recuados frontais e ó fondo, pero ningún recuado

lateral. A parcelación presentada, aínda que se entende como orientativa, presenta a posibilidade de facer 21 vivendas en fileiras, que nun caso chega a 5 vivendas seguidas, e noutro caso ata 11. Isto supón unha densidade de 29'43 viv/ha.

ANÁLISE DA PROPOSTA

O instrumento de Planeamento fixado polo PXOU para o desenvolvemento desta UA é o estudo de detalle e nel se traza a apertura de novos viais públicos. Isto enfrontase ó disposto no artigo 73.2.d no que se indica que os estudos de detalle en ningún caso poderán prever a apertura de vías de uso público que non están previstos previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.

Ademais do anterior, e como xa se indicou anteriormente, a nova Lei, na súa disposición transitoria 1ª.1.a, indica que en Planes de Ordenación aprobados definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, como é o caso do PXOU vixente en Vigo, ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais delimitados ó amparo da Lei 11/1.985, de adaptación da do solo a Galicia..., aplicaráselle integramente o disposto nesta Lei para o solo de núcleo rural. Isto supón o incumprimento das seguintes consideracións:

- 1/ A figura de planeamento de desenvolvemento no solo de núcleo rural é o Plan Especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, o cal deberá comprender a totalidade do núcleo rural. (art. 72.2 LOUG).
- 2/ Segundo o artigo 29.1.a, a parcela mínima edificable será de 300 m²..., o que se contrapón a ordenanza 1.3.D aplicada no ED, que permite unha parcela mínima de 180 m².
- 3/ Outra das condición da edificación que incumpre a ordenación proposta é a fixada no artigo 28.b que impide que dentro do núcleo rural se realicen vivendas encostadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

CONCLUSIÓN:

Dado que o estudo de detalle presentado, tal e como quedou exposto anteriormente, non cumpre coas determinacións da LOUG para os estudos de detalle e o solo de núcleo rural, infórmase desfavorablemente á aprobación inicial do estudo de detalle da UA 1 Ceán (...).

O 18.07.03 outorgouselle ós promotores un trámite de audiencia, non constando que se se presentaran alegacións.

Consta no expediente informe sobre a situación na que se encontra o ámbito na aprobación inicial do planeamento xeral.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Improcedencia da utilización do estudo de detalle para o desenvolvemento de polígonos ou unidades de actuación.- Tal e como se menciona no informe técnico, trala aprobación da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (mod. por Lei 15/04), o obxecto do estudo de detalle difire do establecido no ordenamento xurídico anterior. En efecto, o mesmo solo pode ter por obxecto a ordenación de volumes, o reaxuste de aliñacións e rasantes ou o

concretamento das condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento. En ningún caso se permite a apertura de viais non recollidos no PXOU ou a ordenación do ámbito, determinacións que son máis propias dun instrumento tipo plan especial ou parcial.

2.- Tipo de solo e réxime transitorio aplicable trala entrada en vigor da Lei 9/02.- O Plan Xeral de ordenación municipal de Vigo (aprobado definitivamente o 29.04.93, DOGA 10.05.93), ordenou o solo de acordo co réxime xurídico aplicable polo ordenamento en vigor. No momento da súa aprobación rexía a denominada Lei 11/85 de adaptación da Lei do solo a Galicia (Lasga) e o ámbito en cuestión está actualmente clasificado como urbano, incluído no núcleo rural existente de recente formación 08 01 D "Carrasqueira". Tralas dúbidas presentadas pola primitiva redacción da Lei 9/02 (disposición transitoria primeira-d, hoxe matizada pola Lei 15/04), o réxime xurídico aplicable neste momento é o previsto para o solo urbano. Dada a necesidade de realización dun proceso de xestión integral, é necesario cualificar o ámbito obxecto do estudo de detalle como urbano non consolidado.

3.- Situación urbanística tralo acordo de aprobación inicial do planeamento xeral de 30.12.04.- Según consta no expediente o ámbito está remitido novamente a un planeamento de desenvolvemento (APR A-2-21). A delimitación non coincide co ámbito do estudo de detalle de Ceán. Así mesmo existen modificacións con respecto ás zonas verdes, equipamento, ancho de viario, tipoloxía edificatoria etc... En definitiva, existe unha incompatibilidade co documento aprobado inicialmente.

4.- Dereito á tramitación do planeamento de desenvolvemento e influencia da suspensión de licenzas derivado do acordo de aprobación inicial do PXOM.- Os particulares dentro do dereito á tramitación do planeamento de desenvolvemento recollido nos artigos 6 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións e 79 da Lei 9/02, teñen dereito a un pronunciamento sobre a súa aprobación inicial, dado que existe a oportunidade que no trámite de información pública e audiencia, se chegue á convicción de que se evidencia a inviabilidade do planeamento pretendido. Según a STS de 30 de decembro de 1980 (RJ 1980\5112) *o dereito ó trámite é non denegable senón por motivos de estricta legalidade que lle afecten, posto que aqueles de oportunidade que teñen por finalidade modificacións ou melloras do proxectado, deben ser obxecto dos actos de aprobación provisional e definitiva (no mesmo sentido se pronuncian a STS de 21 de junio e 22 de outubro de 1985 e 28 de abril de 1986)*. No presente caso a incompatibilidade do instrumento con respecto ó planeamento en vigor é manifesta. Tal e como establece a xurisprudenza (Sala 3ª da A.T. de Madrid, Sentenza de 17 de febreiro de 1988, confirmada pola STS 16 de xuño de 1989-RJ 1989\4726), *é absurdo e contrario ás máis elementais regras da lóxica xurídica aprobar un instrumento urbanístico cuxa execución material vaia a dar lugar unha realidade física contraria ás previsións do ordenamento en vigor cando se produza dita consagración material*. Como quedou dito con anterioridade, a disconformidade co réxime xurídico aplicable trala aprobación da Lei 9/02 e o planeamento aprobado inicialmente é radical, ata o punto de non ser un instrumento posible para o desenvolvemento dunha zona que carece da urbanización consolidada. En definitiva, non procede a adopción doutro acordo que non sexa a desestimación.

5.- Potestade da Administración de alterar o planeamento.- A sentenza do Tribunal Supremo de 28.02.89, alude ó presente tema fundamentando o

seguinte: "...el principio de vigencia indefinida de los planes de ordenación urbana no pueden entenderse en un sentido estático, de perpetuación de la ordenación, sino como garantía de su estabilidad y permanencia. Esta postura no impide que la Administración ejercite sus facultades de revisión y modificación, cuando nuevos criterios o nuevas necesidades hagan necesaria o adecuada la actualización del planeamiento vigente en un momento determinado... no existe vinculación del plan actual a las determinaciones del anterior, ni en consecuencia, su alteración implica desconocimiento de derecho adquirido alguno salvo la concurrencia de un supuesto indemnizatorio (STS 28.01.00)... el hecho de que los terrenos estuviesen ordenados mediante plan parcial no representa obstáculo para la actuación del <ius variandi> que la Administración ostenta en materia de planeamiento y que se extiende también a aquellos que estén en curso de ejecución (STS 28.01.00). A alteración da ordenación ten un sólido fundamento na potestade regulamentaria (STS 24.11.81, RJ 5299). A lexitimación do *ius variandi* é utilizada como un medio de adecuación da normativa do solo ás necesidades e conveniencias de futuro. A opción territorial ou urbanística do planeamento anterior non vincula á Administración. A facultade innovadora se estende tanto en orden á clasificación como á cualificación do solo integrado no territorio que se vai a ordenar (STS 21.1.97, RJ 1865). Non hai determinación ningunha que, en caso de revisión do plan teña carácter de inmodificable (STJ La Rioja 21.7.00, RJ 1610). Incluso a facultade de revisión pode afectar a dereitos adquiridos polos propietarios, sen que limite o principio de seguridade xurídica (STS 2.11.82, RJ 7079), sen prexuízo da concurrencia dun suposto indemnizatorio, circunstancia que é evidente que no presente caso non concorre, dada a inidoneidade do instrumento proposto para o desenvolvemento dun solo carente de urbanización consolidada.

6.- Consecuencias da desestimación da tramitación do estudo de detalle.- Dado que a denegación da tramitación do estudo de detalle implica que o ámbito careza de ordenación, necesariamente procede a desestimación da tramitación das operacións de equidistribución e urbanización pretendidas no escrito de 10.07.02.

7.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De acordo co establecido no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a competencia para a aprobación inicial dun estudo de detalle corresponde á Xunta de Goberno local. Non obstante, de acordo co contido da sentenza 874/2003, de 27 de novembro (RJ 2004/77384), a competencia para desestimar a tramitación dun instrumento de planeamento corresponde ó órgano que teña atribuída a competencia para a súa aprobación definitiva e, no presente caso, correspondería ó Pleno. No marco do expediente 8559/411 formulouse consulta á secretaría da XMU, concluíndo que sería aconsellable que se acordase na Xunta de Goberno local. Polo tanto, o informante estima que para maior seguridade xurídica (salvo maior criterio), o presente asunto debe resolverse no seo da Xunta de Goberno local e tomar coñecemento o Pleno.
..."

A seguir o asinante formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión ordinaria do 29 de setembro de 2005, por maioría, propón ó Pleno a aprobación da proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito e de dereito, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a aprobación do "estudo de detalle da UA Ceán-1" presentado, por existir unha incompatibilidade evidente co planeamento en vigor e o ordenamento xurídico aplicable. Así mesmo, a incompatibilidade co planeamento aprobado inicialmente, implica a inviabilidade da proposta formulada. A falla de ordenación do ámbito implica a desestimación de calquera tipo de operación de equidistribución e urbanización.

Segundo.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, recurso contencioso-administrativo perante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a notificación do presente acordo.

11.- (233).- MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL 03.23 BARUXÁNS B. DESISTIMENTO. EXPTE. 9642/411.

ANTECEDENTES.- O día 24.08.05 o técnico de admón. xeral de Planeamento e Xestión informa o seguinte:

"FEITOS:

1.- En data 02/09/2002 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial "03-23-Baruxáns B" (expte. 5823/411). As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP núm. 206, do 25/10/2002.

2.- No 02/06/2005 o representante da entidade mercantil "Consulting Inmobiliario Inmovivienda, S.L." interpuxo na Xerencia de Urbanismo unha solicitude de modificación do Plan Parcial. Aportou a tal efecto memoria e planos asinados polos arquitectos D. Enrique Urdiales de Santiago e D. Enrique Marín Iraola, visados polo COAG no 20/05/2005.

3.- No 20/06/2005 o arquitecto e o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitiron un informe sobre a devandita solicitude, no que se formularon diversas obxeccións. Déuselle traslado dunha copia dese informe á interesada, que procedeu a respondelo mediante un escrito presentado no día 20/07/2005. Nél solicitou, á vista do devandito informe municipal, que a nova ordenación proposta, en lugar de aprobarse como modificación puntual do Plan Parcial, se incorporase ó novo Plan Xeral en tramitación, previa formulación dun convenio urbanístico se fose necesario.

4.- Mediante oficio do 22/08/2005 o Xerente de Urbanismo remitiulle un exemplar da proposta de modificación ó equipo redactor do novo Plan Xeral para que a tivesen en consideración nél.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Á vista da anterior relación de feitos, e dado que xa se remitiu un exemplar da nova proposta de ordenación ó equipo redactor do PXOM, procede declarar concluso este procedemento de modificación puntual do Plan Parcial Baruxáns.

Neste senso, o citado escrito de "Consulting Inmobiliario Inmovivienda SL" do 20/07/2005 pode considerarse equivalente ó seu desistimento da solicitude de modificación do Plan Parcial, substituíndo a súa petición inicial de modificación do Plan Parcial pola de incorporación da nova ordenación ó PXOM en tramitación. De conformidade co disposto nos arts. 89 ó 91 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXA-PAC) procede aceptar dito desestimento, declarando rematado este procedemento.

É competente para dictar o acordo que agora se propón, o Pleno do Concello, de acordo co preceptuado no art. 123.1.i) LBRL."

A seguir o técnico propoñente formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2005, acordou propoñerlle ó Pleno a aprobación da proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteséis membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de feito e de dereito, acórdase:

Primeiro.- Ter por desistido á entidade mercantil "Consulting Inmobiliario Inmovivienda, S.L." na súa solicitude do 02/06/2005 de modificación do Plan Parcial "03-23-Baruxáns B". Declarar concluso este procedemento e proceder ó seu arquivo.

Segundo.- Notifíquese o texto íntegro deste acordo ó equipo redactor do novo Plan Xeral en tramitación, para que teña en consideración nél a nova ordenación proposta pola referida entidade mercantil. Notifíquese tamén á interesada, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición no prazo de un mes nesta Administración municipal, ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

12.-(234).- AMPLIACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL DESTINADA A PRODUCTIVIDADE NO ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

ANTECEDENTES: Con data 17 de outubro de 2005 o Xefe de Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo informa o que segue:

"O Pleno deste Concello de Vigo, en sesión realizada o 28 de febreiro de 2005, aprobou con carácter definitivo o orzamento xeral do Concello, que deberá rexer durante o exercizo 2005, incluíndo os dos seus organismos autónomos (entreles o desta Xerencia Municipal de Urbanismo).

No orzamento deste organismo autónomo figura no estado de gastos (capítulo I), entre outras, a partida 4320.15000000 cunha consignación de 3.000 euros.

Por outra parte, o propio Pleno, o 29 de decembro de 2003, aprobou un importe de 100.000 euros en concepto de produtividade para traballadores propios ou adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo, con cargo ó orzamento de 2004 do organismo autónomo. Esta produtividade aprobada formaba parte do programa de medidas urxentes para axilizar a tramitación de licenzas. Como consecuencia deste acordo no exercizo 2004 pagáronse 25.172 euros a diferentes funcionarios da Xerencia, quedando pendentes de liquidar 15.210 euros.

Asemade, a exposición pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado inicialmente polo Pleno o 30 de decembro de 2004, requiriu - ademais da contratación de persoal externo- dunha especial dedicación do persoal propio da Xerencia de Urbanismo, que realizou un especial esforzo tanto pola intensidade de traballo como por superar continuamente os horarios de traballo habituais. Realizaronse entre o 15 de febreiro e o 30 de xuño deste ano dous tipos de traballos especiais:

- a) O traballo desenvolto na oficina desprazada de información e rexistro urbanístico ó edificio municipal da Escola de Artes e Oficios: actividade que se produciu entre o 15 de febreiro e o 15 de abril, de luns a venres en horario de mañá e tarde e os sábados de mañá. As horas realizadas fóra de xornada habitual ascenderon a 560,25.
- b) O traballo realizado por diferente persoal de Urbanismo, especialmente os administrativos, os meses de abril, maio e xuño en relación coa "avalancha" de alegacións recibidas no trámite de información pública (ata un total de 60.700). Este traballo consistiu na recepción e rexistro informático dos máis de sesenta mil documentos presentados e na súa ordenación, numeración e fotocopiado para dispor de tres xogos de alegacións: un cos orixinais para o expediente do PXOM, outro para os técnicos informantes de Urbanismo e outro para o equipo redactor. Neste traballo contouse coa participación de practicamente todo o persoal administrativo da Xerencia, que compatibilizou o seu traballo habitual co especial das alegacións. O persoal da Xerencia adicou a este traballo 910 horas.

Por outra parte, é necesario contar cun importe adicional que permita retribuir os eventuais e especiais esforzos que teña que realizar o persoal

deste organismo autónomo. Nalgúns casos, trátase de recoñecer funcións realizadas que superan as propias do posto propio polo que se lle retribúe.

A tal efecto, propónse o incremento do importe adicado a produtividade no orzamento vixente en 65.000 euros; existindo crédito dispoñible suficiente no montante global do capítulo I "Gastos de Persoal".

En consecuencia e de conformidade coa normativa vixente na materia (artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública; artigo 5 e seguintes do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, RD polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local; artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 abril, Lei Reguladora das Bases de Réxime Local), o Consello da Xerencia propondrá o Pleno da Corporación..."

A seguir o asinante formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2005, acordou propoñerlle ó Pleno a adopción do acordo.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaoito votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Cotobade Tombo, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Viéitez Alonso e a Presidencia, e oito abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Ampliar a cantidade global destinada a produtividade no orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo en 65.000 euros.

13.-(235).- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE URBANISMO.

ANTECEDENTES.- Con data 27 de outubro de 2005, o técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Molínes, emite o seguinte informe:

"1.- En data 20/10/2000 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente a creación do Consello Sectorial de Urbanismo de Vigo (CSU), así como o seu regulamento (expte. 869/400, BOP núm. 221, do 17/11/2000).

2.- A CSU é un órgano colexiado de participación sectorial, de carácter complementario (art. 3 dos seus Estatutos). As súas funcións son as seguintes (art. 4):

- 1ª.- Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no debate da problemática urbanística de Vigo, co fin de acadar solucións e acordos, procurando a máxima participación da cidadanía e das asociacións, entidades e organismo interesados no urbanismo.
- 2ª.- Propoñer ós órganos municipais competentes, do Concello e da Xerencia municipal de Urbanismo, os criterios de actuación que se estimen máis axeitados e participar no seguimento da xestión municipal nesta materia.
- 3ª.- Presentar iniciativas, propostas e suxestións ó Consello e á Xerencia, e colaborar na realización de estudos e na elaboración de programas e proxectos de carácter urbanístico.
- 4ª.- Debater sobre o programa anual de actuación da Xerencia municipal de Urbanismo e ser informado das súas previsións orzamentarias.
- 5ª.- Informar e ser informado sobre os temas específicos deste sector e propoñer alternativas concretas ós problemas existentes na área do urbanismo para que sexan tratados polo Concello e a Xerencia.
- 6ª.- Ser informado dos actos e acordos dictados e adoptados polos órganos do Concello e da Xerencia no exercizo das súas respectivas competencias urbanísticas.
- 7ª.- Solicitar a redacción de estudosos, informes e dictames a respecto daqueles asuntos para os que se estime necesario.
- 8ª.- Constituírse en órgano permanente de consulta nos procesos de elaboración e revisión do Plan Xeral de ordenación urbana, e, en xeral, nos asuntos de transcendencia xeral.
- 9ª.- As demais funcións previstas no artigo 45 do Regulamento de participación cidadá".

3.- De acordo co disposto no art. 6 deses Estatutos, os membros do Pleno da CSU, son os seguintes:

- Presidente, que será o da Corporación ou membro desta no que delegue
- O/s concelleiro/s delegado/s de Urbanismo, que poderán asumir as funcións de vicepresidente/s
- O xerente da Xerencia municipal de Urbanismo
- Un representante de cada un dos grupos municipais, libremente designados por estes
- Federación de Asociacións Veciñais "Eduardo Chao"
- Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.
- Cámara da Propiedade Urbana ou Asociación de Propietarios que a substitúa.
- Cámara de Comercio, Industria e Navegación.
- Asociación de Promotores Inmobiliarios de Vigo (APROIN)
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Subdelegación de Vigo.
- Asociación Provincial de empresarios da construción de Pontevedra (APEC)
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais.
- Colexio Oficial de Deliñantes de Pontevedra.
- Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria.
- Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra.
- Entidade Local de Bembrive.
- Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP).
- Confederación Intersindical Galega (CIG)

- Comisións Obreiras (CC.OO).
- Unión Xeral de Traballadores (UXT).

4.- En data 18/10/2005 o Decano do Iltre. Colexio de Avogados de Vigo presentou un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo no que comunicou o acordo do 20/09/2005 da Xunta de Goberno desa Corporación profesional de solicitar que sexa admitido un membro da mesma como representante do Colexio nas Comisións de seguimento do Plan de Urbanismo ou de cuestións análogas.

No 26/10/2005 o Concelleiro-Delegado de Urbanismo emitíu un oficio requirindo a tramitación do procedemento necesario para modificar os Estatutos do CSU a fin de incluír entre os membros do seu órgano plenario a un representante do Colexio de Avogados de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A modificación estatutaria que agora se propón resulta coherente, racional e proporcionada ós fins da Comisión Sectorial de Urbanismo. A problemática urbanística garda unha vinculación directa co dereito. Por tal motivo resultan de interese as suxestións e propostas que poida formular nese eido o colectivo dos avogados a traveso desta Comisión Sectorial.

A modificación pretendida debe tramitarse consonte co disposto no art. 49 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL). En consecuencia, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno, abrirase un trámite de información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de 30 días. Concluído dito período, se non se tivese presentado ningunha alegación entenderase aprobada definitivamente a modificación do Regulamento.

Dita aprobación require o voto favorable no Pleno municipal da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2 LBRL). En consecuencia, resulta preceptiva a emisión dun informe polo Secretario municipal previo á emisión do acordo proposto."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén nos apartados primeiro, terceiro e cuarto da parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión do 27 de outubro de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

O secretario xeral do Pleno, con data 28 do mesmo mes, emite o seguinte informe sobre o asunto de referencia:

"A materia urbanística non só planifica o deseño das cidades dende un punto de vista estratéxico, tamén disciplina as relacións xurídicas dos titulares dos distintos dereitos que poden verse afectados por esa planificación e xestión. A relación do mundo do dereito e o urbanismo é, polo tanto, evidente sendo adecuado que unha organización que representa ós profesionais xurídicos se integre nun órgano complementario que ten como fin facer partícipe a diversos colectivos das decisións municipais que poden efectarlles.

Procede, en consecuencia, modificar o artigo 6 do Regulamento citado conforme á proposta efectuada, non obstante cabe a posibilidade que outras organizacións económicas, sociais e profesionais tamén soliciten nun futuro a súa presenza neste órgano complementario de participación cidadá.

Ó obxecto de evitar posteriores modificacións puntuais que obriguen a este Concello a seguir os trámites que se indican no art. 49 da LBRL, é conveniente establecer unha cláusula xenérica onde sexa suficiente un acordo do Concello Pleno. Neste senso, de conformidade coa vontade manifestada polo Consello da Xerencia, propónse engadir á proposta efectuada un novo acordo no seguinte sentido:

Modificar o artigo 6 dos Estatutos do Consello Sectorial no senso de incluír un parágrafo no que se manifeste o seguinte:

"O Concello Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, poderá acordar, previa solicitude, que no Pleno do Consello se integren representantes de organizacións ou asociacións económicas, profesionais ou sociais que, polo seu obxecto e fins, teñan relación directa e inmediata coa materia urbanística. O número destes representantes non poderá ser inferior a tres."

Tal e como se establece no informe proposta da data 27 de outubro o Pleno, previa consideración do proxecto de modificación pola Xunta de Goberno Local deberá acordar as modificacións propostas co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación."

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 31 de outubro de 2005, acordou prestar a súa aprobación ó proxecto de modificación proposto coa inclusión do parágrafo proposto polo Sr. Secretario Xeral do Pleno.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 6 dos Estatutos do Consello Sectorial de Urbanismo de Vigo, aprobados polo Pleno municipal en sesión do 20 de outubro de 2000, no senso de incluír entre os membros con voz e voto no seu órgano plenario a un representante do Iltre. Colexio de Avogados de Vigo (expte. 979/400).

Segundo.- Engadir como novo parágrafo no inciso final do art. 6 dos Estatutos o seguinte precepto:

- "O Concello Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, poderá acordar, previa solicitude, que no Pleno do Consello se integren representantes de organizacións ou asociacións económicas, profesionais ou sociais que, polo seu obxecto e fins, teñan relación

directa e inmediata coa materia urbanística. O número destes representantes non poderá ser superior a tres”.

Terceiro.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de 30 días, mediante a publicación deste acordo no BOP e a súa notificación individualizada ós membros do Pleno da Comisión Sectorial de Urbanismo así como ó Iltre. Colexio de Avogados de Vigo.

Cuarto.- No caso de que non se interpuxese ningún escrito de alegacións durante o período de información pública, este acordo considerárase de aprobación definitiva da referida modificación estatutaria.

14. (236).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCIZO 2004.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto do 18 de abril de 2005, resolveu rendir a conta xeral dos orzamentos correspondentes ó exercizo 2004, someténdoa a informe preceptivo da Comisión Especial de Contas.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, con data 22 de abril de 2005, emitíu a seguinte proposta á Comisión Especial de Contas:

“Unha vez formada a conta Xeral correspondente ó orzamento do ano 2004, rendida pola Sra. Alcaldesa-Presidenta, e ó obxecto de dar cumprimento ós requisitos do artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, así como as recomendacións da Sra. Interventora Xeral, propónse á Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte dictame:

- a) Ratificar a proposta da Concellería de Economía e Facenda relativa as dotacións porcentuais para saldos de dubidoso cobramento que figuran coma documento anexo.
- b) Traspasar o saldo do subgrupo 14 que figura no balance de situación ó 31 de decembro de 2003 á conta de Patrimonio correspondente á entidade local, Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola e Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo.
- c) Traspasar a resultados pendentes de aplicación o saldo da conta 890 correspondente á entidade Local, o Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo e Universidade Popular e Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ós resultados do Exercizo 2003.
- d) Dictaminar inicialmente a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, correspondente ó ano 2004, integrada por:
 - A da propia Entidade
 - OA Parque das Ciencias Vigo-Zoo
 - OA Escola de Artes e Oficios
 - OA Instituto Municipal dos Deportes

- OA Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes documentos:

- Balance de situación
- Contas de resultados
- Estado de orixe e aplicación de fondos
- Cadro de financiamento anual
- Liquidación do estado de gastos (corrente)
- Liquidación do estado de ingresos (corrente)
- Consolidación do estado de gastos e ingresos (por capítulos e artigos)
- Resultado orzamentario
- Liquidación de orzamentos pechados
- Estado de Tesourería
- Estado da débeda
- Balance de comprobación
- Modificacións de crédito
- Estado de remanente de tesourería
- Estado de situación e movementos das operacións non orzamentarias de Tesourería.
- Estado de situación e movementos de valores.

e) Unha vez dictaminada, someter a mesma ós requisitos de publicidade e demais trámites que esixe o art. 212.3 e 4 do RDL 2/2004 e a Lei galega.

De non se presentar ningunha reclamación perante o período de exposición polo secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, remitirase á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación e posterior remisión ó Consello de Contas. De se recibir reclamacións durante o prazo establecido, informaranse e a Comisión Especial de Contas formulará proposta ó Pleno".

O Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local con data 26 de agosto de 2005 certifica "que durante o prazo sinalado no edicto deste Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 140 de data 21.07.2005, para a exposición pública e presentación de reclamacións ao expediente de "Contas Xerais do Excmo. Concello de Vigo e anexos dos seus organismos autónomos municipais do Exercizo 2004", non se presentou no Rexistro Xeral deste Concello ningunha reclamación."

Con data 12 setembro de 2005, o interventor xeral do Concello, co obxecto de dar cumprimento ó previsto no art. 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL), aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, envía á Secretaría Xeral para aprobación plenaria a Conta Xeral integrada pola da propia Entidade e a dos seguintes organismos autónomos municipais:

- Instituto Municipal dos Deportes
- Parque das Ciencias Vigo Zoo
- Xerencia Municipal de Urbanismo
- Escola Municipal de Artes e Oficios.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Antes de facer unha pequena presentación da Conta Xeral gustaríame comezar dun xeito pouco habitual coma é pedindo

desculpas publicamente polo pequeno retraso na presentación desta Conta Xeral a este Pleno que se debeu a un erro humano de tipo administrativo. Vostedes xa poideron comprobar que esta documentación estaba preparada dende hai meses e non había ningún tipo de inconveniente, senón todo o contrario para que a Conta Xeral fose aprobada no Pleno de setembro coma é preceptivo de non se producir este incidente que lles estou mencionando. Unha vez que coñecín esta situación, falei co Sr. Secretario e co Sr. Interventor e sendo un tema puramente formal e que non afectaba ó fondo da presentación da Conta, sinceramente decidín que podía ser discutida neste Pleno e inmediatamente será debidamente tramitada ás pertinentes instancias.

En calquera caso insisto en que asumo a responsabilidade que me corresponde e quero dicir que xa tomamos as correspondentes medidas para que isto non se produza de novo.

Vostedes saben que a Conta Xeral está composta polas contas do Concello e polas dos organismos autónomos. Esta Conta Xeral ten dous tipos de información básica, unha información contable e outra orzamentaria. En canto á información contable basicamente o que se pode atopar na Conta Xeral é o estado de perdas e ganancias, o balance de situación e a situación de financiamento da institución municipal. Na parte de información máis orzamentaria atopamos a liquidación orzamentaria e tamén a situación da tesourería municipal neste momento.

Dende o meu punto de vista de toda esta documentación, que é unha documentación moi ampla, o máis importante é o documento de liquidación orzamentaria que é un documento que presentamos xa hai catro meses a este Pleno e coma vostedes lembrarán todos os índices que venían nesa liquidación orzamentaria presentaban unha evolución moi favorable respecto ó ano 2003. Eu xa lles dicía daquela que era unha das mellores liquidacións orzamentarias da recente historia da facenda municipal viguesa e coido que así o é.

Estou seguro que vostedes lembrarán daquela liquidación datos tan importantes coma os de remanentes que a 31.12.2004 eran de 38 millóns e medio de euros cun nivel de afectación de un millón e medio de euros fronte a uns remanentes do ano 2003 de 30 millóns de euros dos que estaban afectados 11 millóns e medio: é dicir, a finais do ano 2004 os remanentes creceron nunha proporción absoluta de practicamente un 30% e relativa case do dobre do ano 2003.

Tamén estou seguro que lembrarán naquela liquidación que lles presentei e que forma parte desta Conta Xeral e que estamos hoxe discutindo, un dato moi importante para medir a xestión económica que se está facendo no Concello que é o resultado orzamentario.

Mencionábase nesa liquidación que o resultado orzamentario no ano 2004 se era de 7 millóns de euros superior ó resultado do ano anterior, incrementándose ese resultado orzamentario que mide exactamente a xestión dun ano, non ten nada que ver con anos anteriores, crecendo en torno ó 30%. Tamén lles falaba daquela da execución do gasto, se lembran dicíalles que no ano 2004 a execución de gasto acadou o 92% de todos os gastos orzamentados fronte a un 85% do ano 2003 e istes foran bos datos. Isto é que nos dicía a liquidación ademais de moitos outros datos nos que non me quero estender.

A Conta Xeral danos tamén unha visión de contabilidade, danos unha información contable, di cal é a fotografía contable da institución municipal. Tamén coído que nos dá a catro pautas adicionais á liquidación que eu lles mencionaba.

A primeira pauta é que se produciu durante o ano 2004 unha redución moi importante do que é o pasivo fixo deste Concello, as débedas que ten este Concello con institucións financeiras reducíronse en 18 millóns e medio de euros durante o 2004. Neste momento o financiamento pendente que ten este Concello de xeito externo con institucións financeiras acada os 88/89 millóns de euros aproximadamente.

Outro dato moi importante que se pode extraer da Conta Xeral e que probablemente dende un punto de vista dunha empresa se vexa máis facilmente, é que a Conta de resultados deste Concello, é dicir, o resultado orzamentario no ano 2004 acadou unha cifra marca de 22 millóns de euros. Para que se fagan unha idea no ano 2003 ese mesmo dato, e era un dato positivo, acadara 10 millóns de euros e no ano 2002, só hai dous anos, ese resultado orzamentario, que é un resultado de xestión, acadara un millón e medio de euros. Practicamente se multiplicou por quince en dous anos o resultado orzamentario neste Concello.

Un terceiro dato que nos sinala a Conta Xeral tamén bastante importante é o nivel de corrección na execución dos procesos de gasto, cando un gasto se ten que executar qué nivel de corrección hai en todo o proceso burocrático dese gasto. Ese dato mellorou o dobre, reducíronse á metade o número de expedientes que non estaban perfectamente regulados neste Concello, acadándose tamén unha cifra marca do 2,5% aproximadamente.

Por último a Conta Xeral tamén nos di que o Concello a 31.02.2004 tiña en Caixa algo máis dun 22% de recursos que o ano anterior 2003, acadándose en Caixa unha cifra en cartos de 50 millóns de euros.

Polo tanto e coma non podía ser doutro xeito, o que sinala e subliña a Conta Xeral e o que lles debemos explicar ós cidadáns, son os resultados da liquidación orzamentaria que xa lles presentei hai catro meses e explicita unha xestión financeira dende o meu punto de vista moi correcta a que se está facendo neste Concello, mellora os resultados dende todos os puntos de vista respecto a xestións anteriores e dalle a este Concello unha solvencia e unha seguridade a curto e a medio prazo dende o punto de vista financeiro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Ratificar a proposta da Concellería de Economía e Facenda relativa as dotacións porcentuais para saldos de dubidoso cobramento que figuran coma documento anexo.

Segundo.- Traspasar o saldo do subgrupo 14 que figura no balance de situación ó 31 de decembro de 2003 á conta de Patrimonio correspondente á entidade local, Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola e Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo.

Terceiro.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación o saldo da conta 890 correspondente á entidade Local, o Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo e Universidade Popular e Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ós resultados do Exercizo 2003.

Cuarto.- Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, correspondente ó ano 2004, integrada por:

- A da propia Entidade
- OA Parque das Ciencias Vigo-Zoo
- OA Escola de Artes e Oficios
- OA Instituto Municipal dos Deportes
- OA Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes documentos:

- Balance de situación

- Contas de resultados
- Estado de orixe e aplicación de fondos
- Cadro de financiación anual
- Liquidación do estado de gastos (corrente)
- Liquidación do estado de ingresos (corrente)
- Consolidación do estado de gastos e ingresos (por capítulos e artigos)
- Resultado orzamentario
- Liquidación de orzamentos pechados
- Estado de Tesourería
- Estado da débeda
- Balance de comprobación
- Modificacións de crédito
- Estado de remanente de tesourería
- Estado de situación e movementos das operacións non orzamentarias de Tesourería.
- Estado de situación e movementos de valores.

Quinta.- En cumprimento do previsto no artigo 223 do TRLRFL, remitir ó Consello de Contas de Galicia a conta xeral.

15.-(237).- DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS PARA CONSTRUIR A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN CO GALO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DE INTERNET O PASADO 25 DE OUTUBRO.

ANTECEDENTES: Con data 30 de setembro de 2005 o xefe do Servizo de Informática, coa conformidade da membro da Xunta de Goberno Local e Delegada para o Servizo de Informática, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte proposta:

“Con motivo da primeira celebración do Día de Internet o 25 de outubro, máis de 8.000 concellos, colexios, Universidades, Congreso, Senado, Parlamentos Autonómicos e colectivos de persoas (sindicatos, colexios profesionais, asociacións...) están invitados a subscribir e comunicar a declaración de principios.

Proponse ó Pleno do Concello subscribir a declaración de principios para construír a Sociedade da Información, co galo da celebración do día de Internet o 25 de outubro:

“Nós, como representantes do Concello de Vigo, reunidos en Pleno, co motivo da primeira celebración do Día de Internet o 25 de outubro de 2005 e de acordo cos principios expresados no Cumio Mundial sobre a Sociedade da Información de Ginebra, declaramos o noso desexo e compromiso comúns de construír unha Sociedade da Información centrada na persoa, integradora e orientada ó desenvolvemento, na que todos poidan crear, consultar, utilizar e compartir a información e o coñecemento, para que as persoas, as comunidades e os pobos poidan empregar plenamente as súas posibilidades na promoción do seu desenvolvemento sostible e na mellora da súa calidade de

vida, sobre a base dos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas e respectando plenamente e defendendo a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Recoñecemos que a educación, o coñecemento, a información e a comunicación son esenciais para o progreso, a iniciativa e o benestar dos seres humanos. É máis, as tecnoloxías da información e as telecomunicacións (TIC) teñen inmensas repercusións en practicamente todos os aspectos das nosas vidas. O rápido progreso destas tecnoloxías brinda oportunidades sen precedentes para acadar niveis máis elevados de desenvolvemento. A capacidade das TIC para reducir moitos obstáculos tradicionais, especialmente o tempo e a distancia, posibilitan, por primeira vez na historia, o uso do potencial destas tecnoloxías en beneficio de millóns de persoas en todo o mundo incluídas as que integran e desenvolven a súa actividade nos nosos pobos e cidades.

Temos a firme convicción de que estamos entrando colectivamente nunha nova era que ofrece enormes posibilidades, a era da Sociedade da Información e dunha maior comunicación humana. Nesta sociedade incipente é posible xerar, intercambiar, compartir e comunicar información e coñecemento entre todas as redes de telecomunicacións do mundo.

Estamos decididos a proseguir a nosa busca para garantir que as oportunidades que ofrecen as TIC redunden en beneficio de todos os nosos cidadáns e estamos de acordo en que, para respostar a eses desafíos, todas as partes interesadas debemos colaborar activamente para ampliar o acceso á infraestructuras e ás tecnoloxías, así coma a reforzar a confianza e a seguridade na utilización das TIC, crear un contorno propicio a todos os niveis, desenvolver e ampliar as aplicacións TIC, promovendo e respectando a diversidade cultural.

Acordamos que estes son os principios fundamentais da construción dunha Sociedade da Información integradora e subscribimos esta "Declaración e principios para construír a Sociedade da Información, para o xeral coñecemento dos cidadáns."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 24 de outubro de 2005, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DA SRA. PORTEIRO GARCÍA: Desculpe, ó mellor é aproveitar unha circunstancia absolutamente casual pero non anecdótica. Sinxelamente lembrar ou solicitar ó fío deste texto que conviría que se cubrise o máis axiña posible a praza de xefe/xefa de Normalización Lingüística do Concello dado que D^a Marta Souto, a quen felicitamos encarecidamente dende aquí aproveitando a ocasión, hai algún tempo foi nomeada Delegada de Cultura da Provincia de Pontevedra. Semella urxente que se corrixa este baleiro para evitaren situacións coma a que a lectura deste punto nos pode producir.

A PRESIDENCIA: Terase en conta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Subscribir a declaración de principios para construír a Sociedade da Información, co galo da primeira celebración do día de Internet o pasado 25 de outubro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.-(238).- ASIGNACIÓN OU MODIFICACIÓN DE NOMES DE RÚAS EN LAVADORES E SAN MIGUEL DE OIA.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de setembro de 2005 e por mor dos escritos sobre denominacións de rúas presentados no Concello pola Asociación veciñal de Lavadores, a xefa de Estatística emite as seguintes propostas:

- Expte.: 244/234: "O vial que comeza na avenida Alcalde de Lavadores e remata na rúa Bagunda pase a chamarse RÚA SUAS VIÑAS (Das)."

- Expte.: 245/234: "O vial que comeza na rúa Santa Cristina e remata na avenida de Ramón Nieto, atravesando o entroncamento da rúa Ernesto Lecuona e a rúa Curros pase a chamarse RÚA ENRIQUE SUÁREZ GUNTÍN (Doutor)."

- Expte.: 246/234: "...de acordo co plano que se achega:

- 1.- O vial de cor rosa chamariase RÚA OBDULIA SIMÓN (mestra)
- 2.- O vial da cor azul chamariase RÚA IGNACIO GROBAS (aparellador)
- 3.- O vial da cor verde chamariase RÚA MARCELINA PANETE (mestra)
- 4.- O vial da cor amarela chamariase RÚA PRADO VELLO"

Así mesmo, atendendo ós escritos da Asociación veciñal de San Miguel de Oia, a xefa de Estatística con datas 14 de outubro e 19 de setembro, respectivamente, propón o que segue:

- Expte.: 249/234: "Que o tramo comprendido entre a avenida de Ricardo Mella e a rúa Arquitecto Gómez Román se chame RÚA CANABIDO."

- Expte.: 250/234: "Nomear o viario da Unidade de Actuación nº 8, situado entre a avenida de Cesáreo Vázquez e o Camiño Verdella, coma RÚA AS GRADES.

Nomear a praza interior desta urbanización co nome de ISIDORO REGUENGA."

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2005 dictaminou favorablemente as anteditas propostas.

Con data 3 de novembro de 2005 a xefa de Patrimonio Histórico emitíu o seguinte informe:

"En relación coa solicitude de informe sobre as propostas de denominación de diferentes rúas da cidade, comunícase que o traballo de recolleita e corrección da toponimia da cidade de Vigo tense realizado polo servizo de Normalización Lingüística deste Concello, aínda que neste momento a Xefatura dese servizo atópase vacante.

Deste xeito, este servizo de Patrimonio Histórico, á vista da documentación existente no servizo de Normalización Lingüística, fai as seguintes consideracións:

1.- Expediente 244/234: Na parroquia de Lavadores propónse a denominación de RÚA SUAS VIÑAS.

Na zona atópase o topónimo SUASVIÑAS.

2.- Expediente 245/234: Na parroquia de Lavadores propónse a denominación de RÚA ENRIQUE SUÁREZ GUNTÍN (doutor).

Na zona pola que transcorre dita rúa atópanse os nomes de dous lugares: "O PORBELO" e "A LONGARELA".

3.- Expediente 246/234: Na parroquia de Lavadores (PAU CAMBESES) propóñense as seguintes denominacións a catro viais OBDULIA SIMÓN (mestra), IGNACIO GROBAS (aparellador), MARCELINA PANETE (mestra) e PRADO VELLO.

"O CAMIÑO DO PRADOVELLO" aparece como topónimo da zona, coa observación de que debe ser "PRADO VELLO".

Así mesmo atópanse outros topónimos tradicionais na zona referenciada:

"OS CAMPOS DO MENXEGO"

"O EIDO DE MADRUGA"

4.- Expediente 249/234: Na parroquia de San Miguel de Oia propónse a denominación de RÚA CANABIDO.

Na zona atópase o topónimo "CANAVIDO".

5.- Expediente 250/234: Na parroquia de San Miguel de Oia propónse denominar a unidade de Actuación nº 8 GRADES coma RÚA AS GRADES.

Na zona atópase o topónimo "GRADES".

Así mesmo propónse nomear a praza interior desta urbanización co nome de ISIDORO REGUENGA, SEN QUE NESTA ZONA APAREZA OUTRO TOPÓNIMO tradicional."

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: O día 14 de outubro de 2004, e podo utilizar o mesmo escrito que anteriormente utilicei, o Pleno deste Concello aprobou por unanimidade unha moción nosa sobre toponimia que se concretaba do seguinte xeito: "Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas, entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos

urbanísticos, bloques de edificios, etc., preferirase sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención”.

Un mes despois o concelleiro de Asuntos Sociais trouxo a Pleno as propostas para denominacións de rúas no polígono de Navia que xa sabemos todos as leas que trouxeron porque no expediente non constaban os informes correspondentes sobre se había ou non topónimos na zona. Iso produciu malestar veciñal, houbo que facer outra moción posterior para deixar en suspenso esa decisión e os veciños de Navia tiveron que aturar a situación de estaren sen denominación nas súas rúas durante case un ano.

Resulta que o PP gusta de repetir os erros. Agora voltamos repetir unha situación na que propón nomes, neste caso en Lavadores, en San Miguel de Oia e resulta que cando imos mirar o expediente vemos que non existe ningún informe preceptivo coma debe ser dado que hai un acordo aprobado en Pleno por unanimidade, que diga se nesa zona hai ou non topónimo e polo tanto, por qué se adopta esa decisión e non outra?

O luns eu me tiven que ver na situación de enviar un escrito para solicitar que se facilitara o devandito informe. Ese informe chega hoxe e di o seguinte: “Expediente 244-234: Na parroquia de Lavadores propónse a denominación de rúa Súas Viñas. Na zona atópase o topónimo Suasviñas”. Perfecto. “Expediente 245/234: Na parroquia de Lavadores propónse a denominación de rúa Enrique Suárez Guntín. Na zona pola que transcorre dita rúa atópanse os nomes de dous lugares: “O Porbelo” e “A Longarela”. Expediente 246/234: Na parroquia de Lavadores (PAU Cambeses) propóñense as seguintes denominacións a catro viais: Obdulia Simón, Ignacio Grobas, Marcelina Panete e Prado Vello. “O Camiño do Pradovello” aparece como topónimo da zona, coa observación de que debe ser Prado Vello. Así mesmo atópanse outros topónimos tradicionais na zona referenciada: “Os campos do menxego” e “O eido de Madruga”. Expediente 249/234: Na parroquia de San Miguel de Oia propónse a denominación de rúa Canabido. Na zona atópase o topónimo Canavido. Expediente 250/234: Na parroquia de San Miguel de Oia propónse denominar a Unidade de Actuación nº 8 Grades, coma rúa As Grades. Na zona atópase o topónimo Grades. Así mesmo propónse nomear a praza interior desta urbanización co nome de Isidoro Reguenga, sen que nesta zona apareza outro topónimo tradicional”. Coma podemos observar hai zonas nas que hai topónimos e se pasa deles, hai zonas nas que efectivamente se cumpre o acordo do Pleno.

Eu non sei se este escrito se lles enviou ós outros Grupos ou non pero querería aproveitar para voltar dicir que coido que por parte do partido do

Goberno dase un total desprezo polas decisións do Pleno e propoño que se volva refacer o expediente e se traia nas debidas condicións a este Pleno, por favor.

SRA. IGLESIAS BUENO: Antes de nada pedir efectivamente desculpas pola falla dun informe.

Si que existía un informe da técnica de Estatística porque a partir de agora os nomes das rúas irán a esa oficina e si que había informe sobre topónimos pero dende a oficina de Estatística, en colaboración coas asociacións veciñais que nos fixeron chegar as súas propostas aprobadas polas súas correspondentes xuntas directivas. Efectivamente fallaba un informe da técnica de Patrimonio que se achegou nestes días cando se lle solicitou.

É verdade que nalgúns expedientes, no 245 e no 246 si que hai unha contradicción entre os informes das dúas técnicas. Eu pediría que se retirasen estes dous expedientes e que se votasen os que si coinciden.

A PRESIDENCIA: Vótase con esa consideración.

Durante o curso do debate a concelleira, Sra. Martíns Vilanova, facendo mención da moción aprobada polo Pleno o 14.10.2004 que entroutras cousas di " ...preferirase sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención", solicita que se retiren os expedientes para os refacer e traer novamente ó Pleno.

A membro da Xunta de Goberno Local, Sra. Iglesias Bueno, propón que se retiren os expedientes núms. 245/234 e 246/234 por conter contradicións entre os informes das xefas de Estatística e Patrimonio Histórico.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteséis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito e de dereito, acórdase:

Primeiro.-

- O vial que comeza na avenida Alcalde de Lavadores e remata na rúa Bagunda chamarase RÚA SUAS VIÑAS (Das). Expte. 244/234".
- O tramo comprendido entre a avenida de Ricardo Mella e a rúa Arquitecto Gómez Román chamarase RÚA CANABIDO. Expte. 249/234:

- Nomear o viario da Unidade de Actuación nº 8, situado entre a avenida de Cesáreo Vázquez e o Camiño Verdella, coma RÚA AS GRADES. Expte. 250/234
- Nomear a praza interior desta urbanización co nome de ISIDORO REGUENGA."

Segundo.- Deixar pendentes para a súa consideración no próximo Pleno, previos os informes das xefas de Estatística e Patrimonio Histórico os nomes dos viais propostos nos expedientes núms. 245/234 e 246/234.

17.-(239).- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PG SOBRE A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN SAN XOÁN POULO.

ANTECEDENTES: Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 3 de outubro de 2005, o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Galeguista, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"AAVV de San Xoán Poulou púxose en contacto connosco para nos informar dalgunhas das demandas que o seu barrio precisa.

Entroutras moitas reclamacións, fan especial fincapé na construción dalgunhas beirarrúas, cousa que é unha vella aspiración dos seus veciños por ser moi necesarias. Así, entre os anos 2000 e 2002 mantiveron innumerables reunións co concelleiro de Vías e Obras nas que xa lle expuxeron esta demanda.

Logo desas reunións, coa constitución do PROMIL e cun orzamento do que dispuxo Vías e Obras, por fin deron comezo as obras das tan solicitadas beirarrúas construíndose daquela dous pequenos tramos, un na rúa Cantabria, entre a avenida do Aeroporto e a rúa Vista do Mar, e outro na rúa San Xoán, entre a rúa Cantabria e o Camiño do Castañal.

Dende entón non se volveu investir ningunha partida para melloras no barrio e aínda que é unha parroquia pequena xeograficamente está moi habitada e dende logo, moi abandonada polas distintas Corporacións Municipais.

Consonte co antedito propoñemos que se constrúan beirarrúas nas seguintes zonas do barrio:

- Na rúa Cantabria, dende a rúa Vista do Mar ata a rúa Poleira.
- Na rúa San Xoán, dende o Camiño do Castañal ata a rúa Padre Celso."

A Comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do día 24 de outubro de 2005, quedou enterada do contido do anterior escrito.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Antes de nada darlle felicitacións ó Sr. Cotobade porque non tiven a sorte de estar no último Pleno e así podelo felicitar pola súa incorporación. Como non pode ser doutro xeito desexarlle que teña sorte nesta andaina.

O Sr. Alonso Vázquez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. COUTO PÉREZ: Sr. Alonso, en canto á súa moción vou informarlle como se atopa nestes momentos o estudo de beirarrúas e concretamente na parroquia de San Xoán Poulo.

Alá polo primeiro trimestre do ano que andamos o enxeñeiro do departamento de Tráfico e máis eu visitamos a parroquia por mor dunha serie de problemas. Daquela os dirixentes veciñais fixéronnos saber que precisan beirarrúas (coma ben dixo vostede) dende a rúa Cantabria ata Vista do Mar e a Pouleira, San Xoán dende camiño Castañal ata camiño Gondarán e Padre Celso.

Dando o ancho insuficiente de rodadura que alí existe comentamos que fariamos un estudo previo de tráfico con direccións únicas para así dalgún xeito poder facer algún tipo de beirarrúas.

O día 3 de xuño remitímoslle á Asociación veciñal ese estudo de tráfico de sentidos únicos de dirección, concretamente da primeira fase da rúa Padre Celso para que eles o poideran examinar e de ter algo concreto que engadir ó devandito estudo así o poideran facer.

O día 4 de xullo de 2005 recibimos no departamento de Tráfico un escrito da Asociación veciñal no que nos engaden unha serie de cousas que son perfectamente asumibles co estudo de tráfico. Tamén din que asumen algunhas das direccións únicas que se lles propoñen pero que na rúa Padre Celso cun sentido único de circulación non se poden eliminar os aparcadoiros.

Nós si coidamos que eliminando o aparcamento e cun só sentido de dirección si se poden facer as beirarrúas, sen embargo eles non queren que se elimine.

En conversas mantidas logo na oficina do departamento técnico de Tráfico, o día 20 de outono de 2005 os dirixentes veciñais fanlle saber ó enxeñeiro de Tráfico que tamén queren beirarrúas dende a rúa Vista do Mar na rúa Cantabria ata a rúa Pouleira.

Entón coma dixen antes, dada a escaseza do ancho da rodadura se lles propoñen ós dirixentes veciñais varias solucións e entre elas facer un

sentido de dirección única que levaría consigo derivar o tráfico cara á Travesía de Vigo por detrás do Carrefour que non é unha solución moi doada, sería moi complicada; outra variante sería eliminar aparcadoiros, concretamente facer un sentido de dirección única e levalo por Vista do Mar, cousa á que tamén se negan rotundamente.

Pero atopámonos cun problema engadido. Eles din que a solución sería ir por Vista do Mar pero habería o problema de que existe un servizo de autobuses e dada a estreitez deste vial de Vista do Mar habería verdadeiros problemas para facer esta remodelación de tráfico.

Pola nosa banda o enxeñeiro do departamento técnico proponlles que decidan qué solución coidan a máis conveniente e que nolo fagan saber e así nós poderíamos facer os estudos pertinentes para lle dar unha solución ó tema das beirarrúas que solicitan.

Ata o día de hoxe non recibimos ningún tipo de resposta. Polo tanto, Sr. Alonso, coma vostede comprenderá o que non se pode é facer beirarrúas, aparcadoiros e ter dobre sentido de circulación en viais que nalgúns sitios teñen ata tres metros de ancho.

Nós estamos abertos a calquera suxestión sempre que sexa posible tecnicamente.

Non conforme con isto, solicito á inspección técnica do departamento de Vías e Obras que me faga un informe.

O informe di: "Primeiro, o camiño de San Xoán presenta un ancho variable de rúa en dobre sentido de circulación de vehículos. A sección transversal comeza cun ancho de 6,5 metros na súa intersección co camiño do Castañal diminuindo o ancho do camiño na dirección cara Padre Celso, existindo zonas cun ancho de 3,60 metros entre os números 83 e 85.

Dados os devanditos condicionantes e debido a que a zona se atopa sen desenvolver en canto ó sinalado no Plan Xeral vixente, non é conveniente a construción de beirarrúas neste camiño.

Dous, na actualidade a rúa Cantabria posúe unha beirarrúa de formigón cun ancho variable pola marxe norte, dende a rúa Vista do Mar ata a avenida do Aeroporto. Dada a sección transversal deste vial poderíase continuar con esta beirarrúa con anchos variables pola mesma marxe ata a súa intersección co camiño Pouleira.

Coma xa lle dixen antes, nós dimos tres posibles solucións, ó pareceren unha xa a desbotaron que era a de sentido único e eliminar aparcadoiros. Das outras dúas estamos pendentes de que nos digan cal é a que lles gusta

máis para facer o pertinente informe e en base a iso actuaremos e faremos as beirarrúas sempre e cando sexan viables nas solucións que nos propoñan.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Logo do repertorio que nos deu o Sr. Couto coido que é dun estes momentos onde quen goberna ten que gobernar. Os veciños din unha cousa, os técnicos outra, outros queren outra e loxicamente nas rúas fan falla beirarrúas, cada vez son máis necesarias.

Eu penso que este é un momento no que quen goberna ten que dicir coma teñen que ser as cousas, pero o que si está claro é que con tanto informe dun e doutro lado os veciños están sen beirarrúas, non poden ir por alí cos carriños dos rapaces, as señoras maiores van polo medio da rúa, etc.

Tomen vostedes a decisión que deban, fagan beirarrúas se non tan anchas si máis estreitas, tomen vostedes a decisión pero xa. Se seguimos co tema dos informes pasarán anos e seguirán esas rúas sen beirarrúas.

SR. COUTO PÉREZ: Sr. Alonso, evidentemente nós estamos para gobernar pero dende a responsabilidade de goberno tamén lle teño que dicir que os políticos non temos que saber de todo e por iso precisamente nos temos que fiar dos informes técnicos.

Logo dicirlle tamén que evidentemente o que queremos é consensuar cos veciños as mellores solucións, non vaia seren que tomemos unha decisión que aínda que correcta forme un conflito social, baixo ningún concepto queremos facer iso. Se os veciños nos achegan solucións, se os informes técnicos nos din que son correctas, nós tiraremos por aí.

(No momento da votación estaba ausente a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Alonso Vázquez, instando á construción de beirarrúas en San Xoán Poulo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.-(240).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A NOMEAR UNHA RÚA COMO "ANTONIO NIETO FIGUEROA - LERI".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 10 de outubro de 2005, o voceiro do Grupo Municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Glosar a traxectoria humana e política de Antonio é demasiado doado e seguramente innecesario. Por algo foi Medalla de Ouro da cidade. Coido que está na memoria de case todos e por iso non necesita de panexíricos.

Soamente por se os máis novos precisan saber algo del, dicirlles con brevidade que foi un home bo, namorado ardentemente de Vigo e que puxo en marcha, co seu esforzo persoal e a axuda inestimábel da súa familia, unha organización de deporte popular que permitiu que moitos milleiros de vigueses puidesen practicar deporte perante moitos anos.

Consonte co antedito propoñemos: Que unha rúa de Vigo leve o nome de Antonio Nieto Figueroa "Leri".

A Comisión Informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 24 de outubro de 2005, quedou enterada do contido do anterior escrito.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Cando escribía esta moción tentei distanciarme dos sentimentos pessoais que albergó pola memoria de Antonio Nieto Figueroa, tentei obxectivar co tranquilidade e serenidade da que fun quen, alomenos cal foi o principal da súa vida e por riba de todo sempre me saían dúas constantes: era un home dunha formación humana e política moi sólida, para entendérmonos era un socialista de absoluta convicción e vocación, pero por riba de todo e por riba diso era un viguista, un home que amaba a Vigo por riba de calquera outra consideración, tiña en segundo plano esa segunda consideración e dicía que era un viguista socialista.

Así foi e consonte con esa maneira de pensar, sinxela pero moi descriptiva, conducíu a súa vida, a súa vida familiar, cos amigos e no seu traballo público.

Por iso fixen unha moción que lonxe de escribiren grandes panexíricos centreina en dúas pequenas reflexións.

O Sr. Soto Ferreiro procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

Bastan esas condicións en todo caso para que Antonio teña unha rúa de Vigo, unha rúa que hoxe está aínda sen nome, non hai unha decisión coma eu espero que teña a Xunta de Voceiros, pero tamén hai cousas ás que lles hai que poñer prazos.

Espero que a Xunta de Voceiros consensúe o nome dunha rúa para o vindeiro Pleno, senón o Partido Galeguista fará unha proposta concreta e anticipo algún criterio non decisivo, pero anticipo que votamos conscientemente o tema de conservar os patronímicos, coido que debe ser un eixo conductor da política de nomes das rúas de Vigo, pero tamén somos conscientes e ese texto permite, na miña opinión, que ó mellor hai veces que hai que facer algunha excepción porque pode haber algunha circunstancia que estea por riba doutras.

Non digo máis. Hoxe propoñemos que unha rúa de Vigo leve o nome de Antonio Nieto Figueroa e esperemos que a Xunta de Voceiros traia a decisión ó seguinte Pleno que nos toque e nos diga xa cal é esa rúa.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Expresar con moita brevidade o apoio entusiasta do Grupo Socialista á moción pola que ademais ei agradecer que se faga unha presentación tan breve porque Antonio Nieto Figueroa non precisa moito máis.

Eu teño suliñados dous termos da exposición de motivos desta moción que son "Vigo" e "deporte popular". "Vigo", "deporte popular" e "Leri" son algo absolutamente identificado.

Agradecer que na moción non se faga mención ó seu currículo de concelleiro. Coido que seren concelleiros é algo que todos levamos con moito orgullo, con moita satisfacción pero sería un mal precedente que comezaran a xurdir unha chea de rúas na cidade de concelleiros ou alcaldes, etc., coido que é algo que temos que separar claramente. Nese sentido parécenos tamén unha moi boa decisión do propoñente do Partido Galeguista que non se faga referencia ó seu papel de concelleiro para separar claramente que neste caso non é por seren concelleiro, senón por seren Antonio Nieto Figueroa quen foi.

Durante o curso do debate o concelleiro, Sr. Soto Ferreiro, solicita que unha Xunta de Voceiros consensue unha rúa para lle dar o nome de Antonio Nieto Figueroa "Leri" e presentar no vindeiro Pleno.

(No momento da votación estaba ausente a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de feito e de dereito, ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, instando a darlle o nome de Antonio Nieto Figueroa "Leri" a unha rúa, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Remitir o acordo á vindeira Xunta de Voceiros que se convoque co obxecto de decidir a rúa que levará o nome de Antonio Nieto Figueroa "Leri".

19.-(241).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOBRE A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN CASTRELOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de outubro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Entre as parroquias de Castrelos e Sárdoma, na chamada Baixada á Laxe, non hai bierarrúas, co perigo que supón para os viandantes que baixan a cotío cara ó Centro de Saúde de Sárdoma, xa que ademais dos coches que ameazan a súa integridade física, atópanse con que na beira do camiño hai un foxo que aumenta de xeito exponencial os riscos que están a correr.

Consonte co antedito propoñemos que se constrúan beirarrúas na baixada á Laxe, entre o lavadoiro que hai no barrio da Costa, na parroquia de Castrelos e o Centro de Saúde de Sárdoma."

A Comisión Informativa de Servizos Xerais, na súa sesión de data 24 de outubro de 2005, quedou enterada do contido do anterior escrito.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Esta é outra beirarrúa realmente necesaria. Entre a parroquia de Castrelos e Sárdoma, na chamada Baixada á Laxe non hai ningunha beirarrúa e por alí baixa toda a xente que vai ó Centro de Saúde de Sárdoma; é máis, baixando á man dereita que é por onde adoita baixar a xente, hai unha focha que é un tubo aberto á metade e por alí corren todas as augas cando chove.

Á parte xa non é a primeira, nin a segunda vez que vai baixando xente por ela e ó subiren os coches cara arriba arrímanse á dereita e caen na rega, non é a primeira vez que isto pasa.

Por se me van dicir que esta é unha subida ou unha rúa estreita, teño que dicir que todos sabemos que aí hai un semáforo que limita a subida e a

baixada dos coches co que aí se pode facer perfectamente unha beirarrúa do ancho que queiramos, porque o semáforo regula o tráfico, non hai problema. O único que se pide é que se faga a beirarrúa o máis axiña posible porque realmente si é necesaria polos accidentes de xente que caeu.

SR. COMESAÑA GARCÍA: Sr. Alonso, coma vostede ben sabe ese é un tema que xa comentamos, ía na ampliación de orzamento con remanentes e non se aprobou. Tentaremos meter isto no próximo orzamento ou senón faremos algo extraordinario porque efectivamente ten vostede toda a razón cando di que é un perigo.

(No momento da votación esta ausente a Excm. Sra. Alcaldesa, preside o Pleno a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ACÓRDASE.

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Alonso Vázquez, instando á construción de beirarrúas en Castrelos, co texto que se contén nos antecedentes do presente acordo.

20.- (242).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O PECHE DA FARMACIA DE SAN PAIO DE NAVIA

31.- (253).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O PECHE DA FARMACIA DE SAN PAIO DE NAVIA.

A Presidencia presenta para o seu debate conxunto as dúas mocións relativas á farmacia de San Paio de Navia formuladas polos Grupos Municipais do BNG e do PP.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 03de outubro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Méndez Piñeiro, presenta a seguinte moción:

“Dende hai tempo os veciños da parroquia de Navia están vendo como pouco a pouco se degrada o seu contorno e a súa calidade de vida e como este goberno municipal non lle dá a resposta acaída ás súas demandas. Sendo así, estes días a puntilla púxo a Consellería de Sanidade, que en execución da

sentenza da sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza do 13 de xullo de 2002 e da sala do Contencioso administrativo do Tribunal Supremo do 16 de maio de 2005, procedeu ao peche da única farmacia que tiñan na parroquia.

Os feitos que propiciaron o peche da farmacia remóntanse 10 anos atrás por un recurso interposto contra un acordo do Pleno do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra, polo que se concedía a D^a Socorro Maneiro a autorización para a apertura dunha oficina de farmacia. Segundo a sentenza a Parroquia de Navia incumpría un dos requisitos precisos para que nela se puidese abrir unha oficina de farmacia, que era o de contar con 2000 habitantes. Dende que se iniciou o procedemento xudicial ata hoxe, transcorreran 10 anos.

A lei que rexe a apertura de oficinas de farmacia 5/1999 do 21 de maio, especifica que os requisitos para a apertura dunha farmacia nun núcleo de poboación son ter máis de 2000 habitantes ou que a farmacia máis próxima estea a 400 m, así como contar co apoio do Colexio de Farmacéuticos. Todos estes requisitos cúmprense a Parroquia de Navia, que malia ao que di a sentenza hoxe conta con 4500 habitantes.

O peche da farmacia está xerando unha gran alarma social polo impacto que representa que a unha poboación envellecida (o 70% dos usuarios son persoas maiores e moitas delas con dependencia) e usuarios habituales de produtos farmacéuticos, os fagan trasladarse a farmacias limítrofes utilizando taxis e autobuses para conquistar medicamentos.

Sabemos que están concedidas dúas oficinas de farmacia no PAU de Navia pero ésta non é solución para esta parroquia, pois os veciños terían que trasladarse igual. O acordo do tribunal Supremo é irrecorrible pero hai outras solucións. Unha delas sería que, seguindo a lei 5/1999 do 21 de maio, se iniciase a instancias do Concello a petición á Consellería de Sanidade da apertura dunha nova oficina de farmacia na parroquia de Navia.

É por isto que propoñemos a esta corporación que adopte os seguintes acordos:

Solicitar á Consellería de Sanidade a aplicación dunha MORATORIA na execución da sentenza do peche da vella farmacia de Navia baseada no dano e alarma social que provoca.

Solicitar á Consellería de Sanidade a apertura dunha nova oficina de farmacia na parroquia de Navia."

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de 24 de outubro de 2005, quedou enterada do anterior escrito.

Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 04 de outubro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

"O día 23 de setembro de 2005, a oficina de farmacia situada na Alameda de San Paio de Navia, cesou na súa actividade, o que en definitiva supón deixar de prestar servizo a esta parroquia.

Ao parecer o motivo do peche da oficina de farmacia obedece a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Sen entrar a valorar a sentenza, o certo é que a execución da mesma pola Consellería de Sanidade, deixou sen este servizo aos habitantes dste núcleo de poboación. Todo isto provocou preocupación e a conseguinte protesta dos veciños desta parroquia.

A zona á que nos estamos a referir, correspóndese cunha das de máis alto crecemento poboacional de Vigo. Por este motivo está previsto o traslado de dúas oficinas de farmacia a esta zona.,

Por todo iso, o Grupo municipal popular presenta para o seu debate e aprobación ante o Pleno o seguinte acordo:

Requirir á Consellería de Sanidade para dar solución ó peche da farmacia de San Paio de Navia e que algunha das farmacias que se van trasladar a esta parroquia proximamente se situen na Alameda de San Paio de Navia”.

A Comisión Informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2005, quedou enterada do antedito escrito.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Aceptamos a discusión conxunta das dúas mocións e paso expoñer os motivos.

Coma queda ben demostrado pola presenza aquí de toda a vecindade, dende hai tempo os veciños da parroquia de Navia están vendo coma ós poucos se degrada o seu contorno e a súa calidade de vida. Malia ás múltiples peticións tamén están vendo coma este goberno municipal do PP non dá resposta acaída ás súas demandas.

No mes de setembro un novo problema se viu engadir ós moitos que xa de por si teñen os veciños; a Consellería de Sanidade, en execución dunha sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 13 de xullo de 2002 e da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 16 de maio de 2005, procedeu ao peche da única farmacia que tiña a parroquia.

Os feitos que propiciaron o peche da farmacia remóntanse a dez anos atrás. Isto debeuse a un recurso que se interpuxo contra un acordo do Pleno do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra polo que se concedía a unha farmacéutica a autorización para a apertura dunha nova oficina de farmacia. A Sentenza di múltiples cousas pero unha delas é que a parroquia de Navia hai dez anos incumpría un dos requisitos que se precisaban para que nela se poidera abrir unha oficina de farmacia. Coma ben saben un destes requisitos

era o de non ter 2.000 habitantes. Dende aquela pasaron dez anos e nestes momentos o núcleo de Navia ten alomenos 4.500 habitantes.

A Lei que rexe a apertura de oficinas de farmacia 5/99, do 21 de maio, di que os requisitos para a apertura dunha farmacia é que ten que haber un núcleo de poboación superior ós 2.000 habitantes e estar a máis de 400 metros da seguinte farmacia.

Nestes momentos o peche da farmacia de Navia está xerando unha grande alarma social. Iso ten o seu sentido porque á parte dos múltiples problemas que ten esta parroquia ós que, repito, este Goberno municipal non lles está dando solucións, ten unha poboación avellentada, o 70% da poboación é xente maior e este 70% que usa a farmacia ten problemas para se desprazar á seguinte farmacia máis próxima, á parte de que son consumidores cotiáns de produtos farmacéuticos.

Nestes momentos nós sabemos que hai concedida unha oficina de farmacia no PAU de NAVIA e tamén hai outra solicitude tamén para este PAU. Tamén sabemos que nun futuro os farmacéuticos van tentar instalarse no PAU de Navia porque vai ser unha poboación maior e eles tamén buscan uns beneficios económicos á parte da función social.

Tamén sabemos que o acordo do Tribunal Supremo é irrecorrible pero hai outras solucións e nelas estamos.

Nós queremos que neste Pleno poñamos o noso grao de area para lle dar outras solucións os veciños de Navia. Por iso propoñemos a esta Corporación que adopte os seguintes acordos: "Que por parte da Consellería de Sanidade se fagan as xestións precisas para que dunha maneira inmediata se proceda á solución deste problema da farmacia" e un acordo máis global que diría "solicitar da Consellería de Sanidade a declaración de zona especial do núcleo rural de Navia para a apertura dunha nova farmacia".

Este último punto viría a conto polo que comentabamos antes: as farmacias tenderán ir cara o PAU de Navia, pero a esta xente hai que lle dar unha solución.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Efectivamente estou de acordo coa exposición da concelleira do Bloque Nacionalista Galego pero penso que hai que ir ó que foi a execución desta Sentenza.

Existe un recurso de hai bastantes anos contra a concesión da farmacia, existe unha Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que se recorreu en queixa que non foi admitida no Tribunal Supremo e notificouse o acordo ó Colexio de Farmacéuticos quen o remitiu á Consellería de Sanidade

que é agora competente para a execución da Sentenza. Pero o certo é que no prazo dunha execución nuns días procedeuse ó peche da farmacia, mesmo a Secretaría Xeral de Sanidade remite un escrito á Delegación de Sanidade o día 21 de setembro, o día 22 envía un fax a Delegación de Sanidade á farmacia e o día 23 pecha a farmacia cando a Consellería tiña medios mesmo legais para retardar a execución desta Sentenza que, por certo, non se pedía a execución da Sentenza senón que era Sentenza firme pero non existía requirimento de execución polos Tribunais.

Polo tanto, penso que foi unha actuación precipitada porque non sempre a execución inmediata dunha sentenza é o máis adecuado para os intereses sociais. Porque mesmo, de acordo coa propia lexislación farmacéutica fala de circunstancias provocadas polo peche, o Decreto 146/2001 do 7 de xuño, fala de que a Consellería de Sanidade deberá adoptar medidas para garantir a asistencia farmacéutica á poboación en caso de peche dalgunha farmacia. Pero ademais, de acordo coa lexislación do procedemento contencioso-administrativo podería ter instado a algún tipo de procedemento para evitar o peche inmediato desa farmacia porque a execución non estaba requirida polos tribunais.

Sinxelamente a sentenza era firme e non era necesario executala de xeito inmediato porque mesmo tiñan dous meses e aínda que pasen eses dous meses, sería necesario que algún dos interesados solicitase a execución da sentenza. Polo tanto penso que a actuación da secretaria xeral da Delegación de Sanidade foi precipitada e por esa actuación precipitada deixou sen servizo a unha parroquia como Navia que agora ten a farmacia pechada.

Tamén hai que ter en conta que nese peche nin contaron cos veciños nin co Concello. A Delegación de Sanidade podía poñerse en contacto co Concello para saber as consecuencias que tiña o peche da farmacia e non falaron co Concello. Existían procedementos legais para aprazar a execución mentres se buscaba unha solución provisional e definitiva porque hai que buscar dous solucións, unha provisional de urxencia nestes momentos e unha definitiva para a situación de asistencia farmacéutica en Navia.

Dende o Concello reunímonos coa Asociación de Veciños, coa farmacéutica afectada, falamos co Colexio de Farmacéuticos, mesmo co delegado da Consellería de Sanidade buscando unha solución urxente a esta situación e outra definitiva. Incluso nos diriximos por escrito o 6 de outubro ó delegado de Sanidade porque el falaba de que estaban buscando algunha

solución e pediamos qué medidas ían tomar, mesmo pediamos unha reunión con el.

A delegación de Sanidade non contestou ó Concello nin sobre as medidas que están adoptando nin sobre esa reunión que eu pedía co delegado de Sanidade, polo tanto penso que foi unha dexación fatal da Consellería de Sanidade.

Ademáis a solución que propoñen do traslado da farmacia á rúa Teixugueiras do PAU de Navia, non é a parroquia de Navia porque dende o PAU ata o centro de Navia hai en liña recta perto de 900 metros de distancia e aínda que falen de que queda na parroquia, polas referencias que teño que confirmar e consta nos expedientes parece que é na parroquia de Comesaña, Navia seguiría sen farmacia. Polo tanto penso que ese traslado non vai solucionar o problema, vai supoñer que a xente que estea no núcleo de Navia non vai ter asistencia e polo tanto non creo que sexa a solución a que dende a Consellería de Sanidade se manifesta para este tema.

Existen outras solucións e por iso pedíamos a reunión co delegado de Sanidade, no escrito pediamos que nos facilitasen os estudos que eles están a realizar da apertura dunha nova farmacia porque a lexislación farmacéutica admite esa posibilidade, en zonas de máis de 2000 habitantes proceder á apertura dunha farmacia cunha serie de requisitos. A declaración da que vostede falaba de tramitar como zona especial, podería ser outra solución e polo tanto nós estamos de acordo.

Estamos tentando falar co delegado de Sanidade para dar solución a un problema que é inmediato porque non só é o traslado o PAU de Navia, que nin sequera está na parroquia, senón da excitación do núcleo central da parroquia de Navia que vai quedar sen farmacia. Por iso presentamos esta moción no Pleno e imos apoiar todas as solicitudes pero a competencia corresponde á Consellería de Sanidade, dende o Concello estamos tentando falar con eles pero non escoitan.

Nós queremos que esta solución sexa definitiva, que non só sexa unha solución provisional, non sei se de reapertura provisional, pero dende logo que pensen que unha farmacia ten que ir de maneira definitiva á parroquia de Navia e non como vai ir agora á parroquia de Comesaña.

SRA. GRAÑA BARCIA: Qué mágoa, Sr. López-Chaves, que o que parece unha inquietude social ó final se transforme a trabvés das súas palabras nun acto de irresponsabilidade. Creo que todos estamos falando neste momento e todos intervimos nestes últimos meses para solucionar un problema de falla de servizo de atención farmacéutica en San Paio de Navia. Coido que iso é o

que nos motivou e non chamamentos de irresponsabilidade a incumprimentos de execucións de sentenzas, tema que xa todos coñecemos en non só por este asunto.

Tamén sabe porque isto tamén foi obxecto dunha pregunta no Parlamento Galego asinada por vostede entroutros e respostada, ten información veraz de todo o que se realizou dende a Consellería, non pode neste momento manifestar aquí que é descoñecedor dos actos da Consellería.

Dende a Consellería, unha vez executada a sentenza como era a súa obriga, iniciouse de oficio o 4 de outubro o expediente necesario para a apertura dunha nova farmacia na mesma situación onde se encontraba a anterior. Utilizo estes termos para que non se poida producir ningún tipo de confusión sobre parroquias, lugares, zonas e demais. O inicio de oficio por parte da Consellería dunha nova autorización de farmacia era no mesmo enclave onde se encontraba a farmacia que tivo que ser pechada en execución de sentenza.

Cando se inicia este expediente hai un traslado solicitado do que xa caducara o expediente porque a interesada non presentara a documentación requirida, que novamente insta un novo traslado, que neste momento atópase pendente de tramitación de licenza por parte do Concello de Vigo e ó día seguinte do inicio deste expediente súmase unha segunda solicitude de traslado.

Ante esta situación a Consellería valorou dous feitos: por unha banda o abuso no que se incorre moitas veces na utilización das solicitudes de traslado que poden provocar máis unha reserva de espazo que unha auténtica intención de situar unha instalación farmacéutica e polo tanto adoptou xa unha decisión firme de tramitación dun proxecto de decreto de modificación sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, en materia de traslado de oficina.

Por outra parte e dado que se detectaron estes problemas na tramitación do expediente da nova oficina de farmacia, o inicio dun procedemento de autorización dunha botica anexa de emerxencia na entidade de Navia pertencente ó Concello de Vigo.

De todas formas estimamos que, dado que o interese que nos move a todos é que se resolva o problema que é garantir a atención farmacéutica, posiblemente cabería a posibilidade que destas intervencións e desta moción, se poidera pactar entre os catro grupos a posibilidade dunha moción conxunta onde precisamente o que se lle presente á Consellería de Sanidade

sexa neses termos: que se adopten as medidas necesarias para garantir a atención farmacéutica na parroquia de San Paio de Navia. Moitas gracias.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Só alegrarme profundamente de que o Sr. López-Chaves se mostre tan dilixente nestes momentos cando hai, exactamente non o sei pero creo que ano e medio, neste Concello se presentou por parte do Grupo Municipal de BNG unha petición de botica anexa na farmacia de Comesaña e este Concello naquel momento retrasou todos os trámites que dalgunha maneira no acordo plenario se decidira que se fixeran para que esta botica anexa se tentase implantar ó máis rápido posible na parroquia de Comesaña porque era unha petición tamén dos veciños de Comesaña. Ó mellor ten algo que ver outro tipo de situacións pero alegrámonos que neste momento o Sr. López-Chaves se mostre tan dilixente cando daquela tardou en contestarnos á pregunta bastante tempo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre a intervención da voceira do BNG, ela sabe ben o que pasou coa farmacia de Comesaña, pediuse a solicitude e sabe que dende a Xunta de Galicia non poden conceder esa botica anexa. Sábeno porque falou con vostede a técnico que se encargou deste tema.

Nós tramitámos o expediente pero tiñamos que presentar unha certificación de que non existía ningunha farmacia próxima a esa botica anexa en 3 km. Iso non sei que técnico podía asinar que non podía presentar iso. Por iso se tramitou o expediente, remitiuse á Consellería mesmo incompleto porque os técnicos non querían remitilo porque o expediente non estaba completo. Tramitouse o expediente, remitiuse e non é solución a botica anexa por esa esixencia de 3 km de malos accesos ou 5 km se tivese bos accesos. Sabe que o remitimos o nolo devolveron porque faltaba iso porque non hai técnico municipal que o certifique.

Pero á parte diso, penso que a Consellería ten que falar tamén co Concello, está ben que contesten dende o Parlamento porque presenteí unha pregunta, pero se o Concello presenta unha pregunta o delegado de Sanidade debería contestar orque o Concello é o afectado e iso non correspondeu en ningún momento.

Eu creo que a única irresponsabilidade é deixar unha zona sen atención farmacéutica, sabemos ben que hai procedementos para alongar a execución da sentenza porque ademáis non existía expediente de execución. Non poño en dúbida que haxa que executar a sentenza, pero a execución voluntaria dunha sentenza que causa un dano social non creo que sexa unha boa solución.

Non existía requirimento dos tribunais, non había transcorrido nin sequera o prazo de dous meses, mesmo interpretando dende que a Consellería recibira a notificación e non dende que a recibise o Colexio de Farmacéuticos e ademais esperar a que o requiran; ademais se pode tramitar algún incidente para alongar o proceso. O procedemento podía alongarse e buscar mentres tanto algunha solución.

Por tanto, sobre a súa proposta do texto, aquí está a miña moción: requirir á Consellería de Sanidade para dar solución ó peche da farmacia de San Paio de Navia e que algunha das farmacias que se van trasladar a esa parroquia se situen na Alameda de San Paio de Navia. O texto da unha solución ó servizo de atención farmacéutico en Navia e penso que é o que podemos aprobar todos. Nada máis.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Eu penso que o problema que ten esa é moi grave. Nós non o temos porque penso que ningún vivimos en Navia e deixémonos de tanta leria, póñamonos canto antes de acordo e busquémoslle unha solución; hai que lle buscar unha solución a esa xente que necesita unha farmacia e punto.

SRA. GRAÑA BARCÍA: Unha precisión en canto á moción presentada polo grupo do PP. Na segunda parte aparece un texto que di "que algunha das farmacias que se van trasladar a esta parroquia proximamente se situen na Alameda de San Paio de Navia". Como vostede ben sabe, Sr. López-Chaves, a facultade de instalación específica en local concreto é unha facultade do farmacéutico que opta, polo tanto esta segunda parte da proposta en absoluto soluciona o problema.

SR. SOTO FERREIRO: Paréceme ben a proposta que fixo a Sra. Graña cunha precisión en todo caso: encarecer a máxima urxencia porque, se está en vías de solución por parte da Consellería, o que temos é que urxir á Consellería que coa máxima rapidez lle dea solución ó problema. Podíamos votar todos conxuntamente e deixarnos de arrabuñarnos máis xa, se me permiten a expresión.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Eu non sei se se me entendeu ben pero esa foi a miña proposta porque en principio hai que lle dar unha solución e eu propuxen concretamente a máxima urxencia posible. Ó millor non se me entendeu pero creo que quedou claro.

SRA. GRAÑA BARCIA: Simplemente para concretar os termos: "Que por parte da Consellería de Sanidade e coa maior urxencia posible se adopten as medidas necesarias para garantir a atención farmacéutica na parroquia de San Paio de Navia.

A PRESIDENCIA: Estamos todos de acordo. Pasamos a votala.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Esa é unha emenda á miña moción ou tamén á moción que presenta o grupo do PP, entón se seguimos os trámites regulamentarios mellor. Eu acepto esa emenda, que coa máxima urxencia posible se tramite por parte da Consellería de Sanidade a apertura dunha nova farmacia ou para dar solución mentres non se abre unha nova. E a máis declaración de zona especial se é posible.

A PRESIDENCIA: Pois todos imos votalo se estamos de acordo.

Emenda formulada pola concelleira Sra. Graña Barcia do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, durante o curso do debate:

Que se concreten os termos das moción no seguinte sentido:

"Que por parte da Consellería de Sanidade e no menor prazo posible se adopten as medidas necesarias para garantir a atención farmacéutica na parroquia da San Paio de Navia".

A concelleira asinante da moción do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, acepta a anterior emenda nos seguintes termos:

"Que pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia se leven a cabo os trámites oportunos á maior brevidade posible a fin de que se proceda á apertura dunha nova farmacia en San Paio de Navia e, en tanto non entre en funcionamento esta nova farmacia, se adopten as medidas necesarias para garantir a atención farmacéutica na citada parroquia.

Igualmente e caso de que sexa posible, que se leven a cabo os trámites necesarios para a declaración de "Zona especial".

(No momento da votación está ausente a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de feito e de dereito, ACÓRDASE:

Primeiro.- Que pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia se leven a cabo os trámites oportunos á maior brevidade posible a fin de que se proceda á apertura dunha nova farmacia en San Paio de Navia e, en tanto non entre en funcionamento esta nova farmacia, se adopten as medidas necesarias para garantir a atención farmacéutica na citada parroquia.

Segundo.- Igualmente e caso de que sexa posible, que se leven a cabo os trámites necesarios para a declaración de "Zona especial".

21.- (243).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A CESIÓN DO EDIFICIO CAMBÓN PARA SEDE PATRONATO ILLAS ATLÁNTICAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de data 6 de outubro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do Bloque, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"O pasado venres 23, de Setembro en Santiago realizouse a xuntanza da Comisión Mixta de Xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas e entre outros acordos acadados, tomaron o de se dirixir aos entes locais para solicitaren "a cesión de edificios, solares ou locais" para a sede técnica-administrativa e Centro de Interpretación.

Nos tres últimos, anos o Parque Nacional nº 13 só foi nova de primeira páxina polo "Prestige", o cambio de Goberno na Xunta fixo posible que se reiniciase o diálogo, o estudo e valoración de novas propostas cara a por en valor o inmenso patrimonio que dito parque ten, como o avalan os máis de 180.000 visitantes anuais dos que 130.000 o fixeron ás Illas Cies.

O Casco Histórico de Vigo necesita seguir dotándose de novos servizos, centros públicos, dotacións etc., coidamos que o "Edificio Cambón" ten que ter xa un uso adecuado, evitando o seu actual deterioro e abandono, agresións vandálicas (roturas de entradas); evitalo é responsabilidade de todos e por isto, facemos a seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación acorda ceder o "Edificio Cambón" para sede técnica e Centro de Interpretación do Parque Nacional das Illas Atlánticas".

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria de 24 de outubro de 2005, quedou enterada do anterior escrito.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Ista é unha desas mocións que un lamenta ter que presentar porque cando o 23 de setembro do ano en que andamos se tomou un acordo en Santiago de configurar por fin unha sede fixa para o Parque Nacional das Illas Atlánticas, o día seguinte observamos que dunha maneira moi presta a nosa presidenta sae nos medios dicindo que se a Vigo se lle da esa sede, en 48 horas a terían. Un alarde deses dos que estamos tan acostumbrados ultimamente de "estamos traballando".

Hoxe, no día en que andamos, van 56 días dende aquela, as 48 horas convertíronse en 56 días e seguimos tendo a sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas e o centro de interpretación igual, nos papeis e isto despois de máis de tres anos de ter sido declarado Parque. Como algúns algo de experiencia temos en facer e non en dicir que facemos, toca o momento de tomar decisións en prazos que sexan fiables e non marear a gaivota e dicir que vai para aquí, que vai para un ou outro lado e ó final seguimos igual, sen asinar papeis.

Coido que nunha anterior moción miña, presentada no nome do BNG, aprobouse unanimemente cunha pequena corrección para lle dar máis axilidade, facultando á nosa presidenta para que poidera tomar a decisión da localización de xeito inmediato.

Está pasando o tempo, estamos na mesma canción e agora, a última semana, outra vez a noticia de que vai para a finca Zulueta. A verdade é que non o entendo, isto é falar dun problema pero o Muíño do Vento que está en Alcabre ten unha figura de planeamento aprobada, posiblemente cando se aprobe o Plan Xeral, o que quere dicir que hoxe nin somos donos, nin podemos utilizala e estamos na mesma.

Eu estaría de acordo se mañá se poidese empezar a construír ó lado do Museo do Mar a sede, claro que estaría de acordo, pero estou convencido que esta Corporación non a inaugurarán se se fai. Primeiro hai que aprobar o Plan Xeral, segundo hai que ser dono do que se cede. Podémosnos atopar outra vez facendo un hospital no solar dos veciños de Beade e Valladares, pero non sei se nos deixaran a parcela porque hai que negociar con eles que son os donos. Hai que empezar a ser un pouquiño serios.

Algúns cremos no casco histórico de Vigo, cremos que hai que o dotar de vida e un centro de interpretación a carón do peirao onde se vai ás Cies, que recibe 150.000 visitantes cada ano, coido que é un sitio posible e de inmediato. É máis, temos un centro histórico como é o Cambón, un edificio singular do que todos nos sentimos moi orgullosos e que por sorte a Administración da Xunta cedéunolo.

Non hai máis que anular ese convenio, pasa ser da Xunta e dámoslle vida realmente algúns como fixemos cando tivemos que facer, cun edificio singular. Estou vendo a milleiros de rapaces, como algúns xa fixemos, parar na Porta do Sol no seu autobús e ir camiñando polo casco histórico de Vigo, coñecendo o casco histórico e visitando un centro de interpretación. Tiven a sorte de ver un centro de interpretación e pódolle asegurar que Parques Nacionais ten un traballo esplendido nese tipo de sistema educativo para ensinar a natureza.

É máis, este é o último ano en que os parques nacionais dependen de Madrid, a partir daí dependen das autonomías, vai ser moi difícil conseguir fondos. Sei que nos orzamentos do ano 2006 vai unha partida moi importante para parques nacionais que permitiría perfectamente asumir un custo importante nese ano. Podemos perdela porque loitan todos os parques nacionais españois para conseguir o programa Esfera. Se nós lle damos o edificio e lle damos inmediatez, ese investimento que supera os 6.000.000 de euros pode vir para este edificio.

Neste momento ó edificio Cambón xa tentaron varias veces reventarlle as proteccións que teñen as portas e entrar nel. Non quero ser responsable de non investir, de non poñer en valor o Parque Nacional porque empezamos a dicir que xa se fará noutro sitio mellor. Eu son máis amigo dos proxectos posibles que dos proxectos bos aínda que me encanten, creo que o meu grupo teno demostrado e hai tempo e prazos para poder facer que o Parque Nacional das Illas Atlánticas teña unha sede digna, cun centro de interpretación digno no casco histórico de Vigo.

Se co tempo consideran que hai fondos de abondo para facer un edificio, eu non me vou opoñer, cómo me vou opoñer que ó lado do Museo do Mar se faga o que mellor queda? Pero se lé a ficha, Sr. Figueroa, verá o que pon, non fala de centro de interpretación das Illas Atlánticas, di que se situarán centros de interpretación para os restos arqueolóxicos que hai alí.

Algúns temos traballado bastante no desenvolvemento deste programa que fixemos hai anos, dígollo porque sabe que o que estou dicindo é certo. O propietario do Museo do Mar é a Zona Franca e os terreos son algo Zona Franca e moitos veciños do entorno que son os que pediron este tratamento. Polo cal a miña proposta de acordo e a do meu grupo é clara e é que o Pleno da Corporación acorde ceder o edificio Cambón para sede técnica e centro de interpretación do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

SR. SOTO FERREIRO: Vou aprobar o que escribe na moción o compañeiro representante do BNG de ceder o edificio Cambón, pero tamén vou anticipar algún criterio.

Non seríamos nós partidarios de que a cesión sexa permanente. A mín me parece que os Concellos sufrimos, permítaseme a palabra para que se me entenda coloquialmente, o espolio das Administracións que teñen moitos máis cartos ca nós, temos que dar terreos para un campo de fútbol, terreos para facer a escola non sei qué, estannos comendo patrimonio e vémonos desesperados porque logo non temos patrimonio e non podemos darlle solución a moitos servizos municipais que con outro tipo de patrimonio sí poderíamos.

Polo tanto estou absolutamente de acordo en que se faga a cesión pero de xeito transitorio e que se pacte no mesmo momento da cesión que, no menor prazo de tempo posible, non poñamos prazo pero pidamos que sexa no menor tempo posible, a Consellería teña a súa propia sede edificada e pagada por eles. Con esa condición, a mín paréceme que a solución do edificio Cambón é estupenda, de xeito transitorio, dignísima e me parece unha magnífica proposición.

E por último, non me resisto a dicir porque xa nalgunha ocasión o teño dito que deberíamos xuntarnos en Voceiros para falar dos edificios que hai en Vigo patrimoniais e ver que tipo de dedicación poden ter. Vou facer unha petición concreta xa que non se teñen recollido as insinuacións que fixen varias veces, ó millor poideramos ter a tentación calquera de nós que tal edificio vale para isto e ou para o outro. Que conste que non estou desmerecendo en nada esta proposición que me parece excelente, pero poidéramos os outros ter outras ideas que ó mellor son máis boas, menos boas ou regulares sobre outros edificios. Para non facelo así porque iso parece que require unha coordinación de toda a Corporación, voulle pedir formalmente á Sra. Alcaldesa que convoque unha Xunta de Voceiros extraordinaria para tratar o tema dos edificios municipais e qué posibles destinos deberían ter. Moitas grazas.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Adianto que a posición do grupo municipal Socialista vai ser apoiar a moción aínda que entendemos que sería unha grave irresponsabilidade que este goberno municipal non poidera facer unha proposta mellor.

Explícome: cremos en efecto que o edificio Cambón sería unha sede dignísima para o patronato do Parque Nacional das Illas Atlánticas e para o centro de

interpretación pero cremos que só ten un único inconveniente: a dificultade de aparcamento aínda que obviamente sabemos da proximidade de aparcadoiros que poden facilitar o uso deste centro de interpretación por moita xente pero cremos que, dalgunha maneira, sería tamén desaproveitar unha oportunidade que nos da a Consellería de Medio Ambiente, o Ministerio de Medio Ambiente a nivel do estado central.

Hai a posibilidade de que fagan un investimento moi importante nun edificio singular, nun edificio característico, sempre e cando poñamos exclusivamente os terreos. Iso é algo absolutamente de sempre en canto a investimentos deste tipo co que cremos que sería unha perda desa oportunidade que atopemos uns terreos que ademáis deberían de estar na beira do mar, que puideran dispoñer de aparcadoiro suficiente para que ese centro de interpretación tivera unha vida importante e polo tanto parécenos que non é solución de xeito ningún a proposta da finca Zulueta da Alcaldesa o último día do prazo que tivo da súa reunión co conselleiro de Medio Ambiente porque estaríamos desvestindo un santo para vestir mal a outro. É desvestir ó Museo do Mar.

O Museo do Mar se se fai a ampliación da finca de Zulueta, entre outras cousas para facilitar que aí se cre todo un centro que permita ter unha maior vida a ese museo. E por suposto tamén polo menos temerario dispoñer dalgo que non é noso. É obvio que a finca Zulueta non é nosa. Por iso cremos que, como é importantísimo aproveitar esta oportunidade, dar un prazo que tería que ser moi breve para que se poida poñer a disposición eses terreos, que eu estou convencido que ten que haber propiedade do Concello de Vigo, para que se poida facer un centro de interpretación xa con ese investimento importante para facer ese edificio singular do que puideramos sentirnos orgullosos e, se non é posible atopar ese terreo nun prazo que tería que ser moi breve, porque o problema é que hai unha partida orzamentaria para facer isto e convén que esa solución sexa o máis inmediata posible, se realmente o goberno municipal non é quen de atopar esa parcela da que sexamos propietarios, cremos que a solución do edificio Cambón non é unha mala solución. Superado o inconveniente do aparcamento coido que poderíamos ter un centro dignísimo que sí que redundaría no beneficio do que estamos a falar permanentemente ó respecto de facer que o casco vello sexa unha zona visitada, con vida e iso sería moi importante. Ciodo que isto é o substancial, aproveitar unha gran oportunidade para Vigo de facer un centro de interpretación do Parque Nacional de Illas Atlánticas importantísimo. A petición que fai o Sr. Soto é unha petición que se fixo

por escrito a Alcaldesa da cidade o 19 de outubro da que non temos aínda contestación, na que lle solicitamos que convoque a Xunta de Voceiros para acordar a constitución da comisión de representantes dos grupos políticos que estude e resolva sobre os servizos municipais que poidan ser descentralizados, conforme o acordado nos Plenos de febreiro e setembro de 2004, non deste ano, hai xa acordos plenarios en febreiro de 2004 e outro setembro do 2005 que amplía e profundiza no acordo de febreiro, nos que este goberno municipal quedou comprometido a facer esa comisión porque estabamos na danza dunha serie de edificios, non só o edificio Cambón; o edificio do rectorado que vai ser de novo propiedade municipal, o edificio que popularmente se coñece como Restaurante El Castillo, que requiren un estudo serio que non se fai en dous días. E para facer ese estudo é imprescindible que poñamos en marcha esa comisión o que sería cumprir uns acordos perfectamente claros de dous Plenos do ano pasado. Gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Imos ver se clarexamos un pouco este tema porque seguramente lles falte información ou dende os seus grupos non lle pasan información dende Santiago o que é peor. Cando se toma esta decisión de Parques Nacionais de buscar unha sede, mesmo unha localización para a sede de interpretación, o primeiro que fai a Alcaldesa é poñerse en contacto co conselleiro de Medio Ambiente que é o que procede e así o fai.

Faino telefónicamente, manteñen varias reunións vía telefónica e acordan que o conselleiro visite a cidade de Vigo, como así o fai. O conselleiro visita a cidade de Vigo hai aproximadamente un mes e nesa reunión se fala dunha serie de lugares e se acorda que a Alcaldesa cos técnicos do Concello e da Consellería farán unha proposta máis ou menos consensuada e a Alcaldesa busca posibles localizacións, busca o edificio da escola de hostelería que pode ser unha medida provisional para que mañá mesmo se instalen aí e non teñan ningún tipo de disculpa de que non poden instalar a sede. Fálase da finca de Zulueta que é unha finca propiedade de Zona Franca que ten 7000 m² de edificabilidade, ten 0.5 m²/m² e que no Plan Xeral está recollida como un sistema xeral de uso dotacional co que se poderían construír aí 3500 m².

Pásaselles ós técnicos da Consellería e de Illas Atlánticas e veñen visitalo, fan unha valoración deses terreos e parcelas que é o sitio idóneo. Cando llo confirman á Alcaldesa fálase co delegado de Zona Franca porque é propiedade da Zona Franca e eles dín que encantados porque xa se tomou unha decisión no Comité Executivo e no Pleno da Zona Franca de que

non se necesitan eses terreos para a ampliación do Museo do Mar porque o delegado o que quere é desprenderse do Museo do Mar urxentemente.

Non diga que non, Sr. Calviño, porque no último Comité Executivo aínda tratamos ese tema e o Sr. Toba, que non me deixará por mentireiro e que estaba nese Comité, pódeoo ratificar. Mesmo eu lle dixen ó Sr. Toba que o Sr. López Peña tiña pouca habilidade porque sendo el membro do mesmo partido que é a conselleira de Cultura, está vendendo mal o burro e a ver logo como vai ser quen do facer porque estaba dicindo que producía pérdas e que a Zona Franca non podía seguir coa xestión dese centro. E díxenlle de broma ó Sr. Toba que supuña que descolgaría o teléfono e chamaría á conselleira para lle dicir cal era o argumento do Sr. López Peña. Estouno contando porque foi público e mesmo nos rimos un pouco.

A Zona Franca non necesita eses terreos para a ampliación do Museo do Mar. Cando se consensúa esta postura a Alcaldesa fala co conselleiro e dille que imos remitir esta proposta porque os técnicos consideran que pode ser unha proposta idónea e así se fai. O 27 de outubro remítese unha carta donde se lle di que hai unha finca de 7000 m2, por suposto que non se fai alusión a ningún tipo de conversación nin de acordos previos, as condicións nas que está, etc. e dise tamén que a sede do Parque Nacional que albergará as oficinas técnicas e administrativas podería instalarse no antigo edificio da escola de hostelería, propiedade do Concello, mentres duren as obras de construción da sede do Parque Nacional.

Isto é o que se fai porque nós o que queremos é que se faga un edificio emblemático na cidade de Vigo e non podemos desperdiciar nin esta oportunidade que temos dunha investimento de seis ou sete e incluso se falaba de oito millóns de euros para un edificio emblemático próximo o mar. Como vostedes comprenderan terreos próximos ó mar para facer un edificio emblemático temos poucas opcións, ou aquí ou nos imos á ETEA que é peor ou témolo bastante complicado.

En calquera caso pensamos que esta é a mellor solución porque, como dicía o Sr. Calviño e collo as súas verbas, perder unha oportunidade de facer unha investimento de oito ou nove millóns de euros nunha sede emblemática é moito máis importante que o facer no edificio Cambón que ó mellor con 600.000 ou 700.000 euros resolven o problema e a maiores nos quitan a nós a posibilidade de ter un edificio emblemático do Concello para outras necesidades que poidésemos ter.

Imaxinémonos no peor dos casos que non puidese ser ou puxesen dificultades para facelo na finca de Zulueta, que a sede da hostelería non nos servira.

Hai unha posibilidade extrema que nós non queremos esgotar de que poida ser o edificio Cambón, que queda aí como unha posibilidade pero imos forzar a situación de que nos fagan un investimento importante nuns terreos onde ademáis creo que é un sitio apropiado ó lado do Museo do Mar, perto das praias, pódese facer aí unha zona sociocultural importante co Museo do Mar, o centro de interpretación, o Verbum, etc.

Podemos potenciar e revitalizar e coido que lle daríamos vida ó Museo do Mar, sería unha boa zona porque estaría perfectamente conectada co mar, ten as Illas Cíes en fronte e creo que sería un lugar idóneo.

Esa é a opción pola que apostamos como prioritaria, como número un, ó 99 por cento. Pero imos poñernos no peor dos casos, sen ser alarmista Sr. Fernández, coido que vostede o entende e ademáis é unha persoa razoable. No peor dos casos que non se poida situar aí nin na escola de hostelería, como estamos reformando o edificio Cambón, podémosllo entregar mañá mesmo. Vostede imaxínese que o padroado das Illas Atlánticas di que nos da 24 horas para resolver este tema porque non se aprobou o plan xeral, esperemos que si pero imaxinémonos que non, pois temos esa opción porque non tomamos a decisión de instalar nada aí.

Só temos a pega de que no convenio nos din que será para órganos de goberno do Concello. Pois se pode suspender este convenio, cederlles outra vez o edificio e quedaría o 0.01 por cento de posibilidades de que o Cambón o tivesemos mañá mesmo. Pero eu creo que esta cidade non pode perder a oportunidade dun investimento de nove millóns de euros e de facer un edificio emblemático.

Por iso nós queremos que se estude esta opción pero deixamos esa reserva, esa posibilidade que nós non creemos nela pero queda enriba da mesa como opción final e desesperada para o momento en que nos digan que hai un ultimato. Coido que estamos enfocando ben o tema, con rigor, responsabilidade e pensando na cidade por riba de todo. Non dicimos que a opción que vostedes presentan sexa mala, pero non creo que sexa a mellor opción que teñamos agora mesmo. Pensamos que é mellor a outra e así teríamos o edificio Cambón para outras opcións que puidesemos ter, para turismo ou para outros temas importantes e tamén sería revitalizar o casco vello.

Polo tanto imos votar esta moción en contra, comprometémonos e o discurso que estamos facendo é que a primeira opción e ista e que non desbotamos que calquera dos edificios que decidamos nesa comisión poida ser para ese centro de interpretación. Temos o rectorado do que temos que tomar unha

decisión, a parte principal máis a traseira; a Deputación tamén quere ter unha sede na nosa cidade e teremos que tomar unha decisión; temos O Castillo, temos As Dornas que imos recuperar tamén, vai ser noso a partir do 31 de decembro, coído que debería seguir co mesmo uso pero creo que é unha cuestión moi persoal que nin falamos no grupo de goberno. Temos catro edificios sobre os que podemos tomar decisións e agora lle vou contestar o Sr. Calviño por qué non se convocou esa comisión.

Estamos esperando a ter o borrador coa Universidade do rectorado para que cando ultimemos ese tema, sabe vostede que o orzamento desa modificación de crédito onde tiñamos un millón de euros para a compra do rectorado entrou en vigor hai oito ou nove días e xa estamos en contacto co vicerrector, don Alberto Lago, o acordo hai que documentalalo e cando o teñamos asinado será o momento de sentarse e dicir temos rectorado, Cambón, Castillo, As Dornas, aínda que está nunha situación que eu non a metería porque non consideramos que sexa un edificio institucional, e haberá que tomar outra decisión con respecto a todas as concesións que temos ó bordo do mar; sentarémonos e tomaremos unha decisión.

A zona franca está disposta a ceder estes terreos ou a chegar a un acordo. Seguramente que é verdade que a Zona Franca ó mellor vai tentar negociar estes terreos coa cesión do Museo do Mar; pois serán as tres institucións, Xunta, Zona Franca e Concello que se terán que poñer de acordo. No peor dos casos, e isa tranquilidade é o que temos que transmitir, tanto á Consellería de Medio Ambiente como ó Padroado da sede das Illas Atlánticas, que non hai ningunha dificultade na cidade de Vigo. Nós temos mañá un edificio en cuestión de 24 horas pero non esgotemos esa posibilidade.

Claro que poderían rendabilizar moito máis ese investimento se lle damos o Cambón, con 600.000 euros nos liquidan e da outra maneira imos ter un edificio emblemático que pode ser a ruta sociocultural da nosa cidade, conectando todo o bordo litoral, co Museo do Mar, o centro de interpretación, o Verbum, etc. Temos uns edificios que, acertada ou erradamente, non vou entrar nese tema porque seguro que sería un debate longo, pero agora os temos e como comprenderán o Verbum hai que revitalizalo, temos que intentalo porque non lle podemos cambiar o uso nin o destino xa que é unha subvención finalista que a perderíamos.

Esas cuestións xa están aí e seguramente non é a mellor situación pero xa está e toda a Corporación ten que asumilo. Cremos que ese pode ser un punto estratéxico dentro desa ruta cultural que poderíamos marcar e por iso imos defendelo como primeira opción.

En canto á outra, non temos ningunha dificultade, con reunirmos, tomar un acordo aquí e se estamos de acordo cederlle o edificio, en 24 horas se instalan aí.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, non digo que a súa posición sexa mala pero me parece que hai opcións mellores. Lamento que non se teña xuntado esa comisión porque agora sen querer temos que falar e barallar os edificios de todos os lados pero lle vou anticipar algún criterio.

Hoxe ven unha moción que fai o grupo Socialista para lle ceder o Museo do Mar á Xunta de Galicia supoñemos que para que se faga o Museo do Mar de Galicia que é o que daría sentido a que o collera a Xunta. Se é así, que penso que é a intención do Grupo Socialista, o que hai non chega na nosa opinión. Están barallando terreos para facer outras cousas e para min terían que ir anexos e se coinciden co Sr. López Peña encántame. Paréceme mesmo insuficiente o que lle transmitimos á Xunta de Galicia se se chega a ese acordo de transmitir a Zona Franca tanto as instalacións que hai como da única posibilidade de crecemento que agora mesmo se pode albiscar que son os terreos que estaban para iso e non para outra cousa. Non cercenemos as posibilidades de crecemento do Museo do Mar porque sería un erro.

Hai outro tipo de solucións: eu non falo de ceder o edificio Cambon sine die. Insisto en que as outras institucións teñen que asumir as responsabilidades do que queren facer, se queren ter terreos para facer outro edificio que merquen os terreos. Coido que eu escoitei declaracións de que tamén eles poderían mercar un edificio emblemático, poden mercar un ou dous edificios no casco vello de Vigo e facer un edificio ad hoc, cunha obra arquitectónica preciosa, adaptada ós tempos que corren. Deámoslles todas as facilidades pero que o fagan eles e cos seus cartos que é a quen lles toca.

En segundo lugar estou absolutamente en contra de que se poida prexudicar o Museo de Mar de Galicia que espero que poida haber no seu día e para iso os terreos de Zulueta son absolutamente indispensables.

Vostedes quixeran conservar o edificio Cambón; eu tamén, falo e as palabras do Sr. Fernández foron na mesma dirección de que era unha cesión transitoria e ata que non se resolva de mellor xeito.

Tamén un pequeno comentario sobre o que piden: queren uns terreos a caron do mar e ademais que llos regalen. Milagres non, agás que sexa na ETEA; vostede falou do Verbum que ten subvención finalista e digo como o Marco,

que ten unha decisión finalista e está destinado a unha cousa que non ten nada absolutamente que ver coa finalidade para a que se subvencionou.

Se votan en contra están no seu dereito, paréceme un erro de percepción co que debe ser o Museo do Mar de Galicia e co que pode ser este edificio porque dados os anuncios dun conselleiro que a min me merece moitísimo respecto, cando escoito os obxectivos sei que é un home que vai tentar cumprilos e seguramente o fará e cando di que está disposto a facer un edificio emblemático é que o está con todas as consecuencias. Deámoslle falicidades pero os cartos que os poñan eles, así de claro.

SR. TOBA GIRÓN: O peor de demasiados acordos que se toman na cidade é que demasiadas veces se toman compulsivamente, de xeito pouco programado e o resultado final é unha suma de retallos e non un proxecto. Dende o noso punto de vista iste é un caso moi evidente.

Por unha banda conseguimos que a sede do Parque Nacional estea en Vigo, asunto extremadamente importante polo que vai aportar á cidade e mesmo polo que representa simbolicamente e que eu valoro máis que o outro. Temos a sede concedida e agora nos embarullamos nun debate que dende a perspectiva do noso grupo non ten ningún sentido.

Dos terreos do Museo do Mar eu podo contar a historia completa sen pasar necesariamente polo Comité Executivo da Zona Franca, Sr. Figueroa, e sen os comentarios do actual Delegado que darían seguramente para algún divertimento, entroutras cousas porque é unha persoa divertida.

Ese debate dos terreos do que chamamos a finca Zulueta iniciouse no ano 2000, cando practicamente se estaban rematando as obras do Museo do Mar cun proxecto que este Concello non controlou e que por certo tampouco controlou a Xunta de Galicia, fíxoo directamente a Zona Franca incumprindo un convenio do ano 98, pero xa falaremos diso no seu momento cando toque.

Naquel intre púxose de manifesto por parte de Zona Franca, actual xestora do Museo do Mar, que realmente había unha serie de instalacións que quedaban angostas, que dificilmente se podería poñer en marcha ese gran proxecto museístico se non aproveitabamos os terreos cercanos para ampliar adecuadamente esas instalacións.

Eu daquela era concelleiro de Urbanismo e nese sentido empezamos a traballar case ó dictado, en base a sucesivos informes encargados polo Consorcio da Zona Franca. Por iso os terreos da finca Zulueta están situados no Plan Xeral que nalgún momento se aprobará, dentro da ordenación detallada AOD-23, que ten un nome referencial que xa citou o meu compañeiro

Amador Fernández, e establécense alí uns usos. Di: resolver a ampliación do Museo do Mar para a custodia e clasificación de novos fondos, dispón ademais de aparcamento para o mesmo compatible para satisfacer a demanda dos usuarios das praias da área, e dous, completar a disposición de espazos libres para o famoso paseo marítimo de Alcabre, que algún día o veremos completado. Dispoñer de equipamento cultural complementario do Museo con aula de interpretación arqueolóxica.

Vostedes saben que alí atopamos restos arqueolóxicos realmente importantes e nas proximidades hai máis restos arqueolóxicos moi importantes. Estase deseñando unha gran actuación cultural arredor do Museo do Mar e tamén dos valores arqueolóxicos daquela zona e, qué é o que se pretende agora? Xa non é necesaria a ampliación das instalacións do Museo do Mar? Ó mellor alguén estivo axitando papel que non tiña significado pero a min pareceume que o tiña no seu momento. Ou é que agora xa non hai restos arqueolóxicos nin hai que musealizalos alí mesmo? Sinceramente eu creo que sí. Non é que crea, sei que sí. A que estamos xogando?

Aínda por riba complicámolo máis porque os terreos nin sequera son nosos. Os terreos que eran nosos son precisamente os do matadeiro onde se construiu o Museo do Mar que cedimos no ano 97 ou 98, precisamente á Zona Franca para que fixese o Museo do Mar. Temos que entrar en acordo nós, a Xunta e o Consorcio da Zona Franca. Eu estou seguro que o actual delegado da Zona Franca é quen de se desprender do Museo do Mar e de moitas cousas. Estou disposto a deixarme sorprendido e a manter viva a miña capacidade de sorpresa.

A mín no me interesan os problemas da Zona Franca, eses son os seus problemas e do actual delegado; a mín me interesa a cidade de Vigo que para iso estamos aquí sentados e sí que me interesa que se complemente a actuación do Museo do Mar con esas necesarias actuacións para fondos e para os restos arqueolóxicos e con maior dotación de aparcadoiros, claro que me interesa. Interésanos a todos e a todas, interésalle a cidade.

Daquela deixamos espido ese proxecto, para qué? Para facer un edificio emblemático. Qué é un edificio emblemático? Para non perder un investimento. Falemos co conselleiro de Medio Ambiente que é unha persoa razoable e que nolo anote no debe. Mira que non hai proxectos en Vigo en Medio Ambiente útiles para a cidade de Vigo nos que o Sr. Conselleiro se poda aplicar. Utilicemos o que temos con outras misións e a misión que nós propoñemos e apostar por revitalizar o casco vello.

Nós sabemos o que é un centro de interpretación, supoño que vostedes tamén porque o Sr. Fernández no tempo en que foi concelleiro de Medio Ambiente encargouse de preparar o terreo para que ese centro viñera para Vigo, vostedes sábeno, non se trata de patrimonializar nada, nese traballo houbo moitas vontades e dos distintos grupos. Vimos como funcionaban como sistemas atraccións de persoas e mesmo a súa importancia e iso é o que necesitamos no casco vello.

Temos en marcha un proxecto de rehabilitación do casco vello, un convenio que agora se pon a funcionar e co que nós estamos moi ilusionados, aquel famoso convenio que no seu momento asinamos co conselleiro Sr. Cuiña e co Sr. Egerique, daquela delegado da Zona Franca, pero que está vivo agora, funciona e funcionara nos próximos anos e será un magnífico proxecto para esta cidade. Pero fáltanos tamén o elemento crucial para crear vida no casco vello e isto é unha oportunidade fantástica e non debemos deixala escapar.

Sobre todo non debemos deixala escapar sinxelamente por unha decisión compulsiva que trae aparelado machacar un proceso máis ambicioso para o Museo do Mar. Non sei se me entenderon pero o que imos facer é espír aqueles proxectos que eran e son necesarios para o Museo do Mar, independentemente de quen os xestione no futuro, para que a xestión sexa viable e ó mellor inviabilizamos a xestión. Paremos un pouco.

Nós témolo moi claro, pero entendo que pode haber dúbidas no resto dos grupos. Nós temos unha moción moi clara, se vostedes queren un acordo propoñemos polo de pronto que vaíamos adiante co do edificio Cambón pero pola nosa parte deixamos aberta calquera outra alternativa que nun futuro poida aparecer e que poida mellorar a situación. Sinceramente non cremos nel, coñecemos ben o territorio de Vigo e sabemos as dificultades de conseguir non sei cantos metros cadrados á beira do mar, Sei que é complicado.

O Sr. Figueroa di As Dornas, de acordo co que está formulado no Plan Xeral terá que caer e os servizos terán que se trasladar, así recuperaremos o areal de Samil e teremos que trasladar os servizos para atrás, non imos seguir coa liña de edificación enriba, iso xa está superado, xa o deixamos atrás, xa é pasado.

Podemos facer unha proposta e é que de inmediato se fale, como dí a nosa moción, co conselleiro de Medio Ambiente para dicirlle que aquí temos un edificio que eles nos cederon; hai uns meses nos ceden un edificio que agora necesitan, qué falla de planificación na decisión. Pero en todo caso,

poñamos ese edificio á disposición da Consellería de Medio Ambiente, non corramos ningún risco coa sede nacional, apostemos polo casco vello e deixemos a porta aberta.

Non temos ningún inconveniente de que nun futuro, co novo Plan Xeral aprobado, con novas necesidades discutidas e clarexadas, poida haber outras alternativas, seguramente mellores, que nós agora non somos quen de ver. Aseguremos canto antes a sede do Parque Nacional e que non nos preocupe se o investimento vai a ser 600.000 ou 900.000 euros. Preocupémonos se o investimento é acertado para a cidade, para o presente e para o futuro.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: que quede claro o que dixen na primeira parte da miña intervención anterior: nós imos apoiar a moción porque non nos parece unha mala solución o do edificio Cambón por todas as razóns aquí ditas, o cal vai traer consigo inmediatamente que o goberno municipal paralice algo do que nos enteramos polos periódicos, xa que non nos enteramos por outros medios, paralice o investimento de 860.000 euros na segunda fase do edificio Cambón pensando nos servizos municipais. Hai aí un anteproxecto e un prego de condicións, que o paralice porque ademais é cumprir co acordo de setembro do Pleno de 2004 onde se dicía que se aprazara calquera gasto no Edificio Cambón ó que resulte do estudo que estabamos a reclamar unánimemente todos os Grupos, mesmo o Partido Popular votou aquela moción do Grupo Socialista.

No Pleno de setembro votou iso e xa se fixo un investimento que non estivo mal porque foi un investimento por parte da Xunta de Galicia para a derruba interior do edificio, pero agora está o investimento, que non sei en qué estado procedimental está pero que dende logo e polos xornais semella que é un investimento de 860.000 euros.

Non quero falar máis do resto dos edificios e do incumprimento. Que estea pendente de asinar o tema coa Universidade seméllame banal. O estudo que temos que facer do uso dos edificios municipais cos que imos contar é algo que non vai ser doado, vai requirir un tempo. Non perdamos máis o tempo nese tema.

Que quede claro que apoiamos a moción nos termos formulados polo Grupo do BNG.

Sorriáme cando vostede entrevistou respecto da Zona Franca e apuntei rapidamente: "os terreos da finca Zulueta necesítaos o Museo do Mar e non a Zona Franca" e non me referirei máis a ese tema. Evidentemente que a Zona Franca sexa responsable do Museo do Mar, da finca Zulueta e de festas,

bombas ou xogos luminotécnicos é algo incomprendible e que non entende ninguén porque está para facer outras cousas. O Museo do Mar necesita os terreos imperiosamente e coido que xa se dixeron suficientes cousas ó respecto.

Nós non lle queremos poñer a este proxecto importantísimo para a cidade ningún atranco e por iso dicimos que adiante co edificio Cambón e se é necesario que sexa xa, pero coido que deberíamos facer o esforzo porque moitos concellos estarían encantados, Pontevedra protestou por non seren a sede do Padroado, porque o centro de interpretación non fose para Pontevedra; seguramente que calquera Concello estaría encantado de poñer ó dispor da Consellería inmediatamente terreos para facer este centro de interpretación, ¿imos facer "o indio" en Vigo de liármonos para perder esa posibilidade?

Por iso digo que o concelleiro de Urbanismo, a Alcaldesa e o Goberno municipal fagan ese último esforzo por veren se hai unha parcela que reúna condicións axeitadas para ese centro de interpretación e sede cara ó futuro. Se non se atopa ese terreo en 15 días, adiante co edificio Cambón e deixémonos de historias.

Aproveito para dicir que dende logo o noso grao de interlocución coas Consellerías é permanente, neste caso concreto temos datos todos os días e ademais desta mesma mañá. Non se preocupen vostedes que nós temos esa interlocución clarísimamente e sabemos que non verían mal coma última solución ese tema. Encantaríalles que poideran ser outros terreos porque eles saben dos inconvenientes da finca Zulueta, ós técnicos posiblemente lles encantaría a finca, encántalle a calquera porque non saben o que hai detrás de todo o asunto, pero lle podo asegurar que a Consellería sabe que é temerario xogar co que é dos demais.

Lamento, e ademais aproveito para o dicir, que non tiveramos a oportunidade todos os voceiros, porque nós a temos todos os días pero ó mellor o voceiro do Partido Galeguista e o do Bloque Nacionalista Galego estarían encantados de poderen falar dese tema cando o Sr. Conselleiro de Medio Ambiente víu visitar a nosa cidade.

Por parte da Consellería había esa disposición para facer esa reunión en Xunta de Voceiros para escoitar as opinións dese conselleiro de Medio Ambiente, pero foi a Alcaldía desta cidade quen se negou de xeito que, por favor, tamén neste tema pedimos que haxa unha maior disposición a contar co resto dos Grupos municipais.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos manter a nosa posición porque temos perfectamente claro que é unha postura politicamente coherente e que ademais sempre temos a opción do edificio Cambón en 24 horas cando se coide axeitada. Polo tanto nós temos que esgotar todas as posibilidades de que se constrúa un edificio emblemático na nosa cidade.

Con respecto á última parte da intervención do Sr. Calviño, imos seren claros: En Vigo hai un Goberno que preside unha Alcaldesa para ben e para mal e cando ven un Conselleiro recibe o trato correcto que ten que recibir dende a Alcaldía. Se o Conselleiro considera que ten que se reunir cos voceiros pódese convocar cando o coida ou deixe de coidar axeitado.

Vostedes maxinen que todos os alcaldes de Galicia cando van recibir ó Presidente da Xunta ou ó Vicepresidente din que queren unha reunión a seguir nunha sala cos voceiros do BNG, neste caso se fora do PSOE ou do PP, e se fora do Partido Socialista ou do BNG co Partido Socialista ou co PP, maxinen vostedes o despropósito institucional que podería significar isto; maxinen que vostedes pidan isto neste Concello e nós que temos 212 alcaldes en Galicia lle pidamos ó Presidente e ó Vicepresidente da Xunta que cando os reciba algún Conselleiro ou eles que queren ter unha reunión cos voceiros dos demais Grupos. Imos ter todos un pouco de coherencia.

Vostedes poden reunirse cos Conselleiros que coiden coma o faciamos nós cando estabamos na oposición que iamos tomar un café á Alameda ou a outro lado, ou levavámoslos ó andar oitavo, que non querían vir os nos propios porque dicían que era unha falla de respecto institucional. Se ven visitar a un Alcalde o lóxico é que o reciba o Alcalde e se un ten que falar algo dalgún Grupo lle pida unha entrevista ou vaia ó Parlamento e o reciba alí.

Polo tanto nós imos facer respectar o protocolo que marca unha institución seria coma é o Concello de Vigo para ben ou para mal; o que pasou co Conselleiro de Medio Ambiente, Sr. Calviño, se vostede non o sabe foi que algún Grupo viu se queixar á Alcaldía, algún Grupo queixouse, qué falla de respecto institucional polos ter esperando unha hora. Nós non convocamos absolutamente a ninguén, nós dende a Alcaldía non convocamos a ningún Grupo político. Foi unha representante do seu partido quen convocou ós demais Grupos na Alcaldía e polo tanto será esa representante dun partido quen lle terá que dar conta ós demais Grupos.

Pero nós tampouco nos queixamos porque o Conselleiro de Medio Ambiente visite a uns veciños nunhas instalacións municipais sen nos pedir autorización, seméllanos normal, non entramos nesas guerras institucionais nin dialécticas pero iso se fixo ás costas do Goberno cando tivemos unha

reunión con eles durante unha hora. ¿Gustaríalles a vostedes se fosen Goberno que un Conselleiro viñese e fixera unha visita a unha instalación municipal sen pedir autorización? Dígano claramente, polo menos por cortesía institucional poderían dicir que ían visitar esas instalacións. Nós no dixemos ren, calamos e non íamos dicir absolutamente ren pero se vostede saca o tema a debate está perfectamente claro que nós non imos aceptar baixo ningún concepto un goberno paralelo, nesta cidade hai un só Goberno mentres a Coporación queira. Cando ista non queira haberá outro Goberno pero nós imos facérmolos respectar por riba de todo porque o coido lóxico.

Vostedes saben que o trato é exquisito porque víu un Vicepresidente da Xunta e reuníronse ós voceiros porque hai temas excepcionais que así o requirían. O día que veña o Presidente da Xunta loxicamente haberá unha visita coa Alcaldesa e unha reunión institucional porque coidamos que procede, pero tamén coidamos que cun Conselleiro os temas son de xestión cotiá que ten un Goberno, unha Alcaldesa, un Conselleiro, un Director Xeral, un Secretario Xeral.

Vostedes e nós a nivel de Grupos políticos podemos ter a oportunidade de ter esas reunións cando queiramos e nós non lles dicimos a vostedes que cando veña un Conselleiro e queira ter unha reunión cun voceiro que o faga, pero non imos aceptar baixo ningún concepto que un Conselleiro nos diga a nós, no Concello de Vigo, quen ten que estar nas reunións para tratar temas do goberno da cidade e quen non, ímolo marcar nós evidentemente, os temas de protocolo marcámoslos nós na nosa casa e teñen que nos respectar e nos respectan.

Tampouco imos entrar nunha cuestión maior se o Conselleiro quere ter unha reunión con calquera Grupo político. Houbo Conselleiros que chamaron a esta Alcaldía e dixeron que a reunión era con todos os Grupos políticos e nós non coidamos que iso sexa axeitado porque hai cuestións de Goberno que non se poden tratar con todos os voceiros. Haberá reunións onde sexa lóxico que estean todos os voceiros e outras non. O Sr. Príncipe cando se reunía con Conselleiros ou Ministros chamaba ós voceiros? ¿ou o Sr. Soto? ¿ou o Sr. Pérez Castrillo? ¿ou o Sr. Pérez Mariño? ¿Cántas entrevistas queren desas? O outro día víu aquí unha persoa, o Presidente da Autoridade Portuaria e, con todo os respectos, dixo que as conferencias de prensa queríaas facer el só. Respectóuselle, deu el primeiro a conferencia de prensa e logo a Alcaldesa. Foi un posicionamento político respectable que non molestou

absolutamente a ninguén porque cada quen marca os seus criterios e as súas condicións.

Iste non é un Goberno débil, é un Goberno de dez pero non é débil que é distinto, se é un Goberno de 10 de 27 non quere dicir que sexa un Goberno débil porque semella que se quere escenificar que cando ven un Conselleiro o único que se quere cara ó exterior é que teñen que estar os voceiros para resolver os problemas da cidade. Non e coido que non debemos entrar máis nesas cuestións. Pedimos un pouco de respecto institucional e protocolario, nada máis.

Sr. Calviño, ¿a vostede gustaríalle que cando o conselleiro ou conselleira do momento recibira a un alcalde do Partido Socialista nós pedíramos que estiveran os voceiros dos demais Grupos no Parlamento? ¿sería de recibo iso? Eu coido que non.

SR. SOTO FERREIRO: Quero falar primeiro por alusións personais.

Sr. Figueroa, se non se fixeron cousas coma as que di vostede cando eu era Alcalde foi porque xamais se me pediron. Vostede estaba naquela Corporación e non me pode dicir que minto porque lle aseguro que se eu fose agora Alcalde de Vigo e os demais voceiros me pediran ter unha reunión cunha personalidade que visitara Vigo, coma pode ser un Conselleiro, voulle dicir todo o que faría: en primeiro lugar e coma Alcalde de Vigo recibir persoalmente a ese Conselleiro porque o Alcalde ou Alcaldesa de Vigo deben ter un rol que todos debemos respectar e penso para os demais o mesmo que pensaría para min. A seguer engado que xamais o impediría, facilitaría que a seguer desa entrevista poidera ter unha entrevista co resto dos voceiros estando e mesmo seguramente sen estar a Sra. Alcaldesa, cousa que non se fixo, Sr. Figueroa, desculpe pero non se fixo.

Sr. Figueroa, aquel día eu admitinlle que os tres voceiros que alí estivemos esperando non lembro agora canto pero seguramente que hora e pico cometimos un fallo, díxenllo persoalmente e tamén llo vou dicir aquí. O meu fallo foi non llo comentar ós servizos de procolo do Concello, coido que tivemos ese fallo. Pero vostedes que viron a tres voceiros do Concello de Vigo durante hora e pico nun corredor foron moi desconsiderados porque sinxelamente se eu vexo a un coñecido nun corredor pregúntolle qué lle pasa, se quere algo e se vexo xuntos a tres voceiros pregúntolles se lles pasa algo, se queren algo e tentarei tratar con eles unha solución.

O problema de fondo é que vostedes están actuando cunha prepotencia que asusta e acabo de velo dirixíndose ás bancadas e dicindo iso de "e se non

póñanse de acordo que seguimos aquí con mando en praza". Nótaselle moito, vostede ven dicir cun desplante, coma na miña opinión acaba de facer na tribuna que: "ou toman vostedes as rendas ou aquí seguimos pase o que pase e facémolo coma nos peta".

Pois mire, Sr. Figueroa, vostedes poderán facelo coma lles pete, non sei o que ten pasar o deixar de pasar porque non son quen para o dicir nin seguramente para o saber, pero dende logo mal camiño colleron. Colleron nun principio un camiño de moito consenso, de moita palabrería e en canto que se viron seguros nin consenso, nin palabras, nin ren de ren. Mala cousa, de verdade.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Coido que é necesaria unha explicación dunha interpretación que fai o voceiro do Partido Popular que denota cando menos inseguridade na súa formulación, "excusatio non petita accusatio manifesta", coido que se di en latín.

O do Goberno feble dío vostede, o Goberno forte é o goberno que se sente seguro e que non ten medo ó arropamento institucional.

Nós, coma grupo municipal, tivemos a invitación ou a solicitude dun conselleiro e unha conselleira que visitaron esta cidade e que desexaban poder escoitar a opinión do noso Grupo municipal respecto de dous temas cruciais para a cidade, un o novo hospital, outro os problemas de depuración da cidade de Vigo e a localización da sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Non son cuestións de trámite, son dúas cuestións centrais das máis importantes que ten que abordar esta Corporación.

Nesa visita institucional a esta cidade nós dicimos que somos voceiros dun Grupo pero hai máis voceiros doutros Grupos e tamén nos gustaría coñecer a opinión de todos os Grupos da Corporación sobre este tema aínda que a visita institucional é co Goberno como non pode ser doutro xeito. En ningún caso se buscou unha visita conxunta, unha reunión.

Descúlpeme, Sr. Figueroa, vostede di moitas cousas, algunhas son absolutamente axustadas á verdade pero outras coido que son interpretacións que vostede fai e, por favor, déixeme rematar porque ó mellor é que a miña verdade é diferente da súa ou a información que eu teño é distinta da que ten vostede, se lle parece e para non entrar en descalificacións personais. O que lle quero dicir e que naquel momento, tanto nun caso coma noutro, ninguén pretendía usurpar o labor do goberno, sinxelamente se se pedía a nosa opinión dala en sede municipal e conxuntamente, nin tan siquera

tomando un café porque iso o podemos facer cando queiramos cos conselleiros e conselleiras, ós que coñecemos e ós que non porque son xente asequible, pero non é esa a forma. É por iso que nunha Xunta de Voceiros se propuxo por parte deste Grupo que se estableza un protocolo de visitas institucionais para que isto teña unha cabida perfectamente regulamentada e cada quen no seu papel.

Este Goberno non é nin forte, nin feble, é o Goberno que Vigo ten e nós respectamos ó Goberno municipal no labor que ten de representación de todos os cidadáns e na súa capacidade de xestión. Pero se nunha Consellería, por un tema crucial da cidade, se quere coñecer a opinión de todos os voceiros, temos o dereito a seren escoitados en sede municipal e non ás agachadas coma nos propón o Sr. Figueroa, tomándonos un café na taberna do Porto. Coidamos que ese non é un trato nin xusto, nin digno para a oposición que, moi pola contra, está comportándose lealmente co Goberno e colaborando en todos aqueles temas nos que pode.

Polo tanto lamento moito o ton descalificadorio utilizado polo Voceiro do Partido Popular, espero que ese acordo de Xunta de Voceiros se cumpra, o protocolo non se inventa páctase e téntase consensuar a súa aplicación, entón que ese protocolo sexa xusto neste tema: tres voceiros deste Concello só queriamos saudar a un Conselleiro, non ter unha reunión nin tan siquera informal con el, cando saíse dunha conferencia de prensa; estivemos durante unha hora e media e ningún funcionario, nin político deste Concello nos preguntou qué queriamos.

Sinceiramente coidamos que é unha falla de atención e de educación respecto de nós e que nós en ningún caso tentamos menosprezar a quen neste momento dispón da representación dos cidadáns de Vigo. Queremos colaborar institucionalmente e queremos un trato considerado coma merecemos coma representantes dos cidadáns de Vigo.

Fago esta exposición porque vostede, coma sempre provocador nato nas súas intervencións, me dá lugar a isto, non tiña ningunha intención do facer.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Moi breve. Eu pediríalle encarecidamente á Sra. Presidenta de cingúrmonos única e exclusivamente ós temas das mocións. O Sr. Fernández presentou un tema moi importante sobre a sede do Padroado das Illas Atlánticas e non sei qué ten que ver iso cos ministros que nos veñen visitar. Cingámonos ó que debemos.

A PRESIDENCIA: O Sr. Secretario vai clarexar un tema do acordo.

SR. SECRETARIO XERAL: Sr. Fernández, coma vostede sabe dende a Lei de grandes cidades as atribucións dos distintos órganos municipais cambiaron substancialmente. O caso é que a xestión patrimonial hoxe por hoxe corresponde única e exclusivamente á Xunta de Goberno Local e por xestión patrimonial podemos entender calquera negocio xurídico. A cesión que agora se quere acordar é un negocio xurídico co que eu, para que sexa máis correcto tecnicamente o acordo suxiro que o Pleno tome o acordo no seguinte sentido: "Instar á Xunta de Goberno Local a que, previos os trámites procedimentais que sexan precisos -xa sabemos tamén que esa cesión a fixeron condicionada a un determinado uso- acorde ceder o edificio Cambón para sede técnica ou centro de integración do Parque Nacional das Illas Atlánticas".

A PRESIDENCIA: É única e exclusivamente contemplar o que di a lei.

SR. TOBA GIRÓN: Claro que si, Sra. Presidenta, nós coñecemos moi ben a Lei de grandes cidades e somos conscentes da nosa limitadísima capacidade de influír en practicamente ren. Fíxese se somos conscentes da súa limitación que teoricamente o edificio Cambón está pendente dun debate en Xunta de Voceiros a respecto da vocación de cada un dos edificios e vostedes están realizando obras cun proxecto que a Xunta de Voceiros nin siquera supervisou e que obviamente terá unha finalidade de uso, indubidablemente. O demais é sinxelamente un aspecto legal que de todos os xeitos, o Sr. Secretario estará de acordo comigo, estea coma estea redactado a nosa moción sería indiscutiblemente ese resultado porque a Lei é a Lei indubidablemente e mal que a min me doa, como vostede sabe, Sr. Secretario.

Durante o transcurso do debate e por indicación da Alcaldía-Presidencia, o Secretario do Pleno suxiro que o acordo se tome no seguinte sentido:

"Instar á Xunta de Goberno Local a que, previos os trámites procedimentais que sexan precisos, acorde ceder o edificio Cambón para sede técnica ou centro de integración do Parque Nacional das Illas Atlánticas."

(No momento da votación está ausente a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Con oito votos en contra dos señores e señoras Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández,

López-Chaves Castro, Polo Lima e a Presidencia e dezasete votos a favor dos señores e señoras Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruíz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso,

ACÓRDASE:

Instar á Xunta de Goberno Local a que, previos os trámites procedimentais que sexan precisos acorde ceder o edificio Cambón para sede técnica ou centro de integración do Parque Nacional das Illas Atlánticas

22.- (244).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ACTUACIÓNS BOUZA SUR

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 07. De outubro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, presenta ó Pleno da Corporación a seguinte moción:

“Ante os ollos dunha persoa que descobre por primeira vez a Bouza, en absoluto quedaría indiferente, pois tería un mar de sorpresas e, dende logo, o resultado final non sería o da indiferencia, nin moito menos a pasividade. Qué dicir, polo tanto, daquelas persoas que a coñecen e a disfrutan todos os días e, sobre todo, aquelas que dun xeito directo ou indirecto participaron nunha das maiores loitas reivindicativas do movemento cidadán vigués como foi o da recuperación dun espazo natural de lecer para unha zona da nosa cidade onde o obxectivo fundamental era a consolidación dos bloques de vivendas sen importar o contorno e a calidade de vida.

Pois ben, dun paseo por toda súa superficie ollamos como o descoido, abandono e o desprezo do Goberno municipal para un lugar sen comparación en todo Vigo faise patente e non deixa quieto a ninguén; as polas da poda amontoadas ao longo dos carreiros, lixo ciscado por diversos sitios, faroles rotos ou que non funcionan, múltiples e abigarrados “quioscos” e o que máis indignación produce, a zona húmida chea de plásticos e lixos diversos e, sobre todo, múltiples aterramentos produto de mentes que odian e desprezan o lugar máis emblemático e orgullo de caseque todos e todas veciños e veciñas do seu contorno.

O que un parque urbano e unha zona húmida refuxio de aves de auga e paxaros destas características estea nestas circunstancias di moi pouco dun Goberno municipal pero, sobre todo, produce indignación a cáseque todo mundo e, dende logo, a ninguén o deixa indiferente e debería ser un dos emblemas de toda cidade e como non, do Goberno municipal. A realidade vai por outro camiño e que o Goberno municipal actual aterre sucesivamente a zona húmida significa que a única pretensión é eliminar dita zona de xeito calado e mediante feitos consumados. Nin o BNG nin os veciños e veciñas imos permitir dito feito.

Noutra orde, e dado o número apreciábel de barreiras arquitectónicas que padece todo o contorno de Coia, así como o tránsito peonil apreciábel entre as rúas A Garda e Tomiño, é necesaria unha actuación o máis urxente posíbel para minimizar a grande incidencia que ten esta barreira, nomeadamente entre as persoas maiores procedendo, á súa vez, á limpeza do material de obra que existe na rúa A Garda.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

- 1) Paralizar de xeito inmediato a construción dun novo "quiosco" que se esta levando a cabo e preparar un proxecto que contemple a actuación integral en todas as construcións a xeito de integrais no contorno, ao mesmo tempo que se estudan e racionalizan os seus usos, adicándoos única e exclusivamente aos deportes que alí se practican.
- 2) Retirada de todos os aterramentos producidos nos últimos tempos da zona húmida.
- 3) Limpeza a fondo de todos os elementos estraños da zona húmida e de xeito inmediato.
- 4) Aviso definitivo á actividade de venda ambulante para que respecte as zonas verdes, penalización cada unha das veces que se producen deterioros ou se deixa lixo ciscado por toda superficie da Bouza e, nomeadamente, na zona húmida, así como se dota de vixilancia policial ao contorno.
- 5) Retirada das podas e limpeza sistemática de toda a superficie,
- 6) Reparación dos elementos de iluminación deteriorados.
- 7) Que se estude a posibilidade de dotar de elementos de lecer para as persoas maiores na zona dos carballos e eucaliptos, pois non existen dotacións nun radio grande ao redor.
- 8) Construción dunha rampla que elimine a barreira arquitectónica que existe entre as rúas Tomiño e A Garda.
- 9) Retirada e limpeza de material de construción do Concello situado na rúa A Garda, entre a igrexa e a escola infantil."

A Comisión Informativa de Servizos Xerais, na súa sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2005, quedou enterada do contido do anterior escrito

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Esta é unha das mocións que sinceramente ó noso Grupo non nos gustaría traer; non temos problemas en traer mocións pero de verdade que esta non é das que nos gusta traer, entroutras cousas e sobre todo polo que representa A Bouza no seu conxunto como resultado dunha loita veciñal de bastante tempo e a conquista veciñal dunhas reclamacións e dereitos que efectivamente logo se concretaron pero deberan ser símbolo por parte de todos, todas e cada un de nós.

A realidade vai por outro camiño. Conforme vai pasando o tempo descubro cada vez máis a importancia e o significado que ten A Bouza no seu conxunto, sobre todo A Bouza Sur que é onde se limita esta moción e sobre todo polas persoas de fóra que xa non polas que a usan e disfrutan todos os días que tamén, pero sobre todo polas persoas de fóra porque ás veces temos

que ver cos ollos dos demais algo que non somos quen de ver directamente. Dá a impresión xa non só de que hai un problema de descoido, de abandono; dá a impresión de que hai un desprezo por parte do Goberno local cara esta zona, en concreto cara á zona húmida.

Evidentemente que cando redactei esta moción o 7 de outubro, señores do Goberno, todo o que expoño estaba. Adoito pasear bastante pola cidade e sobre todo o día anterior ó de se tratar os temas por veren se houbo algún cambio. Efectivamente si que houbo cambios.

Pero en definitiva a ver se dunha vez por todas se respecta o que é símbolo de reivindicación e conquista veciñal. Nese sentido que se produzan aterramentos na zona húmida coma se están producindo por iniciativa municipal non é de recibo.

Por certo, onte estaba limpa a zona húmida pero se fixo logo desta moción e non debera ser así porque vostedes saben perfectamente, sobre todo cando tivemos a responsabilidade neste tema, do acordo que había coas persoas que fan mercadiño na parte sur; había un compromiso explícito de que a súa actividade se respectaba sempre que non tivera incidencias no contorno. Non é así porque sinceramente o día 7 de outubro aquilo daba noxo.

É unha auténtica despreocupación, en primeiro lugar por parte de quen fai o mercadiño, pero en segundo lugar o máis importante é que a responsabilidade política é ddo Goberno municipal que non ten ningún seguimento, só o fan a través das nosas mocións, están apagando lumes dun lado a outro, non hai ningunha previsión e menos de actuación e de respecto. Pero o que é o colmo é que actuacións municipais non respecten o contorno e xa non vou falar dos múltiples e recargados quioscos.

En todo caso o único que pedimos é que paralicen o que están facendo e que teñan un proxecto para a integración total. Se teñen que facer algunha construción máis, fágana e saberemos do seu obxectivo e destino, pero sinceramente que non se noten os distintos "estilos arquitectónicos" que se van dando por aquela zona segundo a Corporación que sexa. En todo caso que haxa un proxecto de conxunto para integrar as distintas construcións e servizos que hai alí.

O que non podemos consentir baixo ningún concepto é que mostren o seu desprezo cara esa zona húmida mediante aterramentos consecutivos e vostedes xa fixeron varios ó longo do seu curto mandato.

Eu pensei que ían retirar os recheos que fixeron, pero pola contra o único que fixeron foi botar máis entullo na zona húmida. Sinceramente iso non

ten calificativo nin o quero buscar porque, á parte do desprezo, insisto, a realidade está aí.

A resolución que propoñemos téñena vostedes enriba da mesa, é de todo racional e realista e agardemos sinceramente que non teñamos que volver traer mocións sobre o tema da Bouza sur porque coido que por riba de calquera outra cuestión debe haber respecto por esa conquista veciñal e vostedes non o están en absoluto demostrando.

A resolución consta de nove puntos, para non me alongar máis, coñécena vostedes e coido que toda a Corporación. Seica algunhas das cousas xa se fixeron á presa e correndo, aínda que está alí o símbolo, pero sinceramente nos gustaría porque non é nin máis nin menos que produto das necesidades que presentan as persoas que usan ese lugar todos os días.

SRA. POLO LIMA: Sorpréndeme de verdade, Sr. Viéitez, e alégrome moito de que se pasee tanto sobre todo pola Bouza sur, en primeiro lugar porque é persoalmente o meu sitio máis cotiá. En segundo lugar porque se hai algo que teño que recoñecer é o erro de botaren alí un pouco de terra que non tiña que estar alí e xa a retiraron. En terceiro lugar en canto á feira teño que dicir que efectivamente as cousas voan e aínda que se limpe, porque si se limpa, pódolle garantir que si porque diso coido moito, de facer as revisións cada semana, si lle quero dicir que o vento non sempre se pode conter, isto é unha realidade.

En canto ó quiosco teño que lle dicir que non é tal, é xustamente o lugar onde as árbitras se poden cambiar porque por seren mulleres non o tiñan. Claro que nos gustaría que todo o contorno estivera igualado pero nestes momentos por cuestións obvias e unha é porque hai espazos novos, non se pode cambiar todo.

Si que é certo que nalgúns puntos ten vostede moita razón. No que era os cambios de luminarias e destrozos, coma ben sabe non sempre se poden evitar porque á parte de haber cantidade de veciños e veciñas hai outros que non desexaríamos que pasearan por alí ou que estiveran pola noitiña que son os que fan os destrozos.

Estamos moi enriba de todo iso e por suposto que si lle digo que o contorno, A Bouza, o que queremos para os maiores, o sentido de que teñan máis espazos para poderen desfrutar da Bouza e encantaría-me que todo Vigo coñecera A Bouza porque foi unha loita moi grande, si lle podo dicir que eu estou ó cabo de todo. Non sempre está ó gusto, e falo do noso persoal

porque hai un estanque cheo de porcallada e xa son moitas veces de estaren pendente de que sinxelamente o limpen porque os rapaces botan de todo.

Eu podo admitir que non está ó gusto de todos, pero si lle digo que está na miña vontade solucionar todas aquelas cousas que coido que están mal e poño todo o meu empeño no facer. Non vou unha vez cada moito, pódolle garantir que xustamente si paso por alí dúas ou tres veces á semana e paseo pola Bouza.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Eu non sei vostede pero eu adoito, porque coido que é obriga de todos nós, visitar todos os lugares e ese é un máis. Pero sinceiramente coido que ultimamente vostede non pasou por alí porque se quere imos agora e miramos o que hai. Estoulle a falar de onte pola noite. Coma norma xeral eu e o noso Grupo damos marxe ó Goberno para que poida actuar pero vostedes non actuaron no sentido da moción de recuperar. Por certo, non pedimos que lle poñan portas ó vento, o único que pedimos é que o acordo, co grupo de comerciantes que sabe vostede perfectamente que hai, se respecte escrupulosamente; iso é o que pedimos e non que lle poñan portas ó vento.

Cando falo do quiosco é porque coido que hai técnicos nesta Casa que poden deseñar perfectamente unha actuación de conxunto. Non estaba falando estrictamente dun quiosco que xa sabía para que era, pero é que poden deseñar unha actuación para o integrar e que non se vexan os distintos modelos arquitectónicos naquel lugar, que haxa un criterio de integración independentemente de quen governe; do que se trata é de que as actuacións estean integradas co contorno. Iso foi o que pedimos nese aspecto.

Insisto en que non segan aterrando a zona húmida porque é unha paraxe singular dentro dunha zona urbanizada que non hai outra en todo Vigo; non segan botando entullos porque nestes vinte meses que levan aterraron tres veces a zona húmida e xa está ben porque aínda por riba seguen botando entullos. Por certo, algo xa quitaron en carreta pero o botaron noutro lado. Fíxese vostede ben nese aspecto.

Xa sei do tema do vandalismo que eu tamén o sufrín e o único que pedimos é que reparen, nada máis. Como tamén digo nesta proposta que se é posible estuden a posibilidade de dotar de elementos de lecer para os maiores na zona dos carballos e dos eucaliptos porque hai bastantes persoas maiores que lles gusta andar por alí.

Non vou entrar en cómo estaban onte os camiños, déase un paseo e mirará coma se mancha os zapatos.

Sobre o tema das ramplas non dixo nada pero espero que as constrúan porque sabe que é unha demanda sobre todo das persoas que teñen máis idade ou dificultades para camiñar. É necesario construír ese tramo porque elimina moito rodeo que está a facer a xente. Por certo, cando se fan obras o normal é que cando se rematan se retiren o resto dos entullos.

SRA. POLO LIMA: A rampla da que me fala entre a rúa Arbo e rúa A Garda, quero que saiba que está pedida dende hai tempo e coido que se porán con ela o mes que ven.

Os restos dos que vostede fala foron de arranxar unha beirarrúa e si, ten vostede razón, non me coincidiu miralo persoalmente porque senón xa antes se retirarían.

Pero si paseo e sei que na zona húmida, xustamente na zona de abaixo do que é o contorno da Bouza, sempre se estropean os zapatos e sobre todo cando choveu tanto, isto é unha realidade e vostede sábeo o mesmo ca min.

Pídolle que vaíamos facer unha inspección conxunta por veren todo aquilo que se está facendo na zona da Bouza.

(No momento da votación están ausentes os señores e señoras Alonso Vázquez, Barros Puente, Figueroa Vila, Porteiro García e Soto Ferreiro)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteun membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Viéitez Alonso, sobre diversas actuacións na Bouza Sur, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (245).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE INCLUSIÓN DO GRUPO."O REVOLTALLO" NA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO VERÁN DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 20 de outubro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Bermúdez Pérez, presenta a seguinte moción:

"O Revoltallo é un Festival de música emerxente, que se celebra ao ar libre, no contorno da parroquia de Valladares. Este festival, con máis de doce anos de historia, é o máis antigo de toda Galiza.

O Revoltallo permite desfrutar aos mozos e mozas da nosa cidade dunha semana de música e diferentes actividades ao ar libre de xeito totalmente gratuíto, ademais de dar a oportunidade a grupos da nosa cidade de tocar ao carón de grupos de recoñecida traxectoria musical.

Por todo isto O Revoltallo é xa un punto de encontro de centros de mozos e mozas da nosa cidade que desfrutan do seu tempo de lecer escoitando diferentes estilos de música.

Este Festival, que vén rexistrando un aumento progresivo de asistencia, está organizado pola Asociación Xuntanza Xuvenil, vinculada ao CVC Valladares, é unha organización non-lucrativa que reinveste todos os seus beneficios nos actos lúdico-culturais que promove.

O Revoltallo é xa un festival de referencia no noso país que debe ter o apoio institucional que merece.

Por todo o anteriormente exposto propoñemos ao Pleno para a súa aprobación:

Que o Concello de Vigo integre O Revoltallo na programación oficial das Festas de verán de Vigo."

A Comisión Informativa de Asuntos Sociais na sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2005 quedou enterada do anterior escrito.

DEBATE.- SRA. BERMÚDEZ PÉREZ: O Revoltallo é un festival de música emerxente que leva xa doce edicións, este próximo verán realizarase a treceava edición e polo tanto é o festival no seu estilo musical máis antigo de Galicia.

Este festival consiste nunha semana de concertos gratuítos, ó ar libre no contorno da parroquia de Valladares e ten actividades lúdicas de todo tipo, dende xogos de rol, xogos de magic, desfiles de moda, etc.

Precisamente pola seriedade da organización, pola variedade de ofertas lúdicas que ten, polo contorno incomparable onde se realiza e por esa semana ininterrompida de concertos este festival ven rexistrado un aumento bastante importante de mozos e mozas que acuden a el. É xa un punto de encontro habitual para os mozos e mozas da nosa cidade, do contorno e mesmo doutras cidades do Estado español e de Estados europeos e un punto de encontro totalmente consolidado.

Este festival organízao a asociación xuvenil "Xuntanza Xuvenil" vinculada á Asociación veciñal de Valladares, organización que non ten ánimo de lucro e

que reinveste os beneficios en actividades para os mozos e mozas que asisten da parroquia e tamén doutros puntos da cidade.

Por todo isto e tamén porque é un festival que lle dá oportunidades a grupos musicais novos da nosa cidade de tocar xunto con grupos de moito prestixio é por tanto unha plataforma musical.

Por todo iso pensamos que este tipo de iniciativas feitas de xeito desinteresado por e para mozos e mozas deben ter un merecido apoio institucional.

Solicitamos que O Revoltallo se inclúa na programación oficial das festas de verán de Vigo coas consencuencias que isto tería de publicidade, para que en toda a publicidade que se reparta dende o Concello se inclúa este festival con todos os concertos procurando non solapar as datas de realización deste concerto coas doutros que se realicen no parque de Castrelos.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Efectivamente o Concello de Vigo colabora co festival "O Revoltallo" por medio dun convenio co centro veciñal de Valladares, con aportación non só da Concellería de Festas, senón tamén con perto 3.000 ou 4.000 euros da Concellería de Xuventude e tamén se inclúe a publicidade que fai a propia organización e a da Concellería de Xuventude e Turismo que inclúe o festival na súa axenda.

É certo que se pode incluír dentro da súa publicidade pero tamén hai que lembrar que o Concello de Vigo ten unha programación propia dirixida ós xóves músicos vigueses e galegos coma é o "Xove Vigo" que se celebra na Praza do Rei e polo tanto hai que tentar evitaren que se solapen as actividades do Festival "Xove Vigo" coas de "O Revoltallo".

Dende logo que teñen o apoio institucional económico e non habería problema en incluílo na publicidade, o único problema é que xa estiveran pechadas as datas e os intervintes no festival cando se elabora a programación porque algúns meses hai problemas para incluír actividades dentro da programación oficial.

En canto á coincidencia co Festival de Castrelos é complicado porque fixamos as datas de peche algunhas veces si en xuño e maio pero outras en febreiro e entón é complicado. En todo caso sería a organización do Revoltallo quen debería ter en conta as datas porque moitos dos grandes artistas que veñen teñen xa fixadas as datas e non as podemos modificar.

Dende logo que o incluiremos dentro da publicidade e tentaremos que non coincida co festival de Castrelos. De todos os xeitos mesmo a publicidade

de "Xove Vigo" que organiza o propio Concello coincidiu con algún concerto en Castrelos. É moi difícil organizar isto porque son perto de duascenas actividades as das festas do verán de Vigo e moitas solápanse no mesmo día porque son tantas as actividades que algunhas coinciden. Tentaremos evitaren esa situación pero non podo asegurar que non poida pasar algún día.

(No momento da votación están ausentes os señores e señoras Guerra Fernández, Méndez Piñeiro, Polo Lima, Porteiro García, Soto Ferreiro e a Alcaldesa; preside o Pleno o Sr. Figueroa Vila)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito e de dereito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Bermúdez Pérez, sobre a inclusión do festival "O Revoltallo" nas festas de verán de Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

24.- (246).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ACTUACIÓNS POR MOR DOS ARRASTRES CAUSADOS POLAS AUGAS E DE SEGURIDADE VIAL DERIVADOS DO SEGUNDO CINTO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de outubro de 2005, o concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Viéitez Alonso, presentou a seguinte moción:

"O Bloque Nacionalista Galego ven demandando dende hai tempo a activación e actuación do Goberno Municipal para corrixir as afeccións producidas pola construción do segundo cinto, pois dado o longo e as características da obra produciu modificacións substanciais en todo o seu percorrido e que deben ser solventadas ou minimizadas con solucións de continuidade.

O pasado martes e como consecuencia das chuvias caídas pola noite do luns, produciase un corte de tráfico na vía de acceso á Universidade entre a redonda desta co segundo cinto e a redonda do camiño do Foxo, derivado dos arrastres xerados e que conlevou unha intensa actividade durante toda a mañá para repoñer a vía en condicións.

Se so se producira este corte, poderíamos dicir que os impactos pola construción do segundo cinto son mínimos e ate nos poderíamos dar por

satisfeitos. Pero a realidade é ben distinta e nun percorrido ao longo do seu traxecto podemos observar como múltiples camiños foron afectados polas primeiras chuvias que, anque con certa intensidade, non son o máis mínimo do que adoita chover no noso Concello, o que pon en evidencia as pegadas que vai deixar esta construción así como as súas deficiencias constructivas. As afeccións das augas seguen sendo a asignatura pendente das obras que se fan no noso Concello que, por certo, temos bastante experiencia e, sobre todo, investimos tempo, esforzos e recursos municipais para corrixir ou minimizar ditas afeccións.

Ao mesmo tempo e se facemos un percorrido polas vías que se cruzan ou son cruzadas polo segundo cinto, nomeadamente aquelas nas que se construíron redondas, atopámonos cunhas enormes barreiras para os peóns no seu paso obrigado, barreiras algunhas que se incrementaron dun xeito alarmante pois só se tivo en conta o tráfico rodado pero se corta o acceso aos peóns.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

1.- Que se faga de xeito inmediato unha revisión conxunta entre o Concello, Ministerio de Fomento e a empresa constructora daqueles lugares que son paso obrigado de augas ben polas chuvias ben por que son leitos naturais, para a detección de posíbeis impactos, actuando nun dobre sentido:

a.- Naqueles lugares que son leitos naturais, analizar o resultado final, pois nalgún lugar como o río Xerxa pode ser posíbel que o caixón resultante sexa insuficiente dado que tamén vai ser afectado pola urbanización do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares-Beade e os efectos nun día de chuvia cunha intensidade media poden ser enormemente cuantiosos,

b.- Naqueles lugares que sexan orixenarios de confluencia das chuvias, realizar as actuacións necesarias para evitar ditas afeccións e permitan canalizar as augas aos cursos naturais máis próximos. Nestes casos as actuacións tamén deben ter en conta a necesidade de decantación dos arrastres para diminuír as afeccións a outros leitos e ao propio litoral.

2.- Obrigar á empresa a realizar aquelas medidas necesarias para garantir a seguridade ó paso dos e das peóns polas redondas, a xeito de ser protexidos polas biondas e salvando os obstáculos xerados como consecuencia da construción das mesmas.

3.- Revisar os elementos de protección cos que se dotaron as pontes que cruzan o segundo cinto, pois algunhas son paso obrigado diario e poden non garantir uns mínimos de seguridade para os peóns, co conseguinte risco para aquelas persoas máis novas."

A Comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2005, quedou enterada do anterior escrito.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Esta moción non persegue ningunha modificación orzamentaria o seu obxectivo é asegurar a facenda municipal. Isto que digo ó mellor se pode enteder coma unha broma pero é todo o contrario.

Coido que dende hai bastante tempo o BNG ven demandando que o Goberno se active porque o tempo que nos queda para a recepción e para a inauguración do segundo cinto é moi pouco e todas aquelas afeccións que non se corrixan no seu momento van significar, coma así o demostraron outras infraestructuras realizadas no termo municipal, que ó final o Concello é quen ten que apandar con elas.

Está centrado basicamente en dous aspectos que son dos máis difíciles de corrixir ou iso pensamos, coma é o tema da seguridade e das augas.

Cando se fixo esta moción o 11 de outubro, coma consecuencia das chuvias que caíron, que sinceiramente tampouco foron moitas porque aínda que é certo que choveu tampouco foi moito, demostrouse entroutras cousas ou polo menos permitiu ver parte das afeccións que ten esta obra, boa proba é que se tiveron que curtar varias estradas e desviar o tráfico antrelas e a máis importante o vial de acceso á Universidade. Aínda a día de hoxe se están limpando as estradas e, por certo e así o teño que dicir, estase limpando o que se ve, ó que non se ve non se lle tocou e ás probas remítome.

Tamén, xunto co meu compañeiro Sr. Fernández, percorremos sobre todo estes últimos días varias veces o cinto a todo o seu longo e atravesámolo por onde se permite e estamos a ver con moita preocupación o que imos herdar se non somos quen do corrixir a tempo.

O que pedimos non é ren doutro mundo e sinceiramente non precisa modificación orzamentaria e é que se faga unha visita conxunta entre técnicos do Concello e se queren tamén políticos, do Ministerio de Fomento e tamén da empresa constructora para lle dar un repaso ó longo do segundo cinto para basicamente tres cuestións: unha referida ó tema das augas naqueles lugares de leitos naturais e analizar o resultado final porque nestes momentos si hai afeccións e pódense ver.

Hai algún lugar como é no río Xerxa ou mesmo o río Rodeira que pasa por Comesaña en que pode ser que o caixón que está construído non sexa suficiente. Teñan en conta no caso concreto do río Xerxa que non estamos a falar única e exclusivamente da recollida das augas do segundo cinto, senón que temos que falar tamén do vial da Universidade, de toda a urbanización da Universidade propiamente dita e tamén de máis de medio millón de metros cadrados do parque tecnolóxico urbanizado. Cando chova forte eu non son quen de maxinar o caudal pero moito trememos que o caixón que se lle deixou

en moitos tramos ó río Xerxa non vai server para ren. Boa proba é que se hoxe facemos unha visita á parroquia de Comesaña e no caso concreto do camiño do Casás vemos o que resulta desta actuación e é que o 50% do leito que lle deixaron ó río Rodeiro xa está ocupado polas arrastres.

Polo tanto este tema unha de dúas, ou se corrixe a tempo, ou o Concello vai terlle que facer fronte.

Pedimos tamén que naqueles lugares que non son leitos naturais pero que producto da urbanización están recollendo as augas, que esas augas se canalicen ou leven ata os ríos naturais e non o que se está facendo agora que é botar na infraestrutura correspondente, ben a un camiño, ben a unha estrada e iso vai xerar unha afección.

Por certo, nestes momentos os veciños tamén están limpando nas súas propiedades os arrastres destas chuvias. Insisto en que non foi cousa doutro mundo o que choveu.

Hai outra cousa importante da que sinceramente eu non sei se se deron conta. Por un lado son aquelas necesarias actuacións para garantir o paso dos peóns, pero tamén aqueloutros lugares onde xa estaba garantido os pasos dos peóns e elimináronse coas actuacións do segundo cinto. Hai varios casos pero o máis concreto é o de Ricardo Mella onde non hai beirarrúas, calquera peón que pasee por esta estrada ó chegaren á redonda que está debaixo do arranque do segundo cinto non vai poder pasar, xa non falo dos pasos dos peóns que ningún está pintado, senón de que está curtado todo o tráfico polas biondas de protección.

Isa tamén debera ser unha actuación necesaria e urxente porque nestes momentos xa ten incidencia e, por certo, quérólles lembrar que tamén prometeron construír as beirarrúas no camiño de Muíños e sería necesario axilizar esa actuación porque aí si que vai haber unha afección moi grande cando se abra o segundo cinto.

Logo hai outro aspecto que coidamos importante que é o de revisar (non estamos falando de maior dotación) por parte dos técnicos os elementos de protección nas pontes que cruzan o segundo cinto porque dado o tránsito e polo tipo persoas que alí habitan, sobre todo rapaces pequenos, trememos que non é suficiente a protección que ten nestes momentos e pode xerar unha situación lamentable. Agardemos que non.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos votar a favor, coincidimos totalmente coa exposición que acaba de facer o Sr. Viéitez, pero tamén lle queremos informar que estamos mandando todas as peticións dos veciños á empresa e ó

Ministerio e repito que a comunicación cos propios técnicos do Ministerio é difícil pero tentaremos que isto se resolva.

Hai un acordo plenario polo que se fixeron unha serie de peticións, nós coincidimos co que vostede está expoñendo e imos tentar provocar unha reunión o máis axiña posible para que todos estes temas se resolvan. Imos presionar de xeito claro porque sabemos que están a piques de inaugurarse esas obras e vostede ten razón cando di que se non se acometen agora esas reparacións logo o propio Concello pode atoparse cun problema grave.

(No momento da votación está ausente o señor Calviño Rodríguez e a Alcaldesa, preside o Pleno o Sr. Figueroa Vila)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Viéitez Alonso, sobre actuacións polas arrastres casuadas polas augas e de seguridade vial derivados da construción do segundo cinto, nos termos que se conteñen nos antecedentes deste acordo.

25.- (247).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O "DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de outubro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Méndez Piñeiro, presenta a seguinte moción:

"A violencia contra as mulleres nas súas múltiples formas é unha lacra social e política, que ten a súa orixe nun sistema que non acepta a igualdade nin a insubmisión das mulleres. Un sistema no que como consecuencia dunhas relacións sociais, políticas e económicas desiguais e inxustas as mulleres son discriminadas, marxinalizadas e mesmo asasinadas.

A violencia contra as mulleres, vai máis alá dunha violencia exercida a título persoal contra as mulleres vítimas, non se pode explicar polas relacións persoais ou afectivas, senón pola situación estrutural de desigualdade das mulleres na sociedade. Non é por tanto un feito que deba ficar na esfera do privado senón un grave problema social e como tal compete a toda a sociedade. É unha realidade que afecta a todas as clases sociais.

'Violencia contra as mulleres' significa calquera acto sexista que teña ou poida ter como consecuencia dano físico, sexual, psicolóxico ou sufrimento para as mulleres; e que inclúe o uso da forza, a chantaxe, as presións e as ameazas como mecanismos para as obrigar a seguir desempeñando roles sociais determinados, que seguen a perpetuar a submisión, a invisibilidade e a discriminación das mulleres polo simple feito de seren mulleres.

Por todo isto segue sendo necesario un toque de atención especial na data do 25 de novembro, 'Día da Non Violencia Contra As Mulleres', que remova as consciencias, mentres non sexamos quen de rematar con esta lacra social. Mais para conseguilo é preciso que individual e colectivamente nos involucremos e é imprescindible que as Administracións públicas poñan todos os medios e medidas para previr, paliar e rematar coa violencia contra as mulleres.

É por isto que propoñemos a esta corporación que adopte os seguintes acordos:

- Incorporar a variábel de xénero en todos os estudos estatísticos que se fagan desde o Concello para visualizar a situación real das mulleres.
- Na política do Concello en materia de igualdade recabarase a opinión e incorporaránse as iniciativas dos grupos de mulleres.
- Prever no orzamento municipal fondos específicos para programas a prol da igualdade e contra a violencia de xénero.
- Promover a participación da mocidade do concello e da cidadanía en xeral en accións encamiñadas a facer consciente á sociedade dos graves problemas que xera a violencia contra as mulleres.
- Formación do persoal do Concello en materia de igualdade, que debe estar permanentemente actualizado nos cambios lexislativos e protocolos para garantir unha atención áxil as mulleres vítimas de maos tratos.
- Emitir pronunciamentos do Concello e fomentar a resposta cidadá, sempre que na Galiza morra unha muller como consecuencia da violencia de xénero."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 24-10-05, quedou enterada do anterior escrito.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ MARTÍNEZ: A violencia contra as mulleres nas súas múltiples formas é unha lacra social e política que ten a súa orixe nun sistema que non acepta a igualdade.

Coma todos e todas sabemos vai máis aló dunha violencia exercida a título persoal contra as mulleres vítimas. Non se pode explicar polas relacións persoais ou afectivas, senón pola situación estrutural de desigualdade das mulleres na sociedade. Non é por tanto un feito que deba ficar na esfera do privado, senón un grave problema social e coma tal compete á sociedade.

Violencia contra as mulleres significa calquera acto que teña ou poida ter consecuencias tanto físicas, sexuais, psicolóxicas ou calquera sufrimento contra as mulleres.

Por todo iso segue sendo necesario un toque de atención especial na data do 25 de novembro "Día da non violencia contra as mulleres" que renova as consciencias mentres non sexamos quen de rematar con esta lacra social. Máis para o acadar é preciso que individual ou colectivamente nons involucremos e é imprescindible que as administracións públicas poñan todos os medios e medidas para prever e paliar ou rematar a violencia contra as mulleres.

Sabemos que este Concello dende antes tomou moitas medidas e sabemos que somos un dos Concellos que abandeiramos a nivel de Galicia o tema das medidas contra a violencia, de feito estamos no segundo plano de violencia contra as mulleres. Pero tamén sabemos, compañeiros e compañeiras, que a base de repetir este tipo de actos, a base de reiterar moitas veces facemos o efecto contrario e por iso é necesaria esta chamada ás consciencias.

Agora mesmo observaba a todos os compañeiros e compañeiras da Corporación e non todos e todas estabamos atentos e atentas á exposición de motivos. Tamén vai por vostede, Sr. Figueroa.

Pedímoslle á Corporación que adopte os seguintes acordos e teño que dicir que esta é unha moción que se pon a nivel nacional-galego e hai unha serie de medidas que nós mantivemos aquí pero que sabemos que este Concello xa adoptou, polo tanto solicitamos que todas as medidas que non se adoptaran pero que figuran nestes acordos se adopten.

Por exemplo, pensamos que o primeiro punto é importante: "Incorporar a variábel de xénero en todos os estudos estatísticos que se fagan dende o Concello para visualizar a situación real das mulleres". Coidamos que este é un acordo importante.

O segundo punto que é: "Na política do Concello en materia de igualdade recabarase a opinión e incorporaranse as iniciativas dos grupos de mulleres", coidamos que esta é unha situación moi viable porque temos creado o Consello da Muller.

Outro acordo sería: "Prever no orzamento municipal fondos específicos para programas a prol da igualdade e contra a violencia de xénero", isto coido que xa o acadamos.

"Promover a participación da mocidade, do Concello e da cidadanía en xeral en accións encamiñadas a facer consciente á sociedade dos graves problemas que xera a violencia contra as mulleres".

Coidamos que este punto é importante: "Formación do persoal do Concello en materia de igualdade que debe estar permanentemente actualizado nos cambios legislativos e protocolos para garantir unha atención áxil ás mulleres vítimas de malos tratos".

"Emitir pronunciamentos do Concello e fomentar a resposta cidadá sempre que na Galicia morra unha muller coma consecuencia da violencia de xénero".

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Vou dicir algo e espero que non se me interprete mal porque este é un tema moi delicado.

Estamos totalmente de acordo co que acaba de expoñer a nosa compañeira, Sra. Méndez, pero coido que hai outra xente que pode estar tan marxinalizada coma as mulleres e da que sempre nos esquecemos. A min gustaríame coma aportación a isto que está dicindo vostede que se meta á xente maior porque hai moita que está sendo maltratada en silencio, non nos enteramos de moitas historias que pasan cos nosos vellos. Se vostede quere que se inclúa aquí tamén a esta xente para que teñamos conciencia dos maiores. Temos moita xente maior, aínda que afortunadamente menos, que sofre tamén unha serie de maltratos psicolóxicos e ás veces mesmo por parte dos seus propios familiares.

SRA. MOLARES PÉREZ: Eu agradezo a moción e ademais non é só que a votemos positivamente, senón que a compartimos.

Nos dous Plans que nestes momentos temos vixentes, no Plan contra a violencia de xénero e no Plan que recentemente se aprobou no Consello Municipal da Muller, Plan de igualdade, pódollo garantir que aparecen os seis puntos da moción, están recollidos e uns fanse xa e outros pendentos de realizar pero con obxectivos e accións programados.

Coma ben dixo na súa exposición, afortunadamente en Vigo temos unha grande experiencia municipal e tamén do tecido asociativo con moita participación das mulleres.

Lembrar sinxelamente que neste mes de novembro puxemos en marcha precisamente coma sensibilización unha campaña de arte que vai estar nos mupis de toda a cidade do Departamento de Deseño Gráfico da Escola de Arte de Oviedo, na que distintos artistas rexeitan esa violencia. A idea é que estea nos 50 mupis das rúas durante todo o mes de novembro manifestando ese rexeitamento da violencia a través da arte que cada artista expresou coma quixo.

Tamén na propia lonxa do Concello hai outros 20 mupis, iniciada esa exposición pola campaña institucional do Concello de Vigo que xa en novembro de 2003 se puxo en marcha por este Concello, "Eu non son cómplice", "A pasividade faite cómplice" presidindo esa campaña de mupis.

Tamén dicir en relación coa formación de funcionarios e funcionarias que coidamos fundamental, que tamén se fixo un primeiro convenio do Máster de Igualdade que organiza a Universidade de Vigo que dá a oportunidade para que os funcionarios e funcionarias tamén se poideran formar nese master da igualdade. É unha experiencia que iniciamos e que esperamos seguir.

Tamén todos os venres do mes de novembro en colaboración así mesmo coa Universidade de Vigo, neste caso en concreto coa Cátedra de Dereito Penal, unhas xornadas da muller a través do cine con temas moi importantes para as mulleres coma son a xenética vinculada ó sexo, a prostitución, a emigración e tamén remata o 25 de novembro co tema da violencia de xénero.

Dicir por último que tamén onte se presentou por parte da Concellería de Educación un programa relacionado coa escola en igualdade posto que todos coidamos que pode haber medidas preventivas pero o fundamental é traballar en considerar que a educación se dea en igualdade. Onte presentouse por parte da Concellería de Educación na escola en igualdade.

Dicir respecto das manifestacións do Sr. Alonso que coido que a violencia en contra das mulleres é suficientemente importante como para tratar o tema este 25 de novembro, Día internacional, e daí, coma dicía a Sra. Méndez, o motivo desta moción do Bloque que se presentou en toda Galicia.

Ainda que todos esteamos de acordo en que a violencia é un problema desta sociedade, violencia contra os nenos e contra os maiores, pero a violencia contra as mulleres, que este ano xa imos polas 63 vítimas, é un problema moi grave e coido que se merece a aprobación desta moción en Pleno tal e coma está, véxoa correcta. Que opine a Sra. Méndez pero dende o noso Grupo coidamos e así o dixemos na comisión informativa, que a hai que aprobar tal e coma está porque ademais concorda coa política que se está facendo na Concellería e no propio Consello da Muller.

SRA. SÍO LOURIDO: En primeiro lugar quérolle dar as grazas á Sra. Méndez por facer unha lembranza e un toque de atención sobre cousas importantes que case sempre cando se menciona, tal como dixo ela, algúns érguense, algúns vanse e coma son cotiás adoitamos a non estaren ou faceren oídos xordos.

É unha moción que por suposto, coma di a Concelleira responsable, está contemplada no traballo que se está realizando dende a Concellería pero é un traballo que para nós, neste Concello, é relativamente fácil porque fomos un Concello pioneiro no traballo en prol da muller, traballo que se pode facer a cotío.

É importante algo que di a moción que ten que ver coa transversalidade das políticas de xénero, o costume que deberíamos ter os concelleiros e as concelleiras de falar das mulleres e dos homes. É importante tamén porque dalgún xeito salienta a importancia da coordinación con outras administracións e digo isto porque xa está enriba da mesa o terceiro Plan de igualdade.

Tivemos a oportunidade de estudar este plan con anterioridade á súa exposición no Consello Municipal da Muller onde se votou por maioría e coidamos que é mellor ter algo que reflecta as políticas de acción que se van ter no ámbito da muller e, aínda que temos Plan contra a violencia, nese Plan de igualdade falla unha referencia explícita á violencia de xénero ou á inclusión do Plan contra a violencia no Plan de igualdade. Digo isto porque coido que sería importante facer dalgún xeito unha referencia no Plan de igualdade deste tema.

Quero dicilo porque coido que é importante visibilizar este tema por parte dos cidadáns e cidadás, nenos e nenas. Visibilizalo é traballar con temas de xénero e tamén traballar en temas de urbanismo neste aspecto. Vou poñer un exemplo: traballar a igualdade, traballar dende a perspectiva de xénero é traballar o urbanismo dende a perspectiva das mulleres, cousa que non se fai moi a miúdo en ningunha administración agás nas administracións dos países do norte de Europa. Iso dicímolos os que fomos responsables de servizos sociais e os e as que traballamos no ámbito da muller porque o urbanismo é crear os espazos e estes poden ser ou non agresivos. Digo isto porque son cousas que teño moi dentro.

Esta moción é en lembranza do día 25 de novembro que non é o día dos maiores, Sr. Alonso e aínda que podemos facelo igual, é outro tema. Neste Concello fomos pioneiros e podemos seguir sendo pioneiros, temos que seguir sendo pioneiros no futuro e para iso deberíamos daren pasos a maiores.

Todos os días que nos enteramos do asasinato dunha muller facemos unha concentración na porta do Concello. O día 25 de novembro é venres e seguramente poderemos estar todos e todas as Corporativas e corporativos ás 12 da mañá na porta do Concello para conmemorar e para lembrar que estas cousas tamén son importantes.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Agradecer as intervencións da Concelleira que leva a área de Muller e da Sra. Sío porque completaron moi ben esta moción.

Só un apunte, Sra. Molares, deuse conta pola intervención do Sr. Alonso que segue sendo terriblemente necesario marcar o que é a violencia contra as mulleres? Coido que a intervención do Sr. Alonso é a mostra ben clara de que isto non se coñece, non se distingue, etc.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Sra. Méndez, eu xa dixera antes de falar que non quería que se me malinterpretara, díxeno ó primeiro e sego dicíndoo.

Estamos totalmente de acordo coa súa moción o que pasa é que eu son moi visceral e digo as cousas coma as penso e sigo pensando que hai xente da terceira idade, tanto homes coma mulleres, que están sendo marxinados e maltratados mesmo pola súa familia. Foi o único que quixen dicir aquí. Sempre falamos das mulleres maltratadas con todo o respecto e con toda a razón do mundo porque na actualidade non pasa un día sen que maten a unha muller e iso non pode ser baixo ningún concepto, pero eu o único que quixen dicir é que hai xente maior que está sendo moi maltratada, está en silencio e non se sabe dela porque é xente que non o di.

Foi o único que quixen dicir, non é que teña nada en contra, ou mal me interpretou vostede, ou mal expliqueime eu. Dixen que xamais falamos da xente da terceira idade, destes ancianiños e ancianiñas que están sendo maltratados. A min cáeme a ánima ós pés cada vez que poño as novas e entérome de que mataron a unha muller nalgún sitio, coido que este é un problema de todos; pero da terceira idade xamais ouvín falar a ninguén da xente maltratada e levo aquí xa dous anos e pico

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: O 25 de novembro é o Día mundial contra a violencia das mulleres, repito que non é o día da terceira idade, apoiarei todo o que se faga, todas as mocións do mundo, apoiaremos toda a Corporación as iniciativas contra eses maltratos e contra o abandono que ten a sociedade da xente da terceira idade, pero o 25 de novembro é o Día mundial contra a violencia das mulleres. Se quere repetímolo.

Dicir unha cousa máis, que me alegro do comentario da Sra. Sío porque é algo que eu quería engadir pero non me lembrei. Encantaríanos ver abaixo a todos os corporativos e corporativas o día 25 de novembro, é máis, sabemos que a Marcha Mundial das Mulleres vai organizar unha concentración, seguro que a todas e todas, que imos estar encantaríaos que todos os compañeiros

tamén estiveran presentes nesa concentración que se vai celebrar o día 25 de novembro.

SRA. MOLARES PÉREZ: De todos os xeitos, recollendo esa iniciativa e sabendo que somos asíduas a ese acordo plenario deste Concello de gardar un minuto de silencio na porta e compartindo que non hai unha afluencia masiva de corporativos, máis ben sempre somos os mesmos e as mesmas, o que si podemos acordar neste mesmo punto é a concentración de todos os corporativos e as corporativas aquí ás 12 da mañá do día 25 de novembro. Xa quedamos convocados neste mesmo Pleno, se lles parece ben ese día á Sra. Méndez e á Sra. Sío.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Podemos facer unha declaración do Concello e mesmo chamar ós medios de comunicación, darlle toda a propaganda posible, é unha suxestión para vostede, Sra. Molares.

Proposta formulada pola Sra. Sío Lourido durante o curso do debate:

Que a Corporación municipal se concentre o próximo día 25 de novembro diante das portas do Concello ás 12 da mañá co gallo do "Día da Non Violencia Contra As Mulleres".

A Alcaldía-Presidencia somete a votación a antedita proposta xunto coa da moción presentada.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, Preside o Pleno o Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ACÓRDASE:

Primeiro.- Incorporar a variábel de xénero en todos os estudos estatísticos que se fagan dende o Concello para visualizar a situación real das mulleres.

Segundo.- Na política do Concello en materia de igualdade recabarase a opinión e incorporaránse as iniciativas dos grupos de mulleres.

Terceiro.- Prever no orzamento municipal fondos específicos para programas a prol da igualdade e contra a violencia de xénero.

Cuarto.- Promover a participacion da mocidade do concello e da cidadanía

en xeral en accións encamiñadas a facer consciente á sociedade dos graves problemas que xera a violencia contra as mulleres.

Quinto.- Formación do persoal do Concello en materia de igualdade, que debe estar permanentemente actualizado nos cambios legislativos e protocolos para garantir unha atención áxil as mulleres vítimas de malos tratos.

Sexto.- Emitir pronunciamentos do Concello e fomentar a resposta cidadá, sempre que na Galiza morra unha muller como consecuencia da violencia de xénero.

Sétimo.- Que a Corporación municipal se concentre o próximo día 25 de novembro diante das portas do Concello ás 12 da mañá co gallo do "Día da Non Violencia Contra As Mulleres.

26.- (248).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE ARRANXO DE DANOS E LIMPEZA NA PRAZA DA INDEPENDENCIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de outubro de 2005, a concelleira do Grupo municipal socialista, Sra. Sío Lourido, presenta a seguinte moción:

"A Praza da Independencia dende a súa peonalización é unha das prazas máis concorridas da cidade, nela xogan nenos e nenas, pasean persoas maiores e aproveitan cidadáns e cidadás. A calquera hora do día centos de persoas pasan por alí, nunha zona, "As Travesas" que é un dos centros neurálxicos da nosa cidade.

Sen embargo, sendo un dos espazos máis utilizados da nosa cidade o seu mantemento e coidados non se corresponden coa importancia que ten. Referímonos tanto á limpeza coma ó estado dos xardíns.

Un aspecto que nos parece tamén mellorable é o dos bordos das xardineiras que xa foron elevados algunha vez con madeira e que ó noso parecer deberían elevarse un pouco máis porque a xente segue a pisar as plantas que nelas están.

E por iso que formulamos o seguinte:

1.- Que se intensifique o mantemento e a limpeza da Praza da Independencia.

2.- Que se eleven os bordos das xardineiras para evitar os danos que nelas se producen".

A Comisión Informativa de Servizos Xerais, en sesión ordinaria de data 24 de outubro de 2005, quedou enterada do antedito escrito.

A Sra. Sío Lourido procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Estamos de acordo con vostede e sen ánimo de levantar ningún tipo de polémica temos que dicir que esta Praza ten un problema de mantemento por unha serie de cuestión de deseño; en principio gustounos moito a todos, quedou francamente ben pero ó longo do tempo empezamos a atoparlle unha serie de cuestións que xeran problemas de mantemento e limpeza, os lastros teñen unha serie de ranuras e tentamos buscar un pavimento para igualar toda a superficie porque é certo que é moi difícil limpar. Tamén o problema que teñen sobre todo as mulleres cos tacóns e protestan continuamente; semella cousa insignificante pero a verdade é que as persoas que circulan por alí nos están mandando queixas por iso. En canto as xardineiras pasa que son de madeira, son baixas e xeran certas dificultades.

Estamos tentando redactar un proxecto para modificar esas cuestións que vai incidir dun xeito claro na mellora da limpeza, do mantemento dos xardíns, etc., mesmo se vallará algunha zona.

Estamos traballando nesa liña por veren se somos quen de atopar un deseño que recolla todas as demandas que presentan os veciños e mellore todas estas cuestións.

SRA. SÍO LOURIDO: Permítame incluír algunhas cuestións sen ningún mal ánimo.

Sobre o que dixos dos tacóns ten razón, eu fun por alí e quedei varias veces aterrada. Pero ten que ver tamén en cómo se deseñan e para qué son os espazos públicos, ten que ver tamén que ás veces non sei quen os diseña e permítanme dicilo porque o levo pensando durante todo o tempo que levo nestas Corporacións municipais. Seguramente sendo máis sinxelos poderían ser mellores, pero tamén é que moitas veces as mulleres non están nos deseños dos espazos. Que haxa nenos por alí, andando, xogando coa bicicleta ou coa pelota, quere dicir que non hai espazos específicos para que xoguen os nenos nesta cidade.

Isto non o digo con actitude de crítica, coido que xa o dixen cando propuxen a ampliación do parque infantil das Travesas. O que quero dicir é

que estes temas os hai que pensar porque somos responsables dos espazos, os que estan agora no Goberno, os que estamos agora na oposición e logo estaremos no Goberno. Seguro que algún dos que estamos aquí quedará e por iso digo que hai que pensar estas cousas porque esta cidade necesítao.

SR. FIGUEROA VILA: Coincidimos totalmente.

(No momento da votación están ausentes os señores e señoras Alonso Vázquez, Couto Pérez, Molares Pérez e a Alcaldesa, preside o Pleno o Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito e de dereito,
ACÓRDASE

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal socialista, Sra. Sío Lourido, sobre arranxo de danos e limpeza na Praza da Independencia, co texto que se contén nos antecedentes deste acordo.

27.- (249).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO Á XUNTA A ASUMIR A XESTIÓN DO MUSEO DO MAR

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de outubro de 2005, a voceira do Grupo municipal socialista presenta a seguinte moción:

"O Museo do Mar representa unha oportunidade para completar a rede museística da cidade de Vigo, pero os seus referentes son máis amplos e se refiren ás culturas mariñas do conxunto de Galicia. A afortunada idea inicial de crear un museo con esa liña de especialización no ámbito galego correspondeuse cunha iniciativa política da Xunta de Galicia para o poñer en marcha. Sen embargo é ben sabido que o proceso de construción das instalalciós do Museo ficou interrompido durante un longo período no cal a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia amosou ter outras prioridades.

O conxunto do proceso retomouse cando o Consorcio da Zona Franca asumíu o seu desenvolvemento completo e a xestión do futuro Museo, o que permitíu rematar as obras, creando un espazo de grande calidade urbano e mesmo paixasístico, e facer algunhas exposicións temporais, pero non á apertura do núcleo básico deste equipamento cultural: a exposición da súa colección permanente.

O principal problema que o Museo ten na actualidade -o impedimento fundamental para que o seu proxecto se vexa ao fin consumado con éxito- é a súa incorrecta localización institucional, pois o Consorcio da Zona Franca está moi lonxe de ter entre os seus obxectivos a xestión dun museo. A corrección deste problema é, polo tanto, da máxima urxencia se se quere definir para o Museo do Mar unha estratexia de rigor, programación a medio-longo prazo e estabilidade institucional. E polo xa mencionado ámbito galego do proxecto, non hai dúbida de que é a Xunta de Galicia quen debe retomar o seu control dunha maneira plena.

Polo exposto anteriormente propoñemos a adopción do seguinte acordo:

Que o Goberno municipal estableza conversas coa Delegación do Estado da Zona Franca e a Consellería de Cultura para estudar a posible incorporación do Museo do Mar á Rede Museística de Galicia."

A Comisión Informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de 24 de outubro de 2005, quedou enterada do anterior escrito.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: Gracias, Sr. Figueroa. Espero que tamén nesta moción vaia haber un acordo por unanimidade de todos os Grupos que estamos aquí representados, entroutras cousas porque se dá a circunstancia dende a incorporación do Sr. Cotobad ó BNG, que todos os Grupos presentes na Corporación teñen algún membro que si estaba en Corporacións pasadas nas que se falou deste tema dende o seu inicio; perto vai facer vinte anos. Laméntoo moito por aqueles que estean aludidos por esta circunstancia coma eu mesma.

Quero dicir que o Museo do Mar é unha vellísima aspiración da cidade de Vigo, unha aspiración en proxecto que a cidade de Vigo sempre pensou, alomenos nas súas orixes, coma un proxecto para Galicia que nacendo en Vigo tería coma lóxico horizonte, coma lóxica consecución, ser un referente para Galicia e un xeito de poñer a Galicia no mapa da historia da náutica, da navegación, das pesquerías do mundo.

Foi iniciativa dun grupo de mariños desta cidade presidido por alguén moi coñecido por moitos dos que estamos aquí tamén na cidade de Vigo: Xesús Franco, capitán da Mariña Mercante que presentou este proxecto á cidade, ó goberno municipal que había coido que a mediados dos anos 80. Non lembro precisamente qué número de Corporación facía pero foi nesa época.

Polo tanto é unha idea que nace da cidadanía de Vigo, do pobo de Vigo e que a Corporación á que lle toca recibir este proxecto asume con ledicia e que tenta levar cara adiante.

Estamos falando a día de hoxe, cáseque vinte anos despois, de que é un proxecto que a todos nos ten insatisfeitos.

Polo tanto agora que, coma dicimos os cidadáns e os políticos que estamos contentos coa nova etapa política que se abre en Galicia, que os tempos empezan a chegar aínda que estean chegados de todo, nun momento en que semella que efectivamente vai haber unha política cultural que pense nunha clave moi semellante á que no seu día inspirou o nacemento deste Museo, que este Museo pase a ser efectivamente un referente institucional de ámbito galego e que se integre na rede museística de Galicia.

Practicamente poderíame aforrar toda a exposición necesaria para chegar aquí porque o que tería que facer sería historia e sería facer algunha crítica bastante dura e aceda que, se cadra, non ven a conto nalgo que espero que sexa un acordo de todos, pero ata agora non houbo a sensibilidade necesaria nin suficiente por parte do Goberno Autonómico para con este proxecto que tivo que coller no seu día unha institución que para nada ten entre os seus fins a actividade cultural e que en todo caso benvido sexa, porque hai un edificio magnificamente construído e con posibilidades de expansión e de crecemento, coma xa se dixo noutro punto da orde do día, nun lugar e nun enclave magnífico que no seu día esta cidade, esta Corporación, efectivamente decidiu para construír un museo galego do mar, sempre se quixo chamar así.

Non vou contar todos os desencontros, saben moi ben que foi moi difícil chegaren ata aquí. Empecemos a pensar en futuro e nun tempo novo no que unha instalación destas características lle dea a Vigo o nome que Vigo ten no mundo do mar e sobre todo lle dea a Galicia un lugar de estudo, de encontro, un lugar de reflexión, de referencia respecto do que o mar representou na nosa historia e do que aínda esperamos que sega representando no futuro.

Non quero facer unha intervención noutro ton, sinxelamente pedir apoio de toda a Corporación a que dende o Goberno municipal se asuma a iniciativa de participar nesta nova etapa, de trasladar ó actual propietario que é Zona Franca e á actual responsable da Consellería de Cultura, Sra. Bugallo, a posibilidade de que este museo se integre na rede museística de Galicia e que teñamos en Vigo, por fin, o museo que a todos nos faga sentirmonos orgullosos e non só do edificio, senón tamén dos contidos e das funcións que poida acometer.

SR. SOTO FERREIRO: Coma hai unha pequena omisión no falar e no escribir, que non no pensamento porque xa o explicou antes e víanse os sentimentos da Sra. Porteiro e están as verbas do Sr. Calviño na mente de todos, coido que

se debe explicitar que a transferencia que se pide do Museo do Mar é do Museo e máis dos terreos apegados precisos para que o Museo do Mar poida desenvolver o mellor proxecto posible, léase a Finca Zulueta tamén propiedade da Zona Franca.

En todo caso e xa que vostede o citou, déixeme lembrar con afecto a todos os corporativos de todos os signos políticos que no seu día aprobaron a iniciativa de construír en Vigo o Museo do Mar.

Eu tiven a honra de traballar con moita xente coma con vostede, ou co Sr. Cotobad, traballamos xuntos en ideas coma ista que tardaron demasiado en se realizar, quedaban empezadas as obras no ano 91, pasou o que pasou e logo a andaina xa foi algo peor, pero a ver se rematamos.

A PRESIDENCIA: O noso Grupo comparte a exposición da Sra. Porteiro e imos votar a favor.

(No momento da votación están ausentes os señores e señoras Arias Moreira, Couto Pérez, Molares Pérez e a Alcaldesa. Preside o Pleno o Sr. Figueroa Vila)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos visntesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola voceira do Grupo municipal socialista, Sra. Porteiro García, sobre o Museo do Mar de Galiza, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

28.- (250).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A PRESENTACIÓN Ó PLENO DO PROXECTO DO REGULAMENTO DE DISTRITOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 17 de outubro de 2005, a concelleira do Grupo municipal socialista, Sra. Graña Barcia, presenta a seguinte moción:

"Por Decreto de Alcaldía de 02.01.2004, de Delegación de competencias, nomeáronse trs concelleiros/as Delegados de Distrito.

No sinxelo e pouco clarificador texto recollíanse as competencias que sumirían os responsables dos Distritos: "canalizar e aproximar as demandas, suxestións, reclamacións e aspiracións das comunidades veciñais nos ámbitos territoriais que se indican".

O Decreto expresamente recoñecía que deberían abordarse con posterioridade temas tan trascendentais para a realidade xurídica e social dos Distritos coma a división territorial do termo municipal en Distritos, a creación dos órganos de Distritos que permitirían a xestión desconcentrada dos asuntos municipais e o establecemento dos mecanismos de coordinación coas restantes áreas de goberno.

Transcorreu xa tempo suficiente para valiar a xestión que se ven realizando dende as Concellerías de Distrito. O balance non pode ser máis desalentador. Non se elaborou ningún dos instrumentos xurídicos necesarios para configurar as actuais concellerías como auténticas áreas de Distrito; non existen, porque non se crearon, os órganos de participación de Distritos; tramitáronse dous orzamentos municipais e nunca se contemplaron partidas específicas con destino aos Distritos, e a falla de elementos de coordinación con outras áreas de goberno é permanente.

Polo anterior propoñemos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Requirir ó Goberno Municipal para que de maneira inmediata presente para a súa aprobación polo Pleno o Regulamento de Distritos."

A Comisión Informativa de Xestión Municipal, en sesión de 24 de outubro de 05, quedou enterada do anterior escrito.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: O 2 de xaneiro de 2004, hai cáseque dous anos, díctase resolución pola Sra. Alcaldesa no seguinte sentido: "Ó obxecto de establecer as bases para propoñer no seu día ó Pleno do Concello a división territorial do termo municipal en distritos, a fin de pular e desenvolver a participación cidadá, co ánimo de canalizar as demandas, suxestións, reclamacións e aspiracións das comunidades veciñais nos ámbitos territoriais que se indican e sen prexuízo de establecer en posteriores resolucións os mecanismos de coordinación que resulten necesarios, noméanse os seguintes Concelleiros de distrito..." Así nacen as tres actuais Concellerías de Distrito e así continúan.

Con posterioridade, o 21 de xaneiro do mesmo 2004, anúnciasenos que nos vindeiros meses e segundo se avance na adaptación da lexislación á Lei de medidas para a modernización das grandes cidades, ampliaranse as competencias que ademais de policía de distrito as concellerías contarán cunha unidade de promoción da saúde, unha unidade básica de acción social, unha unidade de mantemento e reparación coa súa brigada de obras e unha unidade de tramitación administrativa e de atención ó público.

Transcorreron cáseque dous anos e dos iniciais anuncios non temos ren, nin se produciu a división territorial en distritos, nin se crearon os órganos de participación, nin se estableceron os mecanismos de coordinación.

As concellerías de distrito nin son tales, nin prevemos que o poidan ser. Non son tales porque os distritos son xuridicamente inexistentes, nin se crearon, nin se regularon os órganos de participación dos mesmos, nin se dotaron de competencias, nin recursos económicos. Este Goberno nin tramitou, de conformidade co artigo 128 da Lei de medidas para a modernización, a revisión territorial en distritos, nin tramitou, malia existiren un borrador, o Regulamento de distritos.

Difícilmente poden seren eficaces unhas concellerías que carecen de recursos competenciais e económicos para poderen asumir as súas responsabilidades.

Polo tanto a realidade é desoladora, as expectativas frustráronse, o que se ía converter nunha mellora para os veciños, nun exercizo de cercanía convertíuse nun novo trámite burocrático que alonxa cada vez máis ó Concello da realidade dos barrios. Estase perdendo a oportunidade de transformar e fornecer a estrutura histórica da nosa cidade en barrios e parroquias en modernos distritos.

Coñecen os instrumentos para facer reais e eficaces as concellerías de distrito, señores do Goberno, téñenos na Lei de medidas para a modernización, só se require a súa vontade para os facer efectivos e así cumprir o seu compromiso.

Esperamos polo tanto que voten a favor da moción que presentamos.

SR. SOTO FERREIRO: Ó Partido Galeguista gústalle e propón a todos os corporativos a fórmula de que nos reunamos de xeito inmediato para tentar consensuar un Regulamento que debера ser do conxunto da Corporación e mesmo aspirando a que teñan unha razoable pervivencia no tempo. Se isto non é posible naturalmente presentaremos as ideas que temos enriba da mesa cando toque.

Eu pediríalle á Sra. Alcaldesa de Vigo que se faga un esforzo extraordinario, ó mellor coa súa propia presenza para tentar revitalizar, que faga se quere consultas previas cos Grupos por veren se temos ou non vontade de tentar facer esta regulamentación conxuntamente. Se non así tiremos cara adiante.

En todo caso e coma anticipo, Sra. Graña, só un comentario. Non teño nada que dicir ó que vostede propón porque ten razón, mellor isto que ren, se

non se fai de ningún xeito, se non hai outro camiño que sexa este. Eu acéptolle e nese sentido vou votar a favor pero sempre coa esperanza de que antes de que se materialice este tipo de decisión, polo menos que quede implícita na miña decisión e non se me diga logo non quero cumprir un acordo plenario, pero entendo que antes debe haber un esforzo por parte da Sra. Alcaldesa de Vigo para tentar coordinar ó conxunto da Corporación, ós seus representantes, neste caso designados polos Grupos políticos, para tentar consensuar un texto común.

Do que di vostede, Sra. Graña, xa lle dicía que só teño unha discrepancia. Dicía vostede "Na Lei se contempla..." Á Lei haberá que se adaptar formalmente pero esta é unha moi mala Lei para Galicia na miña opinión, é unha Lei que ten moi pouco que veren connosco porque ademais está na súa dialéctica. Vostede falaba de barrios e parroquias e non de distritos; aquí non hai distritos, aquí hai barrios, parroquias, aquí hai outra personalidade que, non quero ir máis aló, pero que espero que fagamos algo que se corresponda co que temos e co que somos.

SR. TOBA GIRÓN: Nós imos votar a favor da moción na medida en que sinxelamente formula o seguemento na aplicación diso que chamamos Lei de grandes cidades, pero sinceramente e coma ben se sabe sen entusiasmo porque votariamos moitísimo máis ledos e satisfeitos unha moción, unha postura política que definira a modificación da Lei de grandes cidades que está resultando seren un desastre. Quizais este non é o momento para presentar isto, quizais tampouco este sexa o foro, nós non temos capacidade lexislativa, pero sinceramente algúns que auspiciabamos que a famosa lei ía ser mala, quedámonos curtos porque non é mala, é moi mala.

Independentemente do que acabo de dicir e de que polo tanto aplaudiríamos unha modificación lexislativa e non en si mesma a extensión lexislativa, somos conscientes de que a lexislación é a Lei de bases de réxime local para o Concello de Vigo e polo tanto con esa idea imos votar a prol da moción presentada polo Partido Socialista. Pero que quede claro que mesmo o concepto de distrito que define a famosa Lei de grandes cidades dificilmente se pode casar nin siquiera en Vigo, unha cidade moderna que debe seguer sendo moderna e debe modernizarse moito, máis co que é a nosa realidade social.

SR. FIGUEROA VILA: Nós tamén imos votar a favor e adquirimos o compromiso de que na semana do 12 ó 17 convocaremos esa reunión.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sinxelamente agradecer o voto favorable de todos os Grupos e confirmar a nosa participación e colaboración nesa reunión.

(No momento da votación están ausentes os señores e señoras Couto Pérez, López-Chaves Castro e Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereio e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do Grupo municipal socialista, Sra. Graña Barcia, sobre o Regulamento de Distritos co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

29.- (251).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE EN DEFENSA DUNHA POLÍTICA MUNICIPAL DE ATENCIÓN ÓS BARRIOS DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 22 de outubro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal socialista, Sr. Caballero Míguez, presentou a seguinte moción:

"As políticas públicas teñen como obxectivo central a busca de benestar social e corresponde ás políticas municipais a provisión daqueles bens e servizos públicos de carácter local que melloran a calidade de vida dos seus cidadáns. Estes bens e servizos públicos locais atopan nos Concellos a súa vía natural de atención e de provisión, solucionando os problemas de non exclusión e non rivalidade que as alternativas non públicas incorporan. A capacidade de xestión dos gobernantes municipais maniféstase tamén na capacidade de dar solucións ás demandas sociais de atención pública municipal que dende as distintas zonas do territorio municipal se formulan.

A estrutura urbana da cidade de Vigo resposta a unha dinámica social e de implantación no territorio que se pode caracterizar como policéntrica e que vincula con claridade a vida cotiá dos cidadáns ós seus respectivos barrios, parroquias e distritos dentro da cidade. Esa vinculación dos vigueses á súa realidade social e urbana máis próxima convértese nunha compoñente que os actores públicos deben incorporar, abandoando os modelos urbanos estrictamente centralistas.

A acción pública en Vigo debe buscar un equilibrio de atención entre as diferentes zonas de Vigo, entendendo que as accións de atención no centro de Vigo son unha peza relevante pero non poden permitir un esquecemento dos barrios e dos seus respectivos núcleos na periferia, en cuestións claves para as viguesas e os vigueses que alí viven.

Entroutras cousas, a política de barrios é a política que coida os xardíns, a que mantén en bo estado a limpeza das rúas e beirarrúas, a que atende as fontes de auga de carácter público, a que aposta polo saneamento, a que pon e repón bancos e columpios, a que vela pola atención social e cultural..., dende unha posición de proximidade vinculado ó terreo. A calidade de vida das e dos cidadáns pode mellorar con máis atención ós barrios e mellor capacidade de xestión dos recursos existentes.

A lista de falla de atención ós barrios é ampla. A modo indicativo incorporamos cinco fallas de actuación de distinto tipo e en distintas zonas da cidade e que son cuestións solucionables dentro das capacidades económicas do Concello:

- a) Estado de falla de atención en Valladares ó Ceputdo e ó Monte dos Pozos, neste último onde a modo de exemplo podemos apuntar que a ponte de madeira do lago está nun estado de deterioro que chega resultar perigoso (o pasamáns inclínase por un extremo en moitos graos).
- b) Os parques infantís do Caeiro (rúa da Gorguiña) e o da Retorata en Cabral están nun estado de abandono que impiden que os nenos e veciños lle poidan sacar a utilidade e desfrute que en tempos recentes tiveron.
- c) Na nova zona urbanizada de Navia hai problemas evidentes de limpeza que os novos veciños están sufrindo (lixo, mantemento de espazos comúns e servizos urbanos).
- d) Lavadoiro de Fontáns en Teis (Doutor Corbal, nº 206) está nun estado non axeitado a persares de que os veciños levan reclamando a súa limpeza e acondicionamento dende hai tempo.
- e) A fonte do Romano (rúa de Camposancos), unha das de maior uso público en Vigo, require dunha mellor atención, limpeza e acondicionamento.

Resolución: Reclamar ó goberno municipal unha maior atención ás necesidades dos distintos barrios de Vigo, facéndose sensible a unha configuración urbana policéntrica que require dun axeitado equilibrio entre o centro e os distintos barrios da cidade cos seus respectivos núcleos e particularmente atendendo ós problemas concretos que se incorporaroin na exposición de motivos a modo indicativo."

A Comisión Informativa de Servizos Xerais, en sesión de 24 de outubro de 2005, quedou enterada do anterior escrito

DEBATE.- SR CABALLERO MÍGUEZ: Dende un ton constructivo e cunha posición crítica pero positiva cara este Goberno municipal, o Grupo municipal Socialista trae a Pleno unha moción que defende unha política de atención ós barrios desta cidade.

En clave de cidade, lonxano a calquera formulación demagóxica que esqueza que o goberno das cuestións públicas sempre ten restriccións económicas, administrativas e externas ó propio Concello, pensamos que cun modelo de cidade policéntrico, que supera os modelos estrictamente centralistas,

débese entender a configuración policéntrica de Vigo coma unha realidade que require atención diaria e constante dende a acción pública municipal. Deste xeito coidamos que as accións que dende o Goberno municipal se poden facer de cara á atención dos barrios é netamente mellorable. En definitiva, que esa política de atención ós barrios necesita mellorar.

Polo tanto, pensando que é necesario un modelo de cidade integrador e transmitindo a este Pleno o que consideramos que é unha percepción clara da cidadanía de Vigo, que é a necesidade de realizar máis esforzos de atención ós barrios, presentamos unha moción que recolle o pensamento de moitos barrios, de moitos cidadáns desta cidade.

Presentamos na mesma moción algúns exemplos a título indicativo que fan referencia a zonas distintas de Vigo, a distintos tipos de problemas de Vigo e que son solucionables dentro das capacidades económicas do Concello e das súas limitacións. Exemplos que son sinxelamente unha mostra dos requirimentos que cara á acción pública se poden facer.

Dende esta posición crítica e constructiva sabemos e recoñecemos que hai actuacións de cara ós barrios pero pensamos que o esforzo deste Goberno e de toda esta Corporación debe ser maior.

Tendendo a man deste Grupo municipal e de toda esta Corporación que de feito continuo presenta nos Plenos unha morea de mocións para atender ás cuestións dos barrios, formulamos unha moción que di deste xeito...

A seguir o Sr. Caballero Miguez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. FIGUEROA VILA: Imos darlle contestación a esta moción. Vou tentar ser breve pero evidentemente o Goberno ten que dar resposta porque se está tentando trasladar á opinión pública que este Goberno apoia única e exclusivamente ó centro da cidade e que non ten investimentos nas parroquias. Voulles chamar parroquias e non rural porque me gusta máis.

Cando falamos de parroquias eu quixen seren estricto e acudín a Estatística e pedín os datos da poboación de Vigo. É dicir as parroquias de Vigo se conforman en Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Freixeiro, Lavadores, Matamá, Navia, San Miguel de Oia, Saiáns, Sárdoma, Teis, Valladares e Zamáns. Hai dezaioito parroquias e logo está Vigo-centro. Así é coma está conformado en Estatística o resultado da poboación da nosa cidade.

Cando falamos de 18 parroquias estamos falando de 86.508 persoas, 211.604 no centro, que conforman o censo da nosa poboación porque estamos falando de 298.112 habitantes.

Fago este escenario porque é importante pero o que queremos é trasladar á opinión pública o que está facendo este Goberno e os seus obxectivos dende que empezamos a gobernar en decembro de 2003.

Á hora de distribuír o Goberno e de facer o reparto de dedicacións e designacións por parte da Sra. Alcaldesa tivéronse en conta dun xeito claro ás parroquias de Vigo, por iso a Sra. Alcaldesa máis os nove Concelleiros coidabamos que era oportuno, que chegara o momento de prestarlles unha atención especial ós barrios e ás parroquias. Por iso nomeáronse os Concelleiros de Distrito que falando da nova Lei de grandes cidades era ir preparando o terreo para que cando o Regulamento se aprobara se conformara ese escenario.

Este Goberno nomeou tres Concelleiros de Distrito que se repartiron as áreas da nosa cidade. Eran concelleiros que loxicamente non tiñan consignación orzamentaria, ningún tipo de orzamento pero si un traballo importante: primeiro o contacto directo coas asociacións e cos cidadáns e ó mesmo tempo seren os coordinadores entre os veciños e os propios concelleiros-delegados de área. Este foi un dos obxectivos polos que se nomearon concelleiros de distrito ós tres compañeiros da Corporación.

Son tres compañeiros dos que eu vou facer unha defensa a ultranza porque están facendo un magnífico traballo, non só directo, senón un traballo de axudar a moitas concellerías porque ó final calquera barrio, calquera persoa, parroquia ou colectivo ten moitas demandas e moitos problemas comúns coma poden ser de urbanismo, economía, impostos, tráfico, seguridade, cultura, deportes, etc.

Eu sinceramente coido, Sr. Caballero, dígollo co maior respecto e vostede sabe que mesmo no pouco tempo que leva temos unha boa relación persoal, tivemos algunhas conversas privadas que para min foron gratificantes por coñeceren a unha nova persoa da Corporación coido que cualificada, con moito futuro e ademais a nivel persoal demostroume a súa forma e estilo, pero eu só lle quero dar datos, única e exclusivamente, non é unha cuestión de dicir que se sabemos máis ou menos, é darlle datos para que os teña en conta cando presente mocións coma esta.

Este Gobeno no ano 2004 non tivo orzamentos, os orzamentos que tivemos foron no ano 2005 con 16.708.000 en investimentos. Voulle falar só de

investimentos, non quero falar nin de gasto corrente, nin de subvencións, nin do Capítulo IV; só do que é o Capítulo VI e Capítulo VII.

Este Concello tivo de orzamento no Capítulo VI de 16.780.000 euros. Voulle dar un dato obxectivo que vostede poderá contrastar, aínda que ó mellor é difícil porque si é difícil ter todos os convenios, todas as axudas da Deputación, de organismos coma pode ser Zona Franca, etc. Estamos a falar de que a día de hoxe este Goberno investiu nas parroquias de Vigo, esquecéndonos do que é o distrito centro, acadados, xestionados por este Goberno 37.116.000 euros nas parroquias da nosa cidade; estes son datos reais. Voulle dar algúns exemplos e vostede logo se quere os vai sumando, ou se quere algún día quedamos con calma e explícollos porque coido que é bo que a Corporación saiba isto.

O outro día, diante dunha denuncia da Federación de Veciños, tivemos unha reunións os tres Concelleiros de Distrito e quen lles fala coa Presidenta e coa Xunta Directiva e cando lles mostramos os datos dixérennos que non sabían que nesas parroquias se estaban investindo esas cantidades de cartos.

Eu pódolle dar exemplos: Centro rectoral de Alcabre: 300.000 euros, ampliación do saneamento de Beade: 1.000.000 euros, urbanización do tramo Présas-Beade-Carneiras: 917.000 euros, ampliación da pista de petanca en Beade: 31.922 euros, saneamento en Bembrive: 1.100.000 euros, tramo de Mosteiro-Mourelle: 700.000 euros, acometida da segunda fase do saneamento de Bembrive: 1.100.000 euros, paseo litoral do río Eifonso: 150.000 euros, campo de fútbol de herba sintética en Candeán: 600.000 euros, muro do estanque de Castrelos: 450.000 euros, campo de fútbol de herba sintética de Castrelos: 600.000 euros, mellora do campo de fútbol de Matamá: 20.000 euros, melloras en camiños de Matamá: 100.000 euros, pista polideportiva do Freixeiro: 110.000 euros, camiños en todo o barrio de Freixeiro: 125.000 euros, camiños en Matamá: 122.000 euros, saneamento de Zamáns: 2.635.000 euros, outros investimentos en Zamáns: 600.000 euros, saneamento en Valladares: 3.200.000 euros, piscina de Valladares que agora mesmo tentouse destinar cartos por 900.000 euros a Valladares e facer a piscina de Coia por outro xeito de concesión: 900.000 euros, urbanización de Barreiro que saben vostedes que se adjudicaron as vivendas e vaise investir alí: 2.200.000 euros, campo de fútbol de herba sintética para a parroquia de Lavadores que ía destinado a Barreiro pero a asociación de veciños pensa que é mellor que estea en Lavadores: 600.000 euros, gardería na rúa Palencia: 600.000 euros, campo de fútbol de herba sintética en Candeán:

600.000 euros, vestiarios da zona de Candeán: 170.000 euros, a pista polideportiva de San Xoán Poulo: 73.000 euros, saneamento de Cabral: 1.200.000 euros, centro local de Cabral-Feira: 300.000 euros, Pedro Alvarado: 2.700.000 euros, telecontrol do saneamento e depuración: 1.200.000 euros, depuradora do Lagares: 2.400.000 euros. Estes son exemplos, se van sumando xa mirarán coma lles dá a cantidade que lles dixen, senón lles darei eu, non se preocupen.

Da Deputación: dotación de servizos e melloras de pavimentos en Calvario-A Garrida, lugar da Sobreira: 1.089.000 euros, mellora de pavimentación e dotación de servizos Calvario-A Garrida, tramo Beade-Carneiras: 498.000 euros, mellora do tramo camiño Présas-Igrexa de Beade: 418.000 euros, tramo Martínez Garrido-antiga Nacional 120: 418.000 euros, mellora de pavimentación e dotación do servizo Calvario-A Garrida, tramo Mosteiro-Mourelle: 516.000 euros.

Voulle falar dos camiños asfaltados da nosa cidade dende que nós estamos gobernando e voulle dicir algúns: Alcabre: Garita, Turipa, Veiguiña, Meixeira, todos os aparcadoiros de Samil: 149.000 euros. Beade: Laranxo, Batalla, Figueiros, Barreira, Real, Chavarras: 228.000 euros. Bembrive: Penedo, Monte Vello, Cavadiñas, Novelos: 146.500 euros. Canido: Fuchiños, Cesáreo Vázquez: 65.000 euros. Castrelos: Monte da Serra, Nogueira, rúa de Pereiró: 104.000 euros. Coia: aparcadoiro rúa O Grove, aparcadoiro rúa Cangas: 300.000 euros. Comesaña: Outeiro: 16.000 euros. Coruxo: A Barxa, A Fonte, aparcadoiro de San Sebastián do Monte, Verdeal, Parrocha interior: 107.000 euros. A Florida, Carballa e Alexandre Bóveda: 191.000 euros: Matamá: Devesa, Revolta, Parada, Rivas, Carapucha, Balsa, Carrazáns, Juan Bastos, Revolta: 347.000 euros. Navia: Samil VI: 240.000 euros. Oia: Igrexas, Rotea, camiño de Oia, baixada á Hermida, Matoca, Hermida, travesía Mide, travesía Mide II, Verdella I, Verdella II, do Fondo, Serra de Abaixo, Verdella III: 264.000 euros. Saiáns: Portiño: 12.000 euros; Gándara-San Xurxo: 32.000 euros e baixada a Saiáns: 30.000 euros; en total 74.000 euros. A Salgueira: Lourido e Loureiro: 134.000 euros. Valladares: Areosa, Valada, Lago, Sobreira, Maquías, As Gándaras, Pinal, Laranxo, Marquesa, Travesía Pinal, acceso ó campo de fútbol: 331.000 euros. Zamáns: Cidán-Marcosende: 346.000 euros.

Podo seguir contando e isto non é a pedrea, é a realidade de Vigo. Síntoo, vou ser o máis humilde posible pero dende o Goberno temos que facer a defensa dos nosos feitos. Pasa que a isto non se lle deu publicidade porque se foi facendo ós poucos, pero si teño os datos de saneamento parroquia a

parroquia e non falo de cuestións menores coma o alumeado ou outras melloras, pero en saneamento dígolles que non o engadín nin o vou facer pero se fixo na nosa época aínda que, para seren honestos, xestionouse no goberno anterior, o remate da primeira parte da parroquia de Beade que custou 3.359.000 euros, esta obra foi anterior e este apartado, non está sumado pero tamén o digo para que se saiba.

A ampliación dese saneamento si foi da nosa época por un importe de 671.000 euros, en Valladares, que xa o dixen, foron 2.800.000 euros, a ampliación de Valladares (que non o dixen): 506.000 euros. A partir daí houbo nese convenio con Aqualia un 20% que estaba pendente de aportación de fondos europeos que coma non se utilizaron metéronse no orzamento. Agora hai unha partida que vai saír de 1.736.000 euros que é para: actuacións en colectores veciñais: 1.583.000 euros, evacuacións pluviais no Vao: 125.625 euros, cambios de trazado de colector e cañotais: 20.000 euros, substitución da fundición da rúa Aragón, nova rede de saneamento en San Paio de Navia-Fontáns: 269.000 euros, conexión verquidos da grada de Río do Estadio de Balaídos: 49.000 euros; todo isto suma 1.730.000 euros.

Estes son datos obxectivos do que acadou o Goberno na súa xestión e por suposto que non contabilizo a ampliación de Cotogrande que foi da época anterior aínda que se adxudicou nesta, pero non o fago porque foi unha xestión anterior de 8.000.000 de euros para ampliación de Cotogrande.

A maiores tampouco contabilicei os convenios que hai de infraestructuras, un protocolo do que o único que se levou a piques de momento é Pedro Alvarado e Camiño de Maceiras, pero existe un protocolo asinado de 19.000.000 de euros que non contabilicei para as rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas, Gandarón, acceso ó Hospital do Meixoeiro, que nalgúns casos xa se remataron as expropiacións e noutros estanse concretando.

Cuestións pequenas podería relatarlles mil e unha, pero só por lles dar un exemplo podemos ir a Beade, é o único exemplo que lles vou poñer: Coutada-Beade, mellora de alumeado da pista polideportiva: 6.200 euros, Coutada-Beade, renovación aseos nenos do ximnasio: 19.900 euros, colocación dous postes de formigón: 1.074 euros, facho de mantemento 270 euros, Beade, materiais e man de obra empregados en diversas reparacións: 418 euros; xa falei dos camiños, cemiterios, construcións de beirarrúas noutras partes de Beade, etc, non me vou estender porque coido que non sería de recibo.

A maiores diso non nos quedamos aí, iso está acadado e son 37 millóns e pico de euros, cáseque 38 e non lle vou poñer un dato a maiores que podería contabilizar cal é que a Deputación de Pontevedra vai asinar un convenio co

Concello de Vigo para facer cinco campos de herba sintética; un xa está destinado para Candeán e os catro restantes decidiremos as parroquias porque coido que hai que tentar buscar un equilibrio para aquelas parroquias onde ó mellor é certo que o investimento é menor pero sería importante levar a piques algunha actuación e imos tentar manter ese equilibrio, imos deixar pendentes eses catro campos de herba sintética para os concretar máis adiante.

Pero non nos quedamos aí e vostedes xa o sabían, acadamos 37 millóns de euros pero pensamos que tiñamos que seguir investindo nos barrios e nas parroquias de Vigo e por iso ó Pleno do 12 de setembro se levou unha modificación de crédito contra remanentes e se vostedes a analizan é todo para demandas das parroquias agás para o Rectorado que se aprobou.

Falamos dun plan de mantemento de beirarrúas e doutras cuestións da cidade, coma dicía o Sr. Caballero que ten razón, coma fontes que hai que arranxar, beirarrúas para poñer nas debidas condicións e por iso dixemos que neste Concello nos esquecemos que dende a época do Sr. Soto que había 200 funcionarios en Vías e Obras, agora temos 17 traballadores, é dicir, de 200 cando se marchou el no ano 91, agora temos 17 funcionarios.

Coido que temos que empezar a valorar a posibilidade de ter unhas empresas, unhas asistencia técnicas para que nos fagan esas melloras porque non vale de nada arranxar un camiño ou unha beirarrúa se ó cabo do ano xa hai unha louseta levantada ou un desprendemento e non se arranxa porque se vai deteriorando e pasa o que pasa, que chega un momento que non ten o correspondente mantemento. Por iso levabamos 3.000.000 de euros para esa partida de mantemento que serviría para todas esas cuestións.

Pero non só iso, se vostedes ven a proposta, ía tamén 1.000.000 para beirarrúas, 450.000 para beirarrúas de Santo Tomé de Freixeiro; arranxo da rúa Doutor Corbal en Teis: 1.200.000 euros, recuperación do areal e dunas do Vao: 600.000 euros, alameda de Bouzas: 300.000 euros, completar a urbanización de Barreiro para o que nos facían falla outros 830.000 euros, etc.

Pero non só isto, é que á parte de acadar todos estes cartos estamos tentando implantar outros xeitos de xestión con custo cero para o Concello con concesión a través do propio Concello, por iso D^a Lucía Molares a través de Deportes e con bo criterio di que as piscinas que se queren facer en Vigo poden ser instalacións rendibles para os veciños e entón situalas en zonas onde poidan ser rendibles e facer así unha concesión coma xa se tentou en Barreiro e é un bo sistema o de poñer piscinas e terreos ó dispor

de empresas para que as constrúan e así lles damos a xestión. En poucos días a Sra. Molares presentará un estudo que rematou xa para Navia e para toda a zona de Coia. Iso vai tamén incrementar este tipo de investimentos. Coido que estes son os datos obxectivos que pode presentar o Goberno e polo tanto o Goberno está tremendamente satisfeito e orgulloso dos seus Concelleiros de Distrito que, con moitísimas dificultades administrativas, cun secretario ou secretaria están facendo un magnífico traballo e ademais sen dedicación que é o que máis temos que valorar quen a temos. Teñen que atender tamén ós seus respectivos traballos e aínda por riba dedican moitas horas ós barrios e por iso están moitas veces ata as 9, 10 ou 11 da noite atendendo ós veciños.

Evidentemente ninguén nos obriga a esa situación pero hai que contala porque hai que ser honestos e honrados cos compañeiros de Corporación e sobre todo nós cos compañeiros de Goberno que non teñen a dedicación exclusiva que podemos ter outros pero se dedican case plenamente ó Concello.

Remato pero quero dicir que isto para ó noso Goberno é moi importante para que todos os Corporativos coñezan o que estamos facendo na nosa cidade, logo falamos do centro e evidentemente que no centro se están facendo investimentos, só en investimentos para beirarrúas no centro estamos en torno ós 12 ou 13 millóns de euros, en melloras do contorno da Alameda, da Travesía de Vigo, de obras que está facendo a Deputación coma en Velázquez Moreno, asfaltados da rúa Alfonso XIII, rúa Tui e algúns máis.

É certo que hai dous proxectos estrelas deste Concello para o centro pero eu coido que son proxectos de cidade coma é o Consorcio do casco vello e o pazo de congresos que entre os dous podemos falar de cantidades importantes que superan os 130 millóns de euros.

Señores, gústelles ou non a realidade está no que acabo de dicir e chámase barrios e parroquias de Vigo, 37 millóns de euros. Repito de novo que son datos só de investimentos, aquí non contabilizamos nin un só euro de asociacións, nin de gasto corrente, nin de subvencións, nin axudas a temas culturais, musicais, deportivos, etc., só investimentos e se queren eu me poño ó seu dispor para, con absoluta tranquilidade, explicarlles o que estivemos facendo xa que ninguén ten a obriga de coñecer que pola Deputación de Pontevedra estanse a facer todas estas melloras de beirarrúas en Beade e Bembrive.

SR. SOTO FERREIRO: Non sei se lle vai parecer mal pero, Sr. Figueroa, eu recomendaríalle que con todo isto fixera outro NO-DO e que llo dera nunha conferencia de prensa a todo o mundo e así nos evitaría escoitalo aquí durante unha hora.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Sr. Figueroa, no mesmo ton de cordialidade co que vostede respostou esta intervención, vou tentar darlle outros argumentos para veren a análise da xestión pública dende outros prismas. Ás veces a realidade do Goberno debera achegar as distintas visións que dende as Corporacións e dende a propia rúa poden chegar.

En todo caso si quero facer unha mención previa a unha cuestión coa que vostede acababa a súa intervención facendo referencia ó respecto e ó bo labor dos Concelleiros de Distrito. Eu penso que neste Grupo municipal, como en toda a Corporación, recoñécese o traballo persoal dos distintos Concelleiros e agrádese o esforzo en prol do ben de Vigo, especialmente nestes casos sen remuneración a tempo total pois iso implica un esforzo aínda maior noutros aspectos, pero isto non pode ser óbice para que haxa crítica e debate político non só da súa responsabilidade persoal que non é o que cuestionamos, senón a do propio modelo e da propia capacidade de organizar a administración para poñer o complexo da administración local ó servizo e dar solucións ás demandas dos cidadáns.

Eu podoo dicir que para min é un pracer escoitar a exposición do Sr. Figueroa con quen ademais é certo que teño unha breve pero boa relación coma corporativos. En todo caso si penso que teño que transmitir que este Grupo municipal non comparte a valoración que se fai da política municipal dende o equipo do Goberno. Quéroo dicir con claridade porque escoito os datos, podemos dar outros pero facemos unha valoración noutro sentido.

Pensamos que a atención ós barrios segue sendo unha asignatura pendente desta Corporación e posiblemente doutras. Polo tanto non é unha crítica central porque, claro que se fan moitas cousas, en todo caso lonxe do triunfalismo e dese estar tremendamente satisfeitos que pode ter o equipo de Goberno, nós pensamos que a política de barrios precisa mellorar, non progresa axeitadamente. As rúas de Urzáiz e da Praza de Compostela si progresan axeitadamente, os barrios pensamos que non.

Cando formulamos isto pensamos que ademais poñemos o dedo nun lugar no que hai que o poñer porque a súa defensa, a defensa do Grupo de Goberno é o mellor síntoma de que a atención ós barrios ten que mellorar. Digo máis, cando vostede me le os datos da poboación de Vigo por parroquias, os datos

dos distintos lugares xa ve vostede que este tipo de asignación é moi relativo porque eu pola contra lle podo dar a análise de distritos do propio Concello e poderemos ver coma cada distrito ten en torno a vinte e tantos mil habitantes, de xeito que esa percepción segundo á que, polos datos que manexan, en Teis acaban vivindo 2.000 persoas, non sei en qué exactamente quere valorar Teis, pero ese é o dato que se achega aquí nesa distribución da poboación de Vigo que sen dúbida non se corresponde coa dimensión real dos distintos barrios que existen tanto na zona urbana de Vigo coma na zona rural.

Penso ademais que nesta idea vostede fai unha defensa á que incorpora non só o labor do equipo municipal, senón que tamén o labor da Deputación de Pontevedra. Incorpora todo e paréceme ben, non se alporice.

Tamén é certo que en todo caso, se por cada moción que este Grupo municipal presenta ó Pleno da Corporación pedíndolle maior atención ós barrios, a Deputación de Pontevedra fixese un investimento coma o que fai teríamos que presentar alomenos cincuenta mocións para que esta Deputación de Pontevedra, sempre gobernada polo Partido Popular, poidera erguer a cara e saír con coraxe para lle dicir a Vigo todo o que investíu. En todo caso alegrámonos moitísimo de que existan agora algunhas intervencións.

Vostede fala da cantidade de 37 millóns e medio na que polos datos que me dá vexo que mete un pouco de todo, con razón porque é atención ós barrios pero, por exemplo, cando fala de dous millóns e pico para a Depuradora do Lagares é certo que se trata de política de barrios pero é unha política para todo Vigo. O que lle quero dicir é que se ó final o que está a vender é unha xestión de todo sen tentar facer unha análise de distribución, a súa análise pode ter outro tipo de visións.

En todo caso quero dicirlle que esta é a valoración do equipo de Goberno que xestiona un orzamento municipal de 30.000 millóns das antigas pesetas, de moitos millóns, e dunha Deputación de Pontevedra que xestiona en torno a 20.000 millóns das antigas pesetas e polo tanto que cando se fan investimentos é lóxico que se poidan dicir moitas cousas. Sen dúbida que tamén outros gobernos anteriores o fixeron, por exemplo no Goberno do Sr. Pérez Castrillo cun Concelleiro coma D. Uxío González que deixou boa semente nos distintos barrios polo seu traballo, por exemplo no PROMIL facendo moito labor. Tamén teño enfronte, para que non digan que só achegamos a ascua onde nos interesa, a quen foi o Alcalde que máis tempo estivo nesta cidade e que sen dúbida con algún dos seus Concelleiros que

estivo nesta Corporación si deixaron unha boa semente na atención ós barrios e ó equilibrio desta cidade.

En todo caso eu quero alegrarme no nome do Grupo municipal Socialista por todos estes investimentos que fixo o equipo de Goberno, aínda que sen dúbida eu poderíalle sacar outro listado de cousas que están mal atendidas e vostede dime que si porque é certo. Polo tanto á súa lista eu poderíalle sacar outra que xustamente é o que non quixemos facer ó presentaren a moción porque esta moción achega cinco cuestións menores, de escaso investimento económico, que eran un exemplo dalgunhas cuestións e para facer unha chamada de atención. Digamos que era, con bo ton, facerlle unha pequena tiradiña de orellas ó Goberno municipal para lle dicir que se lle dea un pouquiño máis de atención ós barrios, cousa que non semella ningunha tolemia e máis ben é un deber desta oposición.

Cando lle digo isto eu podería falar de niveis de atención distintos en lugares do centro e en lugares dos barrios. Por exemplo, poderíamos falar de atención ós parques da Guía e da Riouxa que sen dúbida o outro día os estaban limpando pero que o nivel de atendimento non é nin comparable ó atendimento de plantar e replantar flores que aínda hoxe ás nove da mañá se estaba a facer na esquina da rúa Urzáiz coa rúa Lepanto. Por certo, dous metros máis aló estaba un paso de peóns que aínda segue sendo algo fantasmagórico porque para ver o paso de peóns que está na entrada da rúa Lepanto hai que dicir que tres o catro das liñas non están nin visibles.

Poderíamos falar de poñer un lavadoiro na moción, pois en Cabral hai vinte. Poderíamos falar do estado de Conservas Garavilla en Teis, da fonte do parque forestal de Saians que hai uns días tiveron que ir os veciños a limpar o manantial; podemos falar do parque dos Trovos na rúa Robleda en Teis, do seu estado de absoluto abandono; poderíamos falar de cuestións máis concretas no Seminario, no Freixo, de bancos pedidos en tantos sitios e non postos en Teis, en Cabral; de marquesiñas en Candeán que están nun estado porcallento, de cántos camiños quedan por pavimentar, de cantos novos parques infantís fixo este Goberno municipal, de cómo está o antigo lavadoiro de Villa Marujita na Salgueira. No Calvario cómo está a terraza da rúa Toledo que segue coas baldosas a punto de cair e que é un problema que se alonga durante décadas e que xa ven de varias Corporacións; da avenida de Europa ou da avenida Atlántida, as beirarrúas que hai coma están e as que non hai; no edificio Bandeira ¿é esa a forma de entrar en Vigo? do aeroporto... Vigo merece máis.

Sen dúbida estou sendo diametralmente oposto á súa intervención e posiblemente nunha mestura da súa e da que este Grupo municipal está a facer poderíamos atopar unha síntese, pero eu podería seguer con moitos exemplos.

O único que si queda claro é que esta Corporación segue colaborando co Goberno de Vigo e que o fai por exemplo neste Pleno cando catro das mocións que se presentan e que contan co apoio do Partido Popular son presentadas dende os tres Grupos da oposición e supoñen a atención de cuestións dos barrios: unha moción en San Xoán Poulo, outra en Castrelos, outra na Bouza Sur e outra na Praza da Independencia. A oposición aquí está colaborando tamén co bo goberno da cidade coma ten que ser e con carácter constructivo. Cando digo isto habería que cuestionar que vostede di que é esta oposición a que tenta crear unha opinión pública contra o Goberno municipal. A miña percepción é distinta, penso que as viguesas e os vigueses teñen conciencia de que os barrios non están tan atendidos coma o está o centro. En definitiva o que facemos e trasladar á opinión pública, sen dúbida subxectiva pero que pensamos que ten datos obxectivos, a realidade.

O convenio Vigo 2005 supón 9 millóns de euros, hai que dicir as cousas coma son e que é un investimento positivo para o centro da cidade. Pero sen dúbida isto alonxa o estado da situación dos distintos barrios co estado do centro e polo tanto en troques de supoñer esta réplica de vostede, co seu listado digamos que triunfalista das cousas e que para min podería ser un listado apocalíptico do mal que están as cousas, nós podemos facer unha valoración xeral e nela eu fágolle dúas preguntas á cidadanía de Vigo e a esta Corporación municipal: nótase co Partido Popular unha mellora apreciable no estado das parroquias de Vigo? O Grupo municipal socialista pensa que non.

E unha segunda pregunta: son as diferencias entre o centro e os barrios de Vigo maiores ou menores agora que hai dous anos? Cos investimentos feitos no centro pensamos que esas diferencias acrecentáronse e que a xente ten a percepción de que no centro, nun grupo de séis rúas, no contorno da Alameda e na rúa Urzáiz, fíxose un investimento positivo pero moi notable e que polo tanto hai que facer agora un esforzo en atender ós barrios. Penso que agora nesta dinámica podemos converxer en moitas cuestións.

Por certo son moitas as actuacións da Deputación pero moitas tamén son para o centro. Por exemplo, no convenio de maio deste ano o 45% do que a Deputación destina para esta cidade non vai cara ós barrios senón que vai directamente a investimentos en Velázquez Moreno e noutra rúa da cidade.

En definitiva, nós pensamos que esta cidade precisa un maior tratamento para os barrios, que sen dúbida que vostedes gastan moitos millóns de euros e que aínda cantos máis gasten, e os cidadáns saben que os barrios non están tan ben, non é senón un contra argumento para dicir que a súa xestión ten que mellorar porque se gastan tanto e os cidadáns non perciben esa mellora de diferencias entre os barrios e o centro, algo de razón poderá haber nesta moción que se propón ó Pleno.

Fronte ós discursos e fronte o maxinario colectivo que se tenta crear da idealidade na que está Vigo, do bo goberno que ten o Partido Popular cara a esta cidade, coidamos dende o Grupo municipal Socialista que fai falla un Goberno que se esforce máis e unha oposición que vai estar disposta a colaborar ata o último día para que este Goberno municipal dea a esta cidade o mellor goberno.

Nós non temos esta estereotipada de satisfacción. Modestamente o Grupo municipal Socialista recoméndalle o grupo municipal de Vigo do Partido Popular que tente se distanciar desa imaxe triunfalista de bo estado e de grande apreciación do goberno municipal porque os resultados electorais indican outra cousa. Eu penso que hai que tocar a rúa, hai que falar cos cidadáns e cando se fala con eles, fronte a tantos millóns e fronte a tanto triunfalismo poderemos atopar nos barrios de dentro da zona urbana de Vigo e nos de fóra desta zona, que hai moitas cousas que facer e que este Goberno sabe plantar e replantar flores no centro pero que ten moitos déficits e precisa mellorar na atencións ós barrios.

En todo caso, Sr. Figueroa, agradezo a súa intervención e o seu ton, dígollo sinceiramente. Con esa dinámica e dialéctica que é positiva entre a oposición e o goberno, coido que entre todos poderemos acadar que esta cidade co Goberno que está agora poida mellorar e que cando haxa outro Goberno tamén.

SR. FIGUEROA VILA: Primeiro e coma resume das conclusións, dicir que evidentemente esta cidade se pode mellorar, evidentemente que todo é mellorable e para iso estamos nesta Corporación e a quen lle toca gobernar tenta cada día mellorar as cousas.

A diferenza que vostede di que hai entre o centro e os barrios non é tal, pasa que hai unha cuestión clara: se un concentra un investimento en torno á Praza de Compostela ou ás rúas da nosa cidade loxicamente se vai visualizar máis, explicábao eu o outro día nos medios de comunicación, mesmo mediaticamente é moito máis vendible todo o que se fai no centro

porque os cidadáns pasean polo centro, nel hai moito máis número de habitantes, está máis concentrado e iso pasa en calquera cidade do mundo. Con respecto ós barrios vostedes xa saben que o deseño que teñen é de núcleos de poboación moi dispersos, hai unha cantidade de investimento en saneamento e abastecemento importante que hai que facer e iso moitas veces non se visualiza porque está debaixo da terra e é imposible percibir os investimentos que se poidan facer.

Todos coincidimos en que os barrios de Vigo precisan máis investimentos, para iso estamos aquí, para traballar. Tamén vostede di que hai un xeito de converxer e eu póño lle unha proposta enriba da mesa ó seu Grupo: sentámonos, miramos as necesidades dos barrios e pactamos un orzamento de investimentos para o ano 2006. A partir daí ese equilibrio entre o que vostede demanda que eu acéptolle que é real, máis o que nós facemos coido que chegaremos a un acordo perfecto en ben da nosa cidadanía.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Sr. Figueroa, acéptolle a invitación a co-gobernar esta cidade pero de momento vostedes están no goberno e nós na oposición. Moitas grazas.

(No momento da votación están ausente o Sr. López-Chaves Castro e Alcaldesa; preside o Pleno a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO: Con sete votos en contra dos señores e señoras Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Guerra Fernández, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete a favor dos señoras e señoras Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruíz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal socialista, Sr. Caballero Míguez, en defensa dunha política municipal de atención ós barrios de Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

30.- (252).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE VERBO DA NECESIDADE DE ESTABLECER CRITERIOS PARA A DOTACIÓN DE ESCULTURAS NOS ESPAZOS PÚBLICOS EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 24 de outubro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal socialista, Sr. Arias Moreira, presenta a seguinte moción:

"Nos últimos meses se ven observando un proceso de instalación de esculturas nos espazos públicos da cidade que ten producido uns resultados máis que cuestionables. Nalgúns dos casos, as esculturas proceden de doacións de grupos de cidadáns aceptadas sen maiores condicións, e en todos os casos sen excepción, sen que estean suficientemente acreditados os seus méritos estéticos e sobre todo a súa condición de referentes ou fitos urbanos.

O Grupo municipal socialista se ten amosado partidario dunha política seria dirixida a potenciar a escultura pública, por coidar que é esa unha vía importante para o embelecemento e o enriquecemento cultural da cidade (tal e como teñen acreditado moitas experiencias en España ou noutros países). Obviamente, tamén nos parece en principio óptimo que as pezas instaladas sexan doadas ou financiadas por individuos e grupos do sector privado, que en termos xerais sería algo a pular, pois ese afán de mecenazgo constitúe unha mostra de compromiso cívico.

Pero nada diso débese facer sen criterios claros e obxectivos, pois falamos dunha política que produce un notable resultado final: o de deixar a súa pegada na imaxe acabada da cidade. É por iso que non nos semella tolerable que a instalación de tal ou cal peza se deixe á decisión e ó gusto dunha persoa ou persoas sen particular preparación na materia.

Co fin de establecer un procedemento o máis obxectivo posible neste ámbito, que evite experiencias negativas coma as comentadas, o Grupo municipal Socialista propón o seguinte acordo:

Que se constitúa de inmediato un Comité de expertos que teña coma cometido básico o encargar pezas de escultura para lugares específicos da cidade, xunto coa de admitir ou non a súa doazón por parte de particulares.

Dito Comité estaría composto alomenos por seis membros e del formarían parte o director do Marco, o director do Museo de Castrelos e un experto designado pola Universidade de Vigo (Facultade de Belas Artes)".

A Comisión Informativa de Asuntos Sociais, en sesión ordinaria de 24 de outubro de 2005, quedou enterada do anterior escrito.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: Presento esta moción no nome do Grupo municipal Socialista sobre unha cuestión que non é para nada irrelevante, senón coido que pola contra é de bastante importancia porque afecta á ocupación do espazo público na cidade e ademais por obxectos que son bellos ou se pretenden bellos e que polo tanto impactan dun xeito significativo sobre algo que nos debe preocupar: a imaxe da cidade. Mesmo se pode dicir que as

esculturas nos espazos públicos tenden a crear fitos urbáns positiva ou negativamente, cousa que en definitiva ten moita importancia para a cidade. Falando dos casos positivos é verdade que nesta cidade hai esculturas ou grupos escultóricos que se constituíron en fitos moi importantes para esta cidade. Penso agora nas do escultor Leiro, ou nas magníficas de Silverio Rivas. Coido que é unha cuestión bastante relevante.

Esta moción preséntase nun momento, logo duns meses nos que vimos observando a colocación de diversas esculturas ou grupos escultóricos en espazos públicos da nosa cidade, nalgúns casos supoño que por iniciativa do equipo do Goberno e noutros debido a doazóns de beneméritos cidadáns, grupos de cidadáns ou asociacións que non temos dúbida ningunha de que etán feitas coa mellor vontade de contribuír ó embelecemento da cidade que é un magnífico fin.

En todo caso non se trata de discutir aquí de gustos porque para seguer cos latinaxos: "de gustibus non est disputando". Aquí non se trata de discutir de gustos, non se trata de dicir se son bonitas ou feas pero en todo caso o que si é verdade é que os resultados de toda esta proliferación, que coidamos un tanto descontrolada, son cando menos discutibles e en todo caso é algo que crea polémicas cidadáns o que ó mellor por outro lado tampouco está de todo mal.

En definitiva o que queremos é evitar que se continue por esta dinámica. Parécenos magnífico que a cidade se encha nos espazos públicos de esculturas de calidade pero coidamos que isto o hai que obxectivar na medida do posible. É verdade que estamos nun terreo complicado en termos de obxectivación pero cremos que o hai que facer na medida do posible e para iso hai unha vía moi sinxela que é a que se utiliza en moitas cidades, non se trata de descubrir ren, mesmo me consta que tamén en institucións desta cidade coma é a Universidade, que é buscar un asesoramento institucionalizado.

Debo dicir que cando se presentou isto na correspondente comisión houbo algunha intervención moi razoable en termos de que quizais o acordo que presentamos se poida interpretar dun xeito demasiado estricto. Para evitaren iso propoñemos un acordo lixeiramente modificado porque efectivamente quen toma as decisións e quen ten a lexitimidade para as tomar son os órganos desta Corporación á que nós temos a honra de pertencer.

O acordo que propoñemos ó Pleno é o seguinte: "Que se constitúa de inmediato un comité de expertos que teña coma cometido básico asesorar

sobre o encargo de pezas de escultura para lugares específicos da cidade, xunto co de asesorar a admisión ou non da súa doazón por parte de particulares. Dito comité estaría composto alomenos por seis membros e del formarían parte o Director do MARCO, o Director do Museo de Castrelos e un experto designado pola Universidade de Vigo, pola Facultade de Belas Artes".

Coidamos que esta é unha proposta de senso común, non maximanos que ninguén se poida opoñer a isto, pero se por cousas que nin siquera maxinamos isto non saíra, pedímoslle por favor, imploramos que non nos coloquen máis esculturiñas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Cambiouse a moción e unha cousa é pedir que se encarguen eses expertos, porque tamén saíron aquí as verbas "gustos", "polémica", "calidade", "asesorar".

É certo que estamos todos de acordo que o deseño do mobiliario, esculturas e mesmo edificios da cidade é algo problemático. Eu lembro cando se deseñou o edificio coñecido coma "a plancha" na Porta do Sol e que agora é un edificio art decó, pero daquela xurdira unha certa polémica, mesmo unha editorial dun xornal agora desaparecido, "El Pueblo Gallego", dicía que se colocaba un cuarto de baño no centro da cidade porque tiña mosaicos no fronte do edificio. Tamén cando se construíu o cuarteirón da Praza de América se dicía que era unha edificación pobre e agora é un exemplo de arquitectura urbana racionalista.

Por iso penso que nos podemos asesorar pero dende logo que o pulo e a decisión teñen que ser políticos pero con asesoramento, coma pasa por exemplo no Padroado de Castrelos onde hai asesoramento sobre a doazón dalgunhas pezas para o Museo Quiñones de León e pasa o mesmo no Museo MARCO onde hai asesoramente pero dende logo a decisión é do Padroado.

Estamos de acordo porque dende logo que o Goberno municipal quere embelecer a cidade, quere incorporar esas imaxes urbanas a zonas humanizadas que xa son un desfrute e moitas das esculturas non só van seren para o paseo senón que van ser integradas polos nosos veciños coma parte identificativa da nosa cidade. Penso mesmo na farola que voltou ó seu lugar, en cómo se integrou na nosa paixase urbana e como é parte agora da identidade da rúa Urzáiz. Por iso votaremos a favor desta moción.

(No momento da votación está ausente o Sr. Alonso Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal socialista, Sr. Arias Moreira, sobre establecer criterios para a dotación de esculturas nos espazos públicos da cidade, nos termos que figuran nos antecedentes deste acordo.

31.- (253).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O PECHE DA FARMACIA DE SAN PAIO DE NAVIA.

A presente moción tratouse xuntamente coa moción número 20 da orde do día, referente ó mesmo tema, figurando nese lugar da acta.

32.- (254).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A SUPRESIÓN DE VOOS EN PEINADOR.

ANTECEDENTES: Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de outubro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular presenta a seguinte moción:

"O aeroporto de Vigo experimenta un constante e progresivo crecemento no tráfico de pasaxeiros, pero de maneira sorpresiva, sen antecedentes, nin xustificación ningunha, Iberia acaba de anunciar que suprimirá 18 voos semanais dende o Aeroporto de Vigo a partir do mes de novembro.

Pola súa parte, os Orzamentos Xerais do Estado prevén un investimento de 8,8 millóns de euros en Peinador no 2006, un investimento claramente insuficiente para o aeroporto que máis medra en Galicia.

Resulta contradictorio que o aeroporto de Vigo, que acadará o millón de pasaxeiros este ano e no que se investirán máis de 8 millóns de euros o próximo se vexa afectado por unha redución de voos drástica coma a proposta por Iberia, cando outras compañías que operan en Peinador incrementan a súa oferta, do que se deduce claramente a súa rendabilidade.

Por todo iso o Grupo municipal popular presenta para o seu debate e aprobación ante o Pleno, o seguinte acordo:

1.- Requirir ó Ministerio de fomento e a AENA que tome en consideración as cifras de movemento de pasaxeiros, a súa permanente progresión, así como o crecemento da cidade de Vigo, da súa economía e da súa industria, co

gallo de manter as conversas necesarias con Iberia co fin de restablecer esta situación que prexudica notoriamente á cidade de Vigo.

2.- Instar á compañía Iberia a que rectifique dita decisión."

A Comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, na sesión ordinaria de 24 de outubro de 2005, quedou enterada do anterior escrito.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Hai pouco máis dun mes asistimos todos ó anuncio de IBERIA sobre a retirada de diversos voos na cidade de Vigo, acontecemento que causou grande inqueda na cidadanía e tamén no Goberno municipal.

Polo anterior coidamos conveniente presentarlle a este Pleno a seguinte moción que consta de dous puntos e que paso ler: "Un, requirir ó Ministerio de Fomento e a AENA para que tome en consideración as cifras de movemento de pasaxeiros e a súa permanente progresión, así coma o crecemento da cidade de Vigo, da súa economía e da súa industria, co gallo de manter as conversas necesarias con Iberia para restablecer esta situación que prexudica notoriamente á cidade de Vigo.

Dous, instar á compañía Iberia a que rectifique a devandita decisión".

Coidamos que aínda que Iberia manifestou que os criterios adoptados son puramente económicos, pode haber outras razóns xa que non houbo máis explicacións para o reconsiderar.

Pedimos por tanto que saia agora un acordo deste Pleno para que se reconsidere a retirada de numerosos voos na cidade Vigo e se manteñan conversas de cara a recuperar unha parte deles que non está claro que se vaian repoñer.

Hoxe aparece nos xornais que a propia Conselleira, Sra. Caride, vai manter unha reunión con Iberia e ó mellor non fai falla esta moción pero coidamos que canto máis rexeitamento haxa de toda a sociedade, vai ser mellor para a recuperación destes voos.

SR. SOTO FERREIRO: Eu vou apoiar esta moción, como non pode ser doutro xeito, pero déixenme facer tamén facer a reflexión de que, na miña opinión, dende o Goberno municipal non se fixeron todos os esforzos posibles.

A verdade é que o Goberno municipal ou non fixo todos os esforzos, ou non tivo todos os acertos precisos para que Peinador funcione dun xeito mellor e estou a falar fundamentalmente dos voos de baixo custo.

A Xunta de Galicia anterior deixou unha pesada herdanza neste tema. Eu non sei cantos anos teño que ir cara atrás para me mostrar de acordo con algo que publicamente dixera o Sr. Vázquez, Alcalde da Coruña, pero neste caso si me vou mostrar conforme con el cando di que é unha discriminación intolerable que se subvencionen voos de baixo custo en Lavacolla e que non se faga o mesmo con Alvedro e con Peinador; estou totalmente de acordo con el.

Terán que retomar esas negociacións, terán que chegaren ós acordos que sexan precisos, non poden deixar a Vigo fóra deses voos tan demandados e que teñen utilización importante a nivel internacional.

Insisto en que isto é unha paréntese, non quero que esta miña intervención en ningún sentido, nin o pretendo, teña un reflexo no resultado do debate porque eu apoio absolutamente a súa moción, pero non só hai que lles falar ós demais, senón que vostedes teñen que mirar cara adentro tamén e ver coma poden mellorar o traballo de Peinador.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Por suposto que imos aprobar a moción presentada polo Grupo municipal Popular e dicirlles que benvidos á presentación de mocións, aínda que coido que o Goberno non precisa dese recurso que lamentablemente case é o único que nos queda á oposición. En todo caso queredría facer algunhas consideracións que coido de interese.

A propia Concelleira, Sra. Molares, fai referencia a que hoxe mesmo a Conselleira de Política Territorial está reunida en Madrid co Presidente de Iberia coma onte se reuniu cun alto cargo de Air Nostrum que é unha filial de Iberia, para tentar de presionar na dirección de que se restituía e se amplía o número de voos para a nosa cidade.

A verdade é que o punto un queda moi coxo por parte do Grupo municipal do Goberno. Sobre as conversas necesarias con Iberia, coido que máis aló da carta que falaba de provocación e de castigo a Sra. Alcaldesa debería terse xa entrevistado co Presidente de Iberia. Neste caso non valen desculpas, nin facer referencia a que alguén nomeado polo Partido Socialista, ou a alguén que quere facer a cama política, ou non sei qué, iso non vale para nada. Todos sabemos quen é o Presidente de Iberia e de onde xurdiu a privatización do último goberno do Sr. Aznar, etc. Coidamos que aquí hai unha certa deixazón das obrigas da Alcaldesa da cidade.

Pero dito isto, porque estou convencido de que todos os esforzos da Conselleira, ó igual que do Presidente da Xunta, Deputados, Senadores etc. que estamos a facer para mellorar esta situación, fronte o victimismo que

amosamos en moitísimas ocasións e xa fixen algunha referencia a isto con motivo de Peinador, quixera poñer en valor algunhas cousas. Coido que se nos limitamos a poñer "a parir" ó noso Aeroporto, ó mellor o que acabe dominando nas empresas comerciais que teñen que poñer voos nel miren cara outro lado coma está a suceder por exemplo cos voos de baixo custo. Coido que non deberíamos de falar só do negativo do noso aeroporto.

Por exemplo, os voos diarios de luns a venres, os importantes. Os que temos nestes intres, coas dúas rebaixas se contamos Vigo-Madrid/Madrid-Vigo, este ano o total deses voos que son a Madrid, Barcelona, Bilbao, París e Valencia, imos ter 23 voos, 24 a partir de xaneiro co novo de Iberia a Barcelona, mentres que o inverno pasado tiñamos 16.

En canto ós voos semanais que son de menor periodicidade: un a Alicante, tres a Sevilla e un a Málaga e non me fagan referencia de que a Málaga ten que diminuír algo o número de voos respecto do verán porque é obvio que se viaxa moitísimo menos a Málaga no inverno que no verán, pero este ano temos 8 voos semanais a todos eses sitios directos dende Peinador; o inverno pasado non tiñamos ningún.

Quero dicir con isto que hai importantes avances. Hai que incrementar e aumentar pero non teríamos que ver exclusivamente o negativo.

Lembraremos que hai moi pouco liamos en xornais da nosa cidade que o Aeroporto da Coruña ía seren moitísimo mellor que o de Vigo porque ía ter 18 horas de operatividade. A realidade é que o Aeroporto que ten 18 horas de operatividade, 19 horas de horario en canto ó persoal de atención de Iberia é Vigo, Alvedro da Coruña non as ten, seguen coas 16 horas operativas.

A verdade é que se facemos unha comparanza entre Peinador e Alvedro, que é a que máis motiva cando se din certas cousas, Vigo gáñalle practicamente en todos os voos agás polo que se refire a unha cousa que, mesmo tratando de me informar, facían referencia a que debe haber algo familiar polo medio porque había algún dirixente da compañía Spanair que tiña que ver algo coa Coruña. No único no que nos gaña o Aeroporto da Coruña é no número de voos A Coruña-Madrid/Madrid-A Coruña da compañía Spanair. Teñen máis voos na Coruña con ese destino que Vigo e mesmo que ó aeroporto de Santiago.

Cando tentei informarme sobre iso estraneime polo número de viaxeiros que aumentou xa que todos sabemos que Vigo é o aeroporto de Galicia que crece de xeito máis rotundo e chamoume a atención a suba do número de paxaseiros dos voos da Coruña durante o mes de agosto ou setembro. Procurei enterarme dese tema e resulta que Spanair, que en concreto ten moitos voos coa

Coruña, está a regalar os seus billetes a prezos absolutamente tirados pero iso si, coa letriña ben pequena de que de se ter que facer calquera modificación pagarase o billete enteiro. Iso fixo que o número de voos da compañía Spanair que opera especialmente no aeroporto de Alvedro tivera esa anomalía respecto do crecemento co Aeroporto de Vigo.

Podería facer máis comparanzas, non quero entrar no tema dos orzamentos aínda que se alguén entra tamén entramos nese asunto, pero do que nos deberíamos preocupar sería de acadar os maiores beneficios para este Aeroporto de Peinador de Vigo, de colaborar e contribuir a todas as iniciativas que vaian nesa dirección e hai iniciativas moi interesantes mesmo algunha que pretende implicar á Fundación Provigo e ese debe ser o obxectivo real.

Eu estou absolutamente convencido de que estar votando pestes permanentemente contra o Aeroporto de Peinador ó final o único que fai é prexudicalo. Tamén creo nese dinamismo e crecemento de Vigo, nese enorme potencial que temos e crendo nel eu prefiro que as políticas de xestión aeroportuarias se fixen máis en razóns de mercado que nas políticas. Estou absolutamente convencido que polas razóns de mercado Vigo e Peinador vai ir cara enriba e vai seguir crescendo.

Un bo xeito de contribuír a acadar maior número de voos, á parte de iniciativas nas que me podería alongar, sería poñer en valor o noso Aeroporto. Non teremos que esperar tanto tempo se o día vinte e tantos deste mes, que de seguro imos ter o viaxeiro un millón no aeroporto de Peinador, este Concello en colaboración co aeroporto faga algo que realmente saliente este fito que é realmente moi importante. A predición do Plan Director era que iso se ía acadar no ano non sei canto, entón fagamos algo para poñer en valor este tema e que os obxectivos sexan mellorar o número de voos de todas as direccións e con todas as compañías.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Calviño, vostede manexa datos que son certos pero os datos sempre teñen distintas lecturas pero eu só lle vou facer unha: a Vigo dende o tratamento oficial non se lle daba ningún voo co estranxeiro e agora vexo que a compañía Air France comezou funcionar e agora hai varios voos. Iso mesmo pasará con Francfort e con Londres que son dúas asignaturas pendentes que a Vigo non se lle dan porque non peta porque hai mercado potencial para o facer e sei do que falo.

Indo ó aspecto nacional, ó que abrangue ó Estado español teño que dicir que non é que haxa mercado potencial para un voo á noite, é que había un

mercado real no voo de última hora que era importantísimo para o empresariado e os axentes sociais de distinto tipo e que se suprimiu dun xeito gratuíto.

¿Qué nos teñen manía ós vigueses? Eu niso non creo. Creo en taimadas operacións políticas nalgún momento determinado que inflúen para que un voo veña para aquí ou vaia para aló porque a Iberia, aínda dándolle beneficios ese voo de Vigo, o que non quería era poñer outro avión noutro voo da noite noutro lado porque ó mellor tiñan problema de aparatos e entón o problema non sería de voo rendible, é de lle quitar un aparato a Vigo para poñer esa hora noutro lado. Iso realmente na miña opinión é o que acaeceu e iso é totalmente inxusto; contra iso haise que erguer porque nos quitan algo que funciona de seu.

Eu non quero facer nin victimismo, nin catastrofismo, nin trapalladas polo estilo, pero se mañá Iberia di que quita o voo das 11,30 da mañá, ben, non é para dar chimpos de alegría pero non causaría un grave prexuízo. Retirar o voo da noite é un grave prexuízo para a economía viguesa en todos os sentidos porque para min quitar calquera deses dous voos, o da mañá cedo e o da noite, é o que máis dano lle pode facer a esta cidade.

Non podemos silenciar iso, non podemos dicir que tamén se melloraron outros. Non o digo despectivamente, sei que é certo, alégrome e todo iso está moi ben, pero non podemos renunciar de ningún xeito a reclamar algo que é substancialmente importante coma é por exemplo ese voo. Dende logo, dende o meu Grupo non pararemos ata que voltemos ter o voo da noite. Digo isto porque non hai intención do restaurar, nin agora nin logo, porque lles repito que segundo as miñas informacións é un problema de mandar a outro lugar os aparatos, de que Chaves manda máis ca outros e entón levan o voo aquí para alá.

Polo tanto hai un xogo de influencias a todos os niveis porque a rendibilidade neste caso non é a do voo, senón a de a quen se lle poñen os aparatos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Dicir que estou totalmente de acordo co que di dese voo, a explicación vai na dirección do que apunta o Sr. Soto, non sei o de Chaves nin esas cousas pero a explicación vai porque o avión chegaba ás 12,50 de Vigo e estaba paralizado nas pistas ata as 21,40 que era cando saía.

Coidamos que non se xustifica con esa argumentación, coidamos que é un voo absolutamente imprescindible para Vigo e nese sentido imos seguir traballando ata voltar acadalo.

SR. SOTO FERREIRO: Nin falaba de Chaves de Venezuela, nin do de Andalucía, era un exemplo de que pode ser un dirixente dalgunha parte.

SRA. MOLARES PÉREZ: Pretendo ser breve pero si debo intervir sobre todo para clarexar que en ningún caso, nin no texto da moción, nin nos acordos hai ningún tipo de victimismo, senón que coido que é necesario e conveniente e aínda que ó Sr. Calviño non lle pareza que o Grupo de Goberno deba utilizar a fórmula da moción, ou coide que esa é unha capacidade que só ten a oposición, eu penso que precisamente nós temos a capacidade de gobernar pero tamén a de participar no Pleno e sobre todo agora coa Lei de grandes cidades que esta participación é diferente.

É importante acadar todo o apoio da Corporación para que Iberia vexa que esta retirada de voos causa realmente un problema entre a cidadanía, porque aínda vostede manifesta que pode haber en Iberia criterios de rendabilidade tampouco deron explicación ningunha e realmente aí poderíamos facer unha valoración.

Nin este Goberno nin coido que ningún Corporativo, alomenos eu que son economista, o que queremos é que unha empresa privada utilice criterios sinxelamente políticos, senón criterios de rendabilidade porque senón nos prexudicaría a todos os cidadáns pero neste caso a decisión tomouse pero non se explicou se por parte de Iberia hai algún tipo de xustificación e si que se pediron esas explicacións. Nós non imos en contra do Aeroporto de Peinador de ningún xeito.

En canto á referencia que fai o Sr. Soto dos voos de baixo custo teño que dicir que A Coruña, malia o anunciar hai bastante tempo e traballar nese tema moito antes mesmo deste mandato, que eu saiba non pechou trato, houbo unha aposta clara das compañías por Santiago e ese non é un tema xa de administracións senón das propias compañías.

Sen embargo nós cos primeiros que negociamos foi cos propios responsables de AENA porque coidamos que o aeroporto de Peinador ten un grande crecemento, é fundamental para a cidade de Vigo pero tamén o é para AENA posto que está moi próximo ó aeroporto doutro país, ó aeroporto de Oporto e o Plan Estratéxico no aeroporto de Vigo é fundamental para a propia AENA e polo tanto tamén para os intereses de todos os españoles. Neste sentido a

moción nin ten victimismo, nin pretende crear localismos coa Coruña nin con Santiago.

A situación que hai é que hai tres aeroportos en Galicia e o único que queremos en Vigo é que diante dunha situación que coidamos inxusta, acadar o apoio de toda a Corporación.

Ese é o obxectivo. A moción é bastante concisa e así coma outras administracións coma a Xunta de Galicia a través do seu Presidente e da súa Conselleira manifestaron ese apoio a que a cidade de Vigo manteña eses voos, o único que pretende é acadar que desta Corporación municipal saia un acordo por unanimidade para que estes voos se recuperen ou alomenos que se reconsidere esa retirada masiva de voos.

(No momento da votación está ausente o Sr. Alonso Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular sobre a supresión de voos no aeroporto de Peinador, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS SOBRE A SUPRESIÓN DA LIÑA DE ALTA VELOCIDADE (TGV) ENTRE OPORTO E A FRONTEIRA ESPAÑOLA.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros do Concello de Vigo, reunida o día 4 de novembro de 2005, por unanimidade de todos os seus membros, acorda elevar ó Pleno para a súa aprobación a seguinte proposta

"Ante o anuncio do Goberno de Portugal de retrasar ou renunciar por razóns orzamentarias á construción da liña de Alta Velocidade (TGV) Oporto-Fronteira Española, a Xunta de Voceiros do Concello de Vigo, por unanimidade da totalidade dos grupos políticos municipais que a integran (PP, PSdeG-PSOE, BNG e PG) propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo... "

A seguir no escrito relaciónanse os puntos Primeiro ó Cuarto que se conteñen na parte dispostiva deste acordo.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: É un acordo da Xunta de Voceiros onde diante do anuncio do Goberno de Portugal de retrasar ou renunciar por razóns orzamentarias á construción da liña de alta velocidade Oporto-Fronteira española, tomamos unha serie de acordos.

O Sr. Figueroa Vila procede a ler o texto do acordo da Xunta de Voceiros que se transcribe nos antecedentes.

A PRESIDENCIA: Foi un acordo de todos os voceiros a quen agradezo a súa colaboración.

SR. TOBA GIRÓN: Nós estamos moi preocupados por este tema, Sra. Presidenta, pero coido que non só o noso Grupo, senón todos e todas.

O noso Grupo os últimos días non quixo facer declaracións sobre este asunto sendo conscientes de que se trata dun asunto importante xa non para Vigo, senón que para toda Galicia e nese sentido apreciamos positivamente as xestións realizadas polo Presidente do Goberno galego que seica non están rematadas pero en todo caso apreciámolas.

Botamos en falla, Sra. Alcaldesa, que non tomara vostede a iniciativa de convocar ó Consello Económico e Social de Vigo nun asunto de extremada importancia, coidamos que debeu tomar vostede esa iniciativa e tamén tomar a iniciativa, senón de convocar á Mancomunidade, xérmolo da Área Metropolitana, porque este é un tema importante para Galicia pero o é moito para a Área Metropolitana de Vigo. Botamos en falla que de non haber tempo non reunira vostede cando menos á Executiva da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo para que os primeiros pronunciamentos se produciran de inmediato co apoio de todas as institucións locais directamente afectadas e sobre todo naqueles centros de decisión en que directamente temos capacidade de influencia.

En todo caso e dende o noso punto de vista transmitímoslle que aínda está vostede a tempo de reunir ó Consello Económico e Social de Vigo, cando menos reunir á Comisión Executiva da Mancomunidade de Concellos de Vigo e nin siquera lle imos pedir un Pleno desa Mancomunidade que non se convoca dende hai demasiados meses, pero si lle solicitamos que se reúna vostede cos alcaldes da Mancomunidade de Vigo e se pronuncien nun sentido claro e definitivo a respecto desta cuestión.

Coidamos que son dous aspectos que quizais se lle pasaron por alto, que non os pensaron pero que son os elementos básicos dos sólidos acordos adoptados

nos anos pasados en relación coa alta velocidade en Vigo. Sería conveniente seguir mantendo esta dinámica de sólidos acordos, e mire que llo estou dicindo sen ningún tipo de recriminación.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Folga dicir que por suposto estamos absolutamente a prol de que dende o Concello de Vigo se tome a iniciativa para incidir no cambio dunha decisión que afecta gravemente ós intereses da nosa cidade e de Galicia e lembrar algo que se di nesta declaración conxunta. Vigo xunto con Porto son capitais e sedes permanentes dun ente que se chama Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular que reúne a 18 Concellos e Cámaras municipais da zona evidentemente máis afectada por esta decisión.

Polo tanto, retomando o protagonismo que lle corresponde por ese feito fundacional e polas relacións institucionais que dende este Concello se poden ter coa Cámara Municipal de Oporto, esperamos que haxa un pulo da xestión municipal, do labor do Goberno neste sentido reclamando efectivamente a implicación de alomenos estes dezoito concellos que forman parte deste ente e dende logo do Presidente da Cámara Municipal de Oporto, D. Rui Río, recentemente reelixido de para que as dúas cidades lideren un movemento municipalista que faga mela na decisión do Goberno portugués axudando a iniciativas comas ás que antes facía referencia o Sr. Toba do Presidente da Xunta etc.

SR. SOTO FERREIRO: En todo caso asumo ó cen por cen o comunicado que asinei no nome do meu Grupo pero tamén quero facer a reflexión xa en alto que fixen na Xunta de Voceiros.

Neste caso hai unha anunciada decisión negativa pola banda do Goberno portugués e houbo demasiadas indecisións, dúbidas, vacilacións por parte do anterior Goberno de España e tamén do Goberno actual. Iso crea un clima pero temos que trocar ese clima entre todos, é dicir, darlle a volta a ese clima creado pola desconfianza, falla de fe, de vontade dos Gobernos de España e de Portugal e se ós que máis nos afecta non somos quen de crear outro clima, iste vai que ser tan negativo coma o que é. Mesmo se veñen unhas declaracións moi positivas do Sr. Touriño cunha xestión para Galicia que cómpre alabar coa súa entrevista coa señora Ministra de Fomento.

Eu levei hoxe unha grande alegría cando vin esas declaracións, conféssoo, ó tempo que sentín mágoa non menos grande ó veren que entre tantas consecucións outra vez a conexión Cerdedo está absolutamente silenciada e

se é así é que non hai ningún compromiso. Os non compromisos en serio e ata as últimas consecuencias dun e doutro Goberno estanse a ver moi claramente. Espero que os irmáns portugueses non entendan en ningún sentido isto coma unha inxerencia nos seus asuntos porque eses asuntos son de todos e, na opinión do Partido Galeguista, tan criticable pode ser algunha acción do Goberno portugués coma do Goberno español anterior e actual. Esperemos que ambos se poñan ó pé dos tempos e das demandas que os demais saibamos facerlles.

Por último mostrar o meu absoluto acordo e disposición a que se fagan outras cousas en paralelo. Eu teño na cabeza facer se é posible algo coma un traballo documentado en colaboración co Norte de Portugal, é un tema que levo pensando dende hai moito tempo.

A PRESIDENCIA: Informar que non só coma Alcaldesa, senón tamén coma Senadora, trasladei a preocupación tanto ó Goberno central coma ó propio Presidente da Xunta, Presidente do Eixo Atlántico e Alcalde de Santiago, a preocupación que temos na cidade de Vigo.

Estou de acordo en que sería bo tamén non só o pronunciamento neste Pleno, senón tamén na Mancomunidade e no Consello Económico e Social.

(No momento da votación están ausentes os señores Alonso Vázquez e Fernández Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Ratificar a idea de que a infraestrutura ferroviaria mencionada estrutura e vertebra a totalidade da fachada atlántica peninsular implicando isto a potenciación económica e industrial da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal e o achegamento de ambos ámbitos de desenvolvemento.

Segundo.- Demandar do goberno portugués o cumprimento dos compromisos acadados nas cumbres ibéricas de Figueira da Foz e Santiago de Compostela nos anos 2003 e 2004 co obxecto de que reconsidere e revise a decisión adoptada.

Terceiro.- Instar da totalidade dos Concellos que integran o ente e a Eurorrexión do Eixo Atlántico a adopción de pronunciamentos que apoiem o mantemento da infraestrutura, entendendo que os fluxos económicos e

sociais que provocará reducirán calquera posible déficit do esforzo investidor.

Cuarto.- Qure se contemple dentro deses acordos, o compromiso inequívoco de que se constrúa a variante Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Carballiño-Ourense (obra importantísima para Galiza e o Norte de Portugal), en troco da traza prevista anteriormente pola beira do Miño, de xeito que as obras desta nova alternativa rematen ó mesmo tempo que as do resto de Galiza.

33.- (255).-ROGOS E PREGUNTAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de outubro, o voceiro do Grupo municipal do PG formula o seguinte rogo:

“Nos últimos tempos escóitanse voces despectivas cara á regata Volvo Ocean Race que non comprendemos, pois se ben ese evento non é unha panacea para Vigo, si é un evento de primeirísima liña mundial, que sairá na práctica totalidade dos noticieiros de todo o mundo, polo que cómpre darlle o respecto e as atencións que merece. Polo ben de Vigo que é o ben de todas e todos nós.

Tamén se teñen sentido algunhas voces sobre posibles manifestacións para defender distintos problemas aproveitando a Volvo, posicións ben respectables, se compartan ou non, pero o primeiro respecto de todos debe ser para defender a Vigo no sentido máis estenso e sería un pecado grave contra Vigo prexudicar un evento que porá a Vigo no primeiro plano mundial.

Á vista do dito, prégolle, señora Alcaldesa, que faga un bando animando ás viguesas e ós vigueses a que acompañen todos os actos da Volvo Ocean Race que poidan e sobre todo para que estean na hora da saída da regata, para podermos ofrecer unha imaxe positiva da nosa cidade diante do resto do mundo.

Un bando que tamén debe ser dirixido a todas as empresas e institucións vigueses para que, na pedida do posible, lle dean facilidades ós seus traballadores e estudantes de xeito que poidan asistir á amentada regata.

En resumo: fagamos da Volvo un acto de todos e todas.”

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Hai un rogo que lle fixen á Sra. Alcaldesa que xa se respostoi. Agradezo a prontitude, estou encantado de que teña preparados os actos da Volvo Ocean Race porque era polo que eu estaba interesado. Moitas gracias.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e quince minutos, da que se redacta a presente

acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.